34 outubre novembre decembre 1971

GRIAL



RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ: Nova ollada aos Cancioneiros.

ROMAN JAKOBSON: Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Códax.

MICAELA MISIEGO: As orixens vikingas do Príncipe Hamlet.

J. FERREIRO ALEMPARTE: Vinculación literaria de dos escritores gallegos en castellano.

CARLOS DURÁN: O pensamento lateral do doutor E. de Bono.

ARTHUR RIMBAUD: Unha tempada no inferno.

D. GARCÍA-SABELL: Carta a Álvaro Cunqueiro.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 34 — OUTUBRE, NOVEMBRE, DECEMBRE 1971

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Nova ollada aos Cancioneiros, por RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ 385

Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Códax, por ROMAN JAKOBSON 392

As orixens vikingas do Príncipe Hamlet, por MICAELA MISIEGO 399

Vinculación literaria de dos escritores gallegos en castellano: doña Emilia Pardo Bazán y don Ramón del Valle-Inclán, por JAIME FERREIRO ALEMPARTE 410

O pensamento lateral do Doutor E. de Bono, por CARLOS DURÁN 430

ESCOLMA

Unha tempada no inferno, por Arthur Rimbaud, trad. de XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ 453

Poema en cinco lembranzas pra Rosalía, por LUZ POZO GARZA 470

PENEIRA DOS DÍAS

Carta a Álvaro Cunqueiro, por D. GARCÍA-SABELL 474

O galego Pero Díez, um dos primeiros europeus que descreveram o Japão, por CARLOS FRANCISCO MOURA ... 481

Lendo as "Prosas galegas" de Cuevillas, por M.ª XOSÉ FERNÁNDEZ JIMÉNEZ 486

Dúas historias do alén encol da Santa Compaña, por FRANCISCO DE RAMÓN BALLESTEROS 493

LIBROS, por *R. Piñeiro, R. C. C., Basilio Losada, Xosé M. Beiras e X. L. Franco Grande* 497

O REGO DA CULTURA

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

NOVA OLLADA AOS CANCIONEIROS

> "Embora ainda existam, entre os estudiosos da literatura dos diferentes países, línguas, opiniões e gerações, aquêles que reputam uma análise estructural dos versos como uma intrusão criminosa da lingüística numa zona proibida, existem também lingüistas de diferentes observâncias que excluem de antemão a linguagem poética do círculo de temos que interessam à lingüística. É que é próprio dos de temas que interessam à lingüística. É que é próprio dos trogloditas continuar sendo trogloditas."
>
> Jakobson, Roman, "A construção gramatical do poema W i r s i n d s i e ("Nós somos êle") de B. Brecht" en *Lingüística. Poética. Cinema* do mesmo autor.

Estóu a velo, pequeno, rexo, esguellante a bulir e berrar detrás da longa mesa dunha aula-auditorio da Universidade do Texas en Austin. Foi en Santos de 1970 e Román Jakobson viñera a falar invitado pola Escola de Lingüística e polo Departamento de Linguas Eslavas. A sala estaba acugulada até o ponto de que moitos estudantes agardaban sentados no chan unha hora antes do comezo da conferencia. O seu acento era ao mesmo tempo ferinte e agresivo con tanto ruso e alemán como había por baixo, e acelmoso e aceso polo costume de falar á mocidade. Tiña entón 74 anos. Falaba dos grandes poetas futuristas rusos de comezos de século, seus amigos, da poesía de Brecht ou de Pessoa, da lírica latina medieval ou do Dante (nas miñas notas: soneto "Se vedi li occhi miei") todo elo alumeado pola súa aguda teoría dentro do campo estructuralista. De facto *he was there* en todos os casos coa mesma seguridade e crara estimativa estética. Dos diagramas pasaba ás leituras ou recitacións exemplificadoras, da anécdota siñificativa ao profundo análisis das correntes lingüísticas nas que fatalmente según ele, tense de encadrar o esperimento poético. O Jakobson tiña aos seus ouvintes na palma da man. Tenro cando lembraba aos seus amigos da revolución formalista, aos membros do primeiro *kreis* (círculo) de Moscou alá

no outono de 1914, apaixoado somentes cando sostiña a interdependencia de lingua e poesía *par dela Saussure* ("A poesía é lingua en función estética"), cuase teatral cando recalcaba con inmediato aplauso do público aquel lema-manifesto de Brecht: *Ego poeta Germanus, supra grammaticos sto* en defensa "da peculiaridade das leis gramaticáis que regen os seus versos". No coloquio que segue á súa esgrevia leición o mestre de Praga, Copenhague, Nova York e Harvard amósase humilde e tolerante. Por veces chega a indagar de mozos profesores e estudantes se poden axudarlle coas súas leituras recentes na xustificación das súas teorías. Outras accede gostoso a recitar de novo un poema ruso ou checo para que un estudante acade mellor as sutilidades métricas que lle foron atribuídas na conferencia. O coloquio segue en roda do mestre por tempo que non acaba. Pola noite no inevitábel *party* a conversa vai pra máis alá da meia noite. E é alí onde fala, como tendo redescoberto as súas ideias, da poesía galego-portuguesa medieval, e do paralelismo, e das retóricas dos cancioneiros e do "Gai savoir"...

Roman Jakobson comeza os seus estudos en Moscou, no Instituto de Linguas Orientáis na segunda década deste século e moi mozo aínda escreve a súa famosa carta ao grande poeta futurista Khliébnikov "visionário em cuja formaçao se misturam conhecimentos de línguas eslavas e orientais, de matemática e ornitología, com intuições místicas, numerológicas, mágicas, enfim o oposto de uma personagem aceitável para o decorum universitário e acadêmico" (Haroldo de Campos, O Poeta da Lingüística, inc. en: Roman Jakobson, *Lingüística. Poética. Cinema,* Sao Paulo, Ed. Perspectiva, 1970, p. 185). Nesta carta indáganse as ideias do poeta encol da relación antre son e siñificado. Este mesmo ano, 1914, Jakobson asina co seudónimo Aliagrov poemas *zaum* (trasmentaes) editados por Krutchônikh o máis radical dos poetas esperimentalistas nese tipo de creación puramente sonora que tería que ser posta a carón dos xogos dadaistas. As preocupacións de Jakobson na carta e nos poemas planteían problemas que entrevistos por Saussure non chegarían a coñecerse até 1964. E están hoxe aínda vivos na poesía concreta de tipo fonético. En 1915 funda con outros estudantes de lingüística o primeiro 'círculo', o de Moscou, centro lingüístico que máis tarde vaise a constituir en Praga, Copenhague e Nova York. O seu nome figura tamén antre os fundadores da 'Sociedade para o Estudo da Lingua Poética' ou OPOIAZ (1916-1917), que representa o formalismo ruso. A estes dous centros refírese en 1965 con estas palabras:

"É precisamente o encontro dos analistas da arte poética e dos mestres desa arte que pon a prova a investigación e a enriquece, e non foi por acaso que o Círculo Lingüístico de Moscou contaba antre os seus membros a poetas como Maiakóbski, Pasternak, Mandelshtam e Assiéiev. Da crónica do Círculo de Moscou e da OPOIAZ, os debates máis calurosos e suxestivos son aqueles que se referen ás relacións antre as propiedades puramente lingüísticas da poesía e seus caracteres que trascenden aos límites da lingua e participan da semiología da arte."

(Do Prefacio de R. J. a *Théorie de la littérature: textes de formalistes russes réunis, présentés et traduits* par T. Todorov. París, Seuil, 1965.

En 1921 publica en Praga un dos seus libros máis reveladores: *A novísima poesía rusa-Esbozo primeiro*. O problema agora é o da comprensibilidade dos feitos lingüísticos do pasado e da lingua diaria da conversa. Os versos de Puchkin —asegura— son menos comprensiveis que os de Kliébnikov e Maiakóvski (os dous poetas máis censurados polos seus agudos esperimentalismos que, según a crítica oficial, os torna difíceis). O feito da lingua poética actual é atinxido —engade— en tres grados que corresponderían a: a) tradición poética, b) lingua práctica da actualidade e c) a tendencia poética amostrada naquel *feito* especial. Esta *tendencia poética* foi caracterizada por Khliébnikov nestas palabras:

"Cando me decatéi de que as vellas liñas de súpeto palidecían e o futuro oculto nelas se transformaba no día de hoxe, comprendín que a patria da creación está situada no futuro. É dele que sopra o vento dos deuses da palabra."

Os tres intres, non embargante, no caso dos poetas do pasado son de reconstitución máis difícil. Puchkin é craro e límpido somentes pola repetición que os antoloxistas fan de certos trechos consagrados. Esta craridade é ficticia e didáctica

"A forma existe para nós en canto nos é difícil atinxi-la, encanto a resistencia do material é sentida... en canto nos doen as faceiras como lle doían —asegún o testemuño do Puchkin— ao general Iermelóv cando lía os versos de Griboiedov."

En 1928 Jakobson redacta unha comunicación que asinan con ele Kartzébsky e Trubetzkoy para o I Congreso Interna-

cional de Lingüistas da Haia onde a súa ideia do fonema está xa patente. Máis tarde, nas nomeadas *Tesis de* 1929 do Círculo de Praga ao que pertencía dende a súa fundación por Mathesius en 1926, redactadas en parte por Jakobson, concretamente na terceira: Problemas de Investigación encol das Linguas de Funcións Diversas, parágrafo c) *Sobre a Lingua Poética* insiste:

> A lingua poética ten sido por moito tempo un dominio esquecido da lingüística. Fai moi pouco que os problemas fundamentaes estúdanse intensamente... É preciso elaborar *principios de descripción sincrónica da lingua poética,* pra evita-lo erro cometido decote, de identifica-la lingua da poesía ca de comunicación. A lingua poética ten, sincrónicamente, a forma da parole, é decir dun acto creador individual, que atinge o seu valor por unha parte no fundo da tradición poética actual (lingua poética) e por outra no da lingua comunicativa contemporánea. As relacións recíprocas da lingua poética con estes dous sistemas lingüísticos son moi complexos e variados e poden examinarse diacrónica e sincrónicamente. Unha propiedade específica da lingua poética é a de acentuar un elemento de conflicto e de deformación de diferentes características, tendencias e grados. (*Travaux du Cercle Linguistique de Prague. I. Mélanges Linguistiques dédiés au Premier Congrès des Philologues Slaves.* Prague, 1929).

Nesta mesma tesis establece Jakobson unha xerarquía perticular de valores que caracterizan a lingua do verso: ritmo, paralelismo (téñase en conta este valor), vocabulario e sintasis; máis adiante no parágrafo 5 di: "O índice organizador da poesía é a intención dirixida sobre a espresión verbal".

Cando os nazis ocupan Checoeslovaquia comeza a súa pelerinaxe o Jakobson polas Universidades de Copenhague, Oslo, Upsala, Nova York, Harvard e Massachussetts Institute of Technology (MIT). O contacto con Leví-Strauss nos EE. UU. é importante, pois éste incorpora á súa obra elementos da lingüística jakobsoniana na súa Antropología Estructural.

Sería totalmente imposible dar unha ideia, por modesta que fora, das doctrinas do Jakobson e da súa definitiva trascendencia na historia contemporánea da lingüística. Poden verse a este respeito o maxistral resumen de J. Mattoso Câmara Jr., *Roman Jakobson e a Lingüística,* inc. en: R. J. *Lingüística...* antes citada e para o desenrolo posterior das súas ideias

as craras e intelixentes páxinas de Carlos P. Otero no número 5 desta mesma revista (Xulio-Agosto-Setembre, 1964) tituladas *Mínima Introducción a la Lingüística*. Baste decir a este último respeito que a novísima gramática transformacional aplicada á descripción da lingua debe moito ás teorías do J. encol dos trazos fónicos dun sistema como caracterizadores dos seus fonemas; e que o Morris Halle, un dos colaboradores de Chomsky en fonología transformacional é asistente do J. en MIT e con ele ten asinado libros como *Fundamentals of Language* (Haya, 1956; tr. ao esp. s.d. Ed. Ciencia Nueva). Neste último libro inclúese un dos estudos máis productivos na esfera da lingua literaria do J.; *Two aspects of Language and Two Types of Aphasic Disturbances*. Como consecuencias da afasia encontra J. os que chama trastornos de *contigüidade* e de *similaridade* correspondendo a operacións de *combinación* e *substitución*. A primeira produciría espresións *metonímicas*, no senso máis xeral, e a segunda *metáforas*. Resulta paradoxal que críticos desta ousada doctrina do J., como Morpurgo-Tagliabue ("La stilistica di Aristotele e lo strutturalismo", *Lingua e Stile* Ano II, 1967, 1, pp. 1-18) ao tempo que recoñece difícil o deslinde *metáfora-metonimia* encóntralle ao J. un ilustre precedente en Aristóteles ("Aristotele conosceva dunque benissimo i due principi, della c o m b i n a z i o n e e della s o s t i t u z i o n e, e li usava metodicamente, anche senza esibirli metodologicamente", p. 8). O propio J. adiantóu nesa dirección estendéndoa até o campo da poesía no seu ensaio recopilación "Closing Statements: Linguistics and Poetics" inc. en T.A. Sebeoc, *Style and Language*, N. York, 1960 onde afirma que "A función poética projecta o principio de equivalencia do eixo da seleción (ou substitución) ao da combinación" (p. 358).

Un derradeiro ponto me interesa salientar por estar en directa relación ca estructura da nosa lírica medieval, motivo do ensaio do J. que segue a esta pequena introducción. Refíro-me ao paralelismo e a súa función dual lingüístico-poética. Lembremos que xa na Tesis 3c, 2 de Praga redactada persoalmente polo J. establécese unha particular xerarquía de valores como característicos da lingua do verso, e neste orden: ritmo, paralelismo, vocabulario e sintasis. O ritmo, rima, aliteración, etc., producen o paralelismo das estructuras fónicas, un dos máis eficaces meios de actualizar os diferentes planos lingüísticos. Unha confrontación artística daquelas estructuras recíprocamente semellantes fai que as concordancias e diferencias de estructuras sintácticas, morfolóxicas e semánticas se amosen de xeito craro e destacado. E continúa o texto da tesis:

A rima mesma non é un feito abstractamente fonolóxico senón que revela unha estructura morfolóxica; cando se aliñan dous morfemas semellantes (rima gramatical) é cando, polo contrario, se afasta esta xustaposición. A rima está tamén estreitamente xunguida á sintaxis e ao léxico. As estructuras sintácticas e rítmicas relaciónanse estreitamente, tanto cando os seus límites concordan ou cando non concordan (enjambement)... e atópanse acentuadas no verso non só polos patróns, senón tamén polas desviacións rítmico-semánticas. *As figuras rítmico-semánticas teñen unha entonación característica, cuia repetición constitúe o ' e l a n ' melódico que deforma a entonación costumeira da lingua, e que ao mesmo tempo descobre o valor autónomo das estructuras melódicas e sintácticas do verso.* (O soliñado e noso).

En 1961 volta o J. a ocuparse do paralelismo no seu libro: *Poesía da gramática e gramática da poesía,* publicado primeiro en Varsovia e agora traducido ao inglés e ao portugués no seu libro citado: *Lingüística, Poética. Cinema.* Pode decirse que o traballo sobre a cantiga quinta de Martín Codax que hoxe se reproduce nesta revista é unha das moitas amostras dunha crítica rigurosa derivada especialmente das ideias do J. encol do paralelismo. E non pode ser máis ademirável que esa técnica tan maxistralmente estudada hai máis de catro décadas polo grande filólogo portugués Rodrigues Lapa dende a súa posición histórico-cultural como básica para as origens da lírica dos Cancioneiros veña a confirmarse na súa esencialidade poética nos traballos de Román Jakobson.

Tiven a grande honra de compartir na primeira metade deste ano de 1971 o meu despacho de Batts Hall con Haroldo de Campos que como profesor estraordinario leicionaba por segunda ves no departamento de Español e Portugués da Universidade do Texas en Austin. (Hai un *Canto* do Ezra Pound, o XX, en que o vello Levy esclama ao ler uns versos do poeta provenzal Arnaldo Daniel: "Noigandres, eh, *noigandres*-Now what the DEFFIL can that mean!". No ano 1952 Haroldo de Campos co seu irmán Augusto e Décio Pignatari fundan en Sao Paulo o grupo e a revista *Noigandres.* Así nacéu a poesía concreta, un dos máis arriscados esperimentos poéticos dos derradeiros vinte anos. Por ahí andan nas follas das historias literarias informacións máis ou menos esaitas e interpretacións xustas ou confusas encol do movimento que hoxe acada

espansión internacional. Con decir que a poesía concreta por exemplo proven direitiña do *letrismo*, dise ben pouco e ese pouco, como no corito, non presta. As preocupacións dos variadísimos poetas ou artistas *concretos* teñen —se de precedentes se fala— raigañas máis vellas e de máis complexa natureza. A carta do Jakobson ao Kliébnikov, a valoración dos sons por sí mesmos, James Joyce, Apollinaire, Cummings, o futurismo e Dada, as esculturas móviles de Calder, ...e as deliciosas lendas bordeando os contornos dos anxos e de Cristo na obra de Rábano Mauro do século IX non poden reducirse a *letrismo*. A bibliografía encol do arte concreto é hoxe abundante e moi recomendable o número especial da revista *Artes Hispánicas-Hispanic Arts*, nums. 3 e 4, Inverno e Primavera de 1968, Indiana University Press).

Como eses distintos poetas profesores —Salinas, Guillén, G. de Diego—, o Haroldo de Campos é un raro caso de agudísima sensibilidade e constante creación poética por un lado e unha actividade crítica e riqueza informativa realmente "espantosa" polo outro. Chegaba sorrinte cos seus grandes bolsóns de libros e xerocopias e daba aulas como un confesor, un a un aos seus alumnos. Formado nas mellores escolas europeas e americanas —Stugart, Cambridge, Harvard, Sao Paulo..., intelixentísimo políglota e traductor, ensaista e filólogo, teño daqueles tempos unha das grandes lembranzas da miña longa vida universitaria.

Algún día voltaréi a falar de este home, novo aínda, cando o vagar e a reflesión me permitan facelo. Abonde neste intre lembrar que a ele e á esgrevia Editora Perspectiva de Sao Paulo (Av. Brigadeiro Luis Antonio, 3.025) se debe a autorización escrita para reproducir eiquí o memorable ensaio do Jakobson incluído nas páxinas 119 a 126 do volume 22 da Coleçao Debates, *Lingüística. Poética. Cinema* do mesmo autor; o resto do contido do libro é: 1. R. J. A lingüística em suas relações com outras ciências. 2. Poesía da gramática e gramática da poesía. 3. Configuraçao verbal subliminar em poesía. 4. Os oxímoros dialéticos de Fernando Pessoa. 5. O ensaio que se reproduce. 6. A construção gramatical do poema "Wir sind sie" (Nós somos êle) de B. Brecht. 7. Decadência do cinema. E sobre R. J.: Mattoso Câmara, J. Román Jakobson e a Lingüística. Schnaiderman, Boris, Uma visão dialética e radical da literatura. Campos, Haroldo de, O poeta da lingüística e Notas à margem de uma análise de Pessoa.

RAMÓN MARTINEZ LÓPEZ
Santiago

CARTA A HAROLDO DE CAMPOS SOBRE A TEXTURA POÉTICA DE MARTIN CODAX

Foi Luciana Stegagno Picchio quem, com seu indefectível gôsto literário, chamou a minha atenção para as fascinantes Cantigas do trovador galego-português. A monografia fundamental de Celso Ferreira da Cunha, O Cancioneiro de Martin Codax (*Rio de Janeiro* 1956), *e uma instrutiva conversa com Francis Rogers ajudaram-me a penetrar essas magníficas criações de uma época excepcional na história da arte verbal européia.*

Admirador que sou da suprema acuidade para os mais íntimos elos entre som e sentido, uma acuidade que fundamenta e sustém os seus ousados experimentos poéticos e estimulantes descobertas e que inspira as suas extraordinárias transposições dos poemas aparentemente intraduzíveis das mais diversas línguas, gostaria de compartilhar com Você minhas rápidas observações sôbre um raro espécime das jóias verbais do século XIII, a quinta das sete Cantigas d'amigo de Martin Codax.

Quantas sabedes amar amigo
treydes comig' a lo mar de Vigo
e banhar nos emos nas ondas.

Quantas sabedes amar amado
treydes comig' a lo mar levado
e banhar nos emos nas ondas.

Treydes comig' a lo mar de Vigo
e veeremo' lo meu amigo
e banhar nos emos nas ondas.

Treydes comig' a lo mar levado
e veeremo' lo meu amado
e banhar nos emos nas ondas *.

Cada uma das quatro estrofes contém 1) *um dístico composto de dois decassílabos rimados e* 2) *um refrão não rimado*

* *N. do T.*: Para propiciar a compreensão do poema por parte do leitor estrangeiro, acrescentou-se ao texto inglês dêste trabalho a tradução fran-

de nove sílabas (ou, na nomenclatura portuguêsa corrente, que não conta a sílaba final átona, 1) *eneassílabos graves e* 2) *octossílabo grave). O refrão e um verso de cada dístico apresentam imagens marinhas, enquanto que o outro verso dos dísticos trata de um motivo amoroso. A cesura divide os versos amorosos em dois cólons iguais* (5 + 5), *e. g.* Quantas sabedes / amar amigo, *ao passo que os cólons dos versos marinhos são assimétricos:* (4+6) *nos dísticos* —Treydes comig' / a lo mar de Vigo— *e* (6 + 3) *no refrão* —e banhar nos emos / nas ondas.

A montagem dos componentes repetitivos móveis introduz um critério diferente para a divisão dos versos rimados: cada um consiste em dois segmentos —o primeiro de sete sílabas, chamado "tema" [stem], *e o segundo de três sílabas, denominado "coda".*

Cada verso rimado contém quatro tempos fortes [downbeats], *que caem na primeira, quarta, sétima e nona sílabas:* Quantas sabedes amar amado. *Assim, a penúltima sílaba da coda e a sílaba final do tema são sempre acentuadas. Os três tempos fortes do tema são separados um do outro por seqüências dissilábicas de tempos fracos* [upbeats]. *A invariante estrutural dos cólons, nos versos dos dísticos, é constituída por seu par de tempos fortes, enquanto que a divisão dêsses mesmos versos em temas e codas é assinalada pela diferença entre as duas seqüências dissilábicas internas de tempos fracos do tema e os dois tempos fracos monossilábicos externos da coda.*

Quanto ao refrão, o padrão [pattern] *acentual de seu primeiro cólon, hexassilábico, reproduz o último cólon, igualmente hexassilábico, do verso marinho antecedente:* a lo mar de Vigo / e banhar nos emos. *Todo o refrão é construído sôbre*

---

cesa de François Dehoucke, que, segundo refere Jakobson, "segue de perto o texto original":

Vous toutes qui savez aimer un ami,
venez avec moi à la mer de Vigo
et nous nous baignerons dans les flots.

Vous toutes qui savez aimer un aimé,
venez avec moi à la mer agitée
et nous nous baignerons dans les flots.

Venez avec moi à la mer de Vigo,
et nous verrons mon ami,
et nous nous baignerons dans les flots.

Venez avec moi à la mer agitée,
et nous verrons mon aimé,
et nous nous baignerons dans les flots.

Chansons d'ami traduites du portugais (Bruxelas 1945), p. 79.

uma alternância regular de quatro tempos fracos —dois dissilábicos e dois monossilábicos—, separados um do outro por três tempos fortes.

A composição das codas divide as estrofes da Cantiga em duas ÍMPARES *e duas* PARES. *Em cada um dêsses dois grupos de duas estrofes as codas são idênticas, ao passo que as estrofes pares e ímpares apresentam dois diferentes pares de palavras na rima. Em cada um dêstes dois pares uma palavra é amorosa e a outra pertence ao motivo marinho. Assim,* amigo *rima com* de Vigo *nas estrofes ímpares,* e amado *com* levado *nas pares. Na seqüência fonêmica terminal VCVCV das codas só o segundo par de V(ogal) e C(onsoante) diferencia essas duas rimas, enquanto que o resto da seqüência permanece invariável:* am...o — ev...o.

As duas estrofes ANTERIORES *(I. e II.) da Cantiga diferem das duas estrofes* POSTERIORES *(III. e IV.) tanto pela composição de seus temas como pela ordem de temas e codas. O tema que em cada dístico porta a imagem marinha é invariável através das quatro estrofes* (treydes comig' a lo mar), *ao passo que o outro, de motivo amoroso, permanece inalterável em cada par de dísticos mas distingue as estrofes anteriores (I., II.* Quantas sabedes amar) *das posteriores (III., IV.* e veeremo' lo meu). *Nas estrofes anteriores o tema variável precede o tema marinho invariante, enquanto que nas estrofes posteriores a ordem dos dois temas e, correspondentemente, a ordem das duas codas que rimam encontram-se invertidas. Assim, o tema invariante é seguido nas estrofes posteriores pelas mesmas codas que nas anteriores. Em contraposição à prótase amorosa subordinada* (Quantas) *e à apódose marinha dos dísticos anteriores, nos dísticos posteriores a prótase marinha é seguida por uma apódose amorosa coordenada* (e), *ou, em relação ao refrão constante, o motivo amoroso aparece envolvido pelas metáforas marinhas *, de forma que ambas as idéias se fundem.*

Os finais dos temas riman nos dísticos anteriores (amar — a lo *mar e compartilham uma seqüência comum de três fonemas nos dísticos posteriores* (a *lo* mar — *lo* meu). *Assim, versos de motivos dissimilares (marinho* vs. *amoroso) ligam-se fônicamente não só por suas codas mas também por seus temas. Por outro lado, as unidades vocabulares iniciais dos dois cólons hexassilábicos invariantes, de motivo marinho, nas quatro estrofes riman entre si:* a lo mar — e banhar.

Além disso, nas estrofes ímpares a penúltima palavra do

---

* *N. do T.:* Sôbre a referência, nas "metáforas marinhas", aos *banhos de amor* medievais, que remontam à tradição pagã dos banhos públicos de Roma, v. Celso Cunha, *ob. cit.*, Glossário, s. v. *banhar.*

tema invariante (a segunda palavra acentuada a partir do fim), comig' comigo, *forma uma rima potencialmente plena com a coda do verso adjacente* amigo, *ao passo que nas estrofes pares o verbo posicionalmente correspondente do tema invariável forma uma rima gramatical com o verbo do verso seguinte: II.* sabedes — treydes *e IV.* veeremo' — *emos. Assim, em meio a tôdas as variações do tema e da coda, a textura sonora liga intimamente o verso amoroso aos versos vizinhos de imagem marinha.*

O refrão, com seus traços nasais reiterados cinco vêzes e com suas quatro palavras terminadas por /s/, *exibe uma confrontação trocadilhística* [punlike] *de nos e nas. O final* ondas *do refrão responde às palavras iniciais das quatro estrofes — I., II.* Quantas *e II., IV.* Treydes. *A estrutura íntima de todos os versos dos quatro dísticos, com suas dezoito labionasais, apresenta uma repetição de /m/ e da vogal precedente ou de ambas as vogais circundantes: nos quatro temas invariantes —* comig' a lo mar, *e no outro verso dos quatro dísticos as estrofes anteriores exibem uma figura etimológica — I.* amar amigo, *II.* amar amado — *e as estrofes III., IV. invertem a ordem das vogais adjacentes —*veeremo' lo meu. *Assim, a nasal grave une a família de palavras* amar (*I., II.*), amigo (*I., III.*), amado (*II., IV.*) *com a palabra* mar (*I. — IV.*) — *metonímica, mas principalmente metafórica, — e com categorias gramaticais semânticamente subjetivas como a primeira pessoa do plural das formas do futuro em* emos (*I., II., III. bis, IV. bis*) *e especialmente a primeira pessoa do singular dos pronomes* comig' (*I.—IV.*) *e* meu (*III., IV*). *Quase desprovidos de outras nasais, os dísticos diferem visìvelmente do refrão ambiental com suas nasais predominantemente agudas* [high-pitched], *os quatro /n/ e /n/.*

Se se aceitar a leitura do tema marinho proposta por J. J. Nunes em sua Crestomatia arcaica (*Lisboa* 1906), *p.* 343 — treydes vos mig', *com uma construção verbal reflexiva paralela à forma gramatical do refrão (cf. Celso Cunha, p.* 69) — *a textura sonora dêsse verso ganha um nôvo elo entre o tema e a coda:* treydes vos — de Vigo / levado. *O verso parece exceler em reduplicações de fonemas consonantais. Há seis grupos de dois fonemas nas variantes ímpares e seis nas variantes pares:* Treydes vos mig' a lo mar de Vigo (2 /r/, 2 /d/, 2 /s/, 2 /v/, 2 /m/ e 2 /g/); treydes vos mig' a lo mar levado (2 /r/, 2 /d/, 2 /s/, 2 /v/, 2 /m/ e 2 /l/). *Em resumo, tanto nas variantes pares como nas ímpares dêsse verso doze dentre treze fonemas consonantais adjacentes a uma vogal tomam parte em pares reduplicativos.*

Em contraposição ao último tempo forte do refrão — ondas *—, os tempos fortes dos dísticos não caem nunca em vo-*

*gais arredondadas, bemolizadas *, e estão ligados a apenas três silábicos: doze /á/, doze /é/ e oito /í/, com uma notável distribuição simétrica dos contrastes vocálicos entre os quatro dísticos do poema e entre os quatro tempos fortes dos seus oito decassílabos:*

	Internos	Externos	Anteriores	Posteriores	Pares	Ímpares
DÍSTICOS:						
a	6	6	8	4	8	4
e	6	6	4	8	6	4
i	4	4	4	4	2	6
TEMPOS FORTES:						
a	6	6	2	10	4	8
e	6	6	10	2	4	8
i	4	4	4	4	8	—

O par de dísticos externos (I., IV.) apresenta a mesma distribução das três vogais acentuadas que o par de dísticos internos (II., III.), i. e., exatamente metade do número total atribuído a cada uma dessas vogais nos quatro dísticos da Cantiga. Seis /á/ e seis /é/ ocorrem em cada um dos dois pares. Observamos um equilíbrio vocálico surpreendentemente similar entre os dois tempos fortes externos e os dois internos dos oito versos dos dísticos, ou em outras palavras, entre os inícios e os fins dos seus dois cólons.

As duas outras oposições entre os dísticos, sua divisão em dois dísticos anteriores (I., II.) e dois posteriores (III., IV.) e em dois dísticos ímpares (I., III.) e dois pares (II., IV.), enriquecem os dois pares correlativos com uma diferença opositiva [contrary difference] *na freqüência do /á/ e do /é/ ou /í/. Os dísticos anteriores contêm quatro /á/ a mais e quatro /é/ a menos que os dísticos posteriores, enquanto que o número de /í/ é idêntico nos dois pares de dísticos. Paralelamente, os dísticos pares contêm quatro /á/ a mais e quatro /í/ a menos que os dísticos ímpares, ao passo que o número de /é/ permanece o mesmo nos dois pares de dísticos.*

Uma oposição análoga entre a freqüência do /á/ e a de uma das vogais palatais, agudas, determina a relação entre os

* *N. do T.*: Traduzo *flat* por *bemolizado*. Mattoso Câmara prefere o têrmo *rebaixado;* v. R. Jakobson, *Fonema e Fonologia*, seleção, trad. e notas de J. Mattoso Câmara Jr. (R. Janeiro 1967), p. 126, n. 3. Cf., infra, p. 83, N. da T.

tempos fortes anteriores e posteriores e entre os pares e ímpares, mas, nestes casos, a diferença na freqüência atinge oito e a orientação da prevalência numérica é invertida em comparação com a distribuição das mesmas vogais entre os dísticos anteriores e posteriores e os pares e ímpares. Os tempos fortes anteriores contêm oito /á/ a menos e oito /é/ a mais do que os tempos fortes posteriores, enquanto que o número de /í/ permanece idêntico, tal como já observamos no caso dos dísticos anteriores e posteriores. Entre os tempos fortes pares e ímpares a relação de freqüência é a mesma, quatro para oito, para /á/ e /é/, de forma que os tempos fortes pares exibem oito /á/ e /é/ a menos e oito /í/ a mais do que os tempos fortes ímpares. A ausência total de /í/ nos tempos fortes ímpares torna êsse contraste particularmente eficaz, enquanto que a alternância das rimas finais torna evidente a prevalência dos dois fonemas duplamente opositivos, /á/ nos dísticos pares e /í/ nos ímpares.

Função significativa assumem a seleção rigorosa e a distribuição simétrica das classes gramaticais. Nenhum sujeito nominal ocorre na Cantiga. Usam-se nomes no fim dos quatro versos amorosos como objetos diretos regidos por verbos transitivos, ao passo que nos oito versos marinhos os nomes comuns funcionam como adjuntos adverbiais de lugar introduzidos por uma preposição: no refrão êles fecham o verso (nas ondas), *mas nos dísticos êles são seguidos de um adjunto adnominal final — o nome próprio* (de Vigo) *ou o adjetivo* (levado). *Cada verso contém um verbo finito, sempre no plural. Nos dísticos, o masculino singular de todos os nomes contrasta distintamente com o plural dos verbos finitos e com o feminino das interlocutoras referido por essas formas verbais e expresso pelo pronome relativo* Quantas. *Contràriamente aos versos rimados, o refrão estende o número fixado e o gênero visado pelo verbo através de todo o verso com sua forma feminina plural* ondas.

Sòmente duas formas verbais finitas ocorrem no poema: a segunda pessoa do plural do presente do indicativo (sabedes *e, talvez, com uma conotação imperativa,* treydes) *e a primeira pessoa do plural do futuro do indicativo* (veeremo' *e* banhar nos emos). *Cada uma dessas duas variedades temporais e pessoais aparece seis vêzes no poema, mas a primeira ocorre quatro vêzes nas estrofes anteriores e sòmente duas nas posteriores, enquanto que a segunda exibe a ordem inversa: duas vêzes nas estrofes anteriores e quatro vêzes nas posteriores. A distribuição dos pronomes referentes à primeira pessoa do singular (duas vêzes nas estrofes anteriores e quatro vêzes nas posteriores) ostenta a mesma tendência para uma gradual inclusão e promoção do ego do remetente femi-*

nino: e veeremo' lo meu amigo / amado. *Éste verso amoroso das duas estrofes posteriores, com seus tempos fortes agudos, de tonalidade alta* [high-pitched], *e com suas vogais e soantes manifestamente preponderantes em face de um único obstrutor — /g/ ou /d/ — no fim, forma uma extasiante réplica à abundância de sete obstrutores no cólon* Quantas sabedes, o incipit da Cantiga.

ROMAN JAKOBSON
Trad. FRANCISCO ACHCAR

AS ORIXENS VIKINGAS DO PRINCIPE HAMLET

IV

O ARGUMENTO PRIMITIVO

Despóis de estudar todos os persoaxes e versións que vimos nas tres primeiras partes pódese encomenzar a percurar a determinación da forma primitiva ou pre-saxoniana do relato. A máis perta ao histórico é a versión de Skaane, que se preserva en Saxo, inda que está tan fragmentada que é imposíbel a reconstrución compreta. Tal como se ten, poderíase dividir esta versión en tres incidentes:

1) os maos tratos de Fjaller á nai de Amleth
2) a aceptación aparente de Amleth
3) o ataque de Amleth a Fjaller e a desfeita e morte déste.

Como vimos na terceira parte deste estudo, os dous primeiros incidentes relaciónanse con Viglek no testo de Saxo e o primeiro corresponde estreitamente ao relato do Beowulfo. O segundo é típicamente hamletian, polo que se pode deducir que o Amleth de Skaane, en Dinamarca, non tiña un carácter esencialmente diferente do de Xutlandia. O terceiro incidente cóntase dúas voltas, a primeira refiríndose a Viglek e despóis facendo referencia a Fjaller. De Viglek di que foi derrotado e de Fjaller que foi levado ao esilio. Neste caso a representación da morte como un esilio no outro mundo é un risco primitivo que amosa que cando se formóu esta tradición Fjaller aínda tiña algo do seu carácter sobrenatural. O instrumento da vinganza de Freyr podía sufrir a morte, pero o deus mesmo, inda que incorporado ao istrumento, somentes podía ser obrigado a se retirar ao "undensaker". De aí que houbera algo en Fjaller, é decir en Haethcyn, que non morréu, inda que se lle fixera ineficaz. Na versión de Xutlandia non queda ren deste elemento sobrenatural.

A versión de Skaane, axiña, dános algo da forma máis primitiva da historia de Hamlet. Os riscos máis importantes do argumento que se pode recostruir comparando as varias versións parecen ser:

1) Feng mata a Orvendill
2) cásase con Geruth, a muller da súa víctima
3) víctima e verdugo son irmáns

4) Feng apóderase do trono do seu irmán deixando ao heredeiro, Amleth, fillo de Orvendill, sen ningún dereito.
5) Amleth quédase na corte do rei
6) pra se salvar da sorte do seu pai, finxe tolemia
7) finalmente mata a Feng e apóderase do trono
8) cásase cunha princesa estranxeira, do tipo de Thryth
9) é finalmente derrotado e morre nunha batalla
10) a súa muller cásase co asesino do seu marido.

Destes riscos, o primeiro aparece en todas as versións fora do fragmento de Skaane, e aínda néste non hai ren que puidera contradecilo.

O segundo, en troques, non aparece na Hervararsaga e é direitamente refutado polo fragmento de Skaane; é, polo tanto, probábelmente un desenrolo tardío que non aparecería na forma máis primitiva da narración.

O terceiro aparece na Hervararsaga e semella por esto pertencer ao argumento primitivo; o feito de non aparecer en varias das versións da Helgasaga pódese deber ao complexo histórico desta saga.

O carto risco é fundamental, tanto na versión de Xutlandia de Saxo como na Helgasaga.

O quinto ocurre na versión de Xutlandia e no conto popular X.

O sesto é o dominante na narración e dalle ao héroe o seu nome na versión de Xutlandia e en X; noutras versións aparece tamén, inda que en algunhas, como en H, se atope evidentemente en proceso de eliminación.

O sétimo aparece en todas as versións.

O oitavo en todas fora do conto popular X e en B, que requiren convencionalmente un final "feliz".

O noveno e o décimo limítanse ás versións A, H e, con algúns troques, en AS e SS.

En ningunha das versións, fora da SS, áchase a historia así esquematizada. Polo contrario, en todas hai unha grande elaboración total ou parcial e é conveninte esaminar os detalles que nelas se dan pra ver cal pode quedar no argumento primitivo.

O primeiro é a morte do pai de Hamlet. Segundo o Beowulfo e os razonamentos antes espostos, ésta remóntase á morte acidental de Herebeald ás mans do seu irmán Haethcyn. O rei sueco Ongentheow (Argantyr, Egill), máis tarde identifícase con Herebeald e, na versión máis primitiva que amosa esta identificación, na Hervararsaga, a morte represéntase aínda como acidental e non vai acompañada de ningún acto de vinganza; non embargantes, Haethcyn aprovéitase deste feito apoderándose do trono que, de outro xeito,

ía corresponder ao seu irmán. Desde o primeiro intre, axiña, unha atmósfera de sospeita, ou ao menos de censura, debéu esistir ao redor do xoven príncipe. O Beowulfo di que foi un feito tráxico e sen espiación posíbel (v. 2.441), e máis adiante di que Haethcyn non tiña o amor do seu pai (2.467). Ao pasar o tempo, Haetcyn ou Feng, como foi chamado, trasformóuse naturalmente nun malvado. A súa inocencia orixinal, non embargantes, non se perdéu enteiramente e aparece en conesión con outra das súas fazañas históricas, a captura da muller de Ongentheow. Saxo cóntao así:

"Tal cantidade de boa sorte enchéu a Feng de celos de xeito que resolvéu axexar ao seu irmán pra lle demostrar que a fortuna non está a salvo de perigos nin siquera no proprio círculo familiar. E axiña que se lle presentóu a ocasión de o asesinar, a súa man sangrenta sacióu a pasión mortal do seu corazón. Despóis tomóu a muller do irmán que tiña destrozado, coroando o asesinato co incesto. O home tratóu de acoubar a mostruosidade da súa acción con tal renartería que amosóu unha falsa boa intención pra escusar o seu crimen e adornóu o fratricidio cun despregue de virtude. Dixo que Geruth, inda que era tan doce que non podía causar o menor dano a ninguén, tiña sido tratada polo seu marido co odio máis estremado e que pra salvala a ela tiña matado ao seu irmán, porque lle parecía vergonzoso que unha dama tan dócil e tan pouco birrenta, tivera que sufrir o duro abafallo do seu marido. E as súas verbas dondas non fracasaron, porque na corte, donde ás veces son favorecidos os necios e preferidos os envexosos, unha mentira así soie achar creto".

Parece, axiña, que despóis da identificación de Herebeald con Ongentheow se creóu unha relación entre a morte cometida por Harthcyn e a súa captura da muller de Ongentheow, e a súa inocencia orixinal de intención refrexóuse nunha defensa da súa acción que acadóu ampria aceptación. O relato da versión A encol deste punto ten, así, todas as condicións pra ser considerado primitivo.

Na versión HH, o incidente correspondente representa un desenrolo diferente. Aquí Fróthi manda asesinar ao seu irmán por celos da súa grande gloria e, inda que o crimen foi feito segredamente, mandóu tamén matar aos asesinos. Manda facer aínda unha investigación pra indagar encol da morte do seu irmán; non embargantes, sempre hai a sospeita de que el foi o instigador. Nesta versión as protestas da inocencia de Fróthi refrexan a verdadeira inocencia de Haethcyn, pero o troque de modalidade no xeito de causar a morte fai violencia á narración primitiva na que o asesino non trata de acoubar a súa culpa, senón de escusala. É decir, que a versión HH se-

mella ter somentes un escentileo da forma orixinal do episodio. A versión H altérao máis aínda, conservando soio o ataque por solpresa do orixinal e na versión AB o pai de Amleth é derrotado e morto en batalla. Non embargantes, o feito de que a meirande parte das versións non se axusten detalladamente ao relato do Beowulfo e da Hervararsaga non é suficente pra asconder a coincidencia de todas elas no punto central, é decir, que o pai de Hamlet é asesinado polo malvado da narración.

É evidente que pra a forma primitiva fai falla un modelo do cal tanto se poidan derivar A como HH. Na relación de Saxo, cando deixamos fora a trama envolvente, atópase a loita dos dous irmáns con Geruth como premio. Saxo esprica os celos de Feng cara o seu irmán como debidos ao ésito de Orvendill ao ter a Geruth como muller. Unha historia de rivalidade tiña case necesariamente que se desenrolar despóis de ter identificado a Herebeald con Ongentheow, porque Haethcyn capturóu realmente á muller de Ongentheow. Na forma pre-saxoniana, o incidente seguramente foi así: Orvendill e o seu irmán Feng enemístanse a causa de Geruth que se casóu con Orvendill. Finalmente chegan ás mans e Feng mata ao seu irmán e cásase con Geruth. Este incidente, deste xeito, non tiña cabida na Helgasaga, onde tanto Halfdanr (alí Haraldr) como Fróthi tiñan muller. Non embargantes, a súa influencia na versión H foi suficentemente podente pra causar a eliminación da muller de Fróthi a favor da viuda de Halfdanr. En HH a muller de Fróthi non parecéu tan fácilmente disponíbel e a enemistade dos dous irmáns basóuse en querelas entre as mulleres por precedencia na corte e cousas semellantes e, como esto debilitaba a motivación do asesinato, a maldade de Fróthi tiña que ser reforzada, pra o cal se introducíu o método do asesino a soldo.

Este esamen do punto ún envolve necesariamente o punto dous. En canto ao tres, que declara que o asesino e a súa víctima eran irmáns, pouco hai que engadir. Ten que se mencionar somentes que a versión HH fai que Fróthi, o malvado, sea o irmán maior. Esto non se acha en contradición coas outras versións, que non dan edade pra ningún dos dous, pero si co Beowulfo, onde Herebeald é o maior e heredeiro do trono. Tanto a versión H como a A semellan estar máis de acordo co Beowulfo que a versión HH, e a primoxenitura de Fróthi aquí o probábel que se debera á influencia das tradicións folklóricas, en cuias narracións soie suceder que o héroe é o irmán menor.

Deixando os puntos catro e cinco, que non precisan estudo, chégase á tolemia simulada de Hamlet. Na versión A, esta tolemia amósáse nun número de incidentes e detalles. De todo o material, semella que se debería incluir na forma primitiva

o que se acha paralelamente en versións independentes de A, mentres estas teñan carácter primitivo. A narración de Saxo encol das costumes bestiás de Amleth di así:

"Cada día Amleth permancía na casa da súa nai descuidado e suxo; botábase ao chan e aborcallábase en todas as lixumes. A súa tez sen cor e a súa cara chea de lixos visgosos denotaban unha tolería estúpida e grotesca. Todo canto decía tiña o mesmo tono de insensatez; todo canto facía daba a impresión de absoluto letargo. Nunha verba, non semellaba ser un home, senón un absurdo enxendro producido por unha tola vértola do destino."

Esto semella, certamente, bastante primitivo. Na versión AB áchase o mesmo tipo de descripción, moi elaborada con detalles aínda máis burdos, pero o autor de AB parece ter coñecido a versión de Saxo e non se pode ter a seguridade de que as bestialidades que describe non sexan meramente unha espansión da versión A. De H e HH non se pode decir o mesmo, non embargantes, e nas dúas versións áchanse os vingadores vivindo en condicións bestiáis. En HH estaban ocultos nun carballo oco e alimentábannos como si foran cans, chamándoos tamén con nomes dados a estos animáis. En H estaban ocultos nunha "jardhús", furna de barro, e tamén lles dan nome de can; paralelamente en AB áchase a miserábel chouza de Ambales. Semella evidente que na Helgasaga o héroe vivía nunha especie de chouza en condicións máis ou menos bestiáis. Esta chouza convírtese nun recanto cando a ocultación toma o lugar da tolemia como meio de proteción contra o usurpador. Na versión A, non embargantes, non hai ningunha chouza; Amleth vive coa súa nai. É probábel que esta versión teña preservado a bestialidade na súa forma máis primitiva e que a chouza e as características de can, ou craba, sexan unha variación do tema bestial. Por outra parte, as crabas foron a miudo ouxetos de adoración pra os Scyldingos.

Dous detalles específicos desta parte da versión A aparecen tamén noutros lugares e ésto parécelles asegurar un lugar no argumento primitivo. O primeiro deles é o incidente común a A e a H no que Amleth (Helgi) cabalga sentado de xeito que mira pra a cola do cabalo. O segundo detalle trata das raposeiras respostas de Amleth que Saxo conta así:

"Cando pasaban polas dunas dixéronlle a Amleth que mirara a fariña, amosándolle a area, e el replicóu que tiña sido moída tan finamente polas ruxentes treboadas do oceano."

E no século X, o poeta islandés Snaebjörn chama ao mar "o muiño de Hamlet" [1]. É evidente que coñecía a resposta de

[1] Non Skáldskaparmál 25.

Hamlet aos seus compañeiros de xeito sustancialmente igual á dada por Saxo.

Da mesma maneira vanlle presentando outras cousas a Amleth os cortesáns, como por exemplo cando dicen que un lobo que pasa diante deles no camiño é un potro, ou cando achan un mastro dun barco naufragado e dícenlle que teñen achado un gran coitelo. Cada vez ten Hamlet unha resposta e, se unha delas pertence con seguridade ao argumento primitivo pola referencia de Snaebjörn, pódese presumir que tamén cas demáis sucede así, inda que soio aparezan na versión A.

Máis difíciles son os incidentes que, tomando o nome da versión de Shakespeare, se poden nomear como os episodios de Ofelia e de Polonio, inda que na versión A os persoaxes non teñen nome. O episodio de Ofelia pódese resumir así:

1) Sospeitóuse que Amleth finxía a tolemia
2) comisionóuse a uns determinados cortesáns pra que puxesen a proba a súa intelixencia, tentándolle coa posibilidade de gratificación sexual
3) foi levado a un lugar remoto, deixáronlle só e ao pouco rato chegóu a súa irmanastra, a cal tiñan escollido pra que lle tentara, ostensibremente por casualidade
4) o seu irmanastro avisóulle do perigo dirixindo cara el un tabao que levaba unha palla debaixo da cola.
5) Amleth veu o tabao e comprendéu a siñal de perigo.
6) polo tanto en lugar de se deitar coa muller alí mesmo, levóuna a un lugar máis seguro e alí tivo relacións sexuáis con ela
7) logo fíxolle prometer que non ía revelar que tiñan sostido estas relacións
8) cando volvéu á casa, el afirmóu que tiña poseído a unha muller
9) en resposta a máis perguntas, declaróu que o seu leito tiña sido a perna dun animal de tiro, a crista dun galo e o teito dun tellado
10) estas respostas, inda que foran verdadeiras (porque estes son os nomes dunhas herbas moi comúns en Xutlandia) non foron comprendidas polos seus ouvintes e foron recibidas con berros e risadas
11) a rapaza contradixo a declaración de Amleth de que a tivera poseído e, como non tiveron testigos do acto, Amleth non foi creído.

Tal como aparece, o episodio é evidentemente a narración dunha proba pra descubrir si Amleth era verdadeiramente estúpido. Se poseía á muller, ao menos a súa fazaña amosaría que sabía que facer con unha se lle viña ás mans; se non o facía, a súa necedade ía ser manifesta e aceptada como xenui-

na. Hai certos riscos na narración que non encaixan coa motivación esposta e que levan a sospeitar que esto non era a narración orixinal. En primeiro lugar, a eleción da súa irmanastra pra o tentar é estraordinariamente solprendente, inda que non fose máis que polo temor de que houbera colusión por parte dela coa suposta víctima. Ademáis o método adoitado polo seu irmanastro pra o avisar é estremadamente raro e a facilidade coa que o aviso foi comprendido e aceptado case se pode calificar de milagrosa. O compricado método polo que Amleth logra confundir aos seus nemigos tamén parece pouco natural; unha solución moito máis sinxela e máis evidente tivera sido aceptar o aviso deixando á rapaza soia. O incidente semella, en conxunto, demasiado complexo e tosco pra ser verdadeiramente primitivo e a falla absoluta de paralelo noutras versións non dá máis que evidencia negativa pra o episodio, inda que noutros casos esto non sería o máis importante.

la. Empezando, ¡claro está!, con el castellano galaico, propiamente gallego, de su niñez y de su mocedad. ¡Qué alma galaica... la de su habla hispánica!". Y remata contundente Unamuno: "Lo galaico va en el ritmo, en la marcha ondulatoria y, a veces, como oceánica de su prosa" (pasaje cit. por S. Risco, pp. 150 y 125). La onda oceánica señalada por Unamuno para Valle-Inclán podría aplicarse también a Otero Pedrayo, nuestro Miró atlántico. Frente a la concisión castellana, subrayada persistentemente por la estructura octosilábica de la frase, la musical cadencia del gallego fluye acariciada y remansadoramente en la amplitud del endecasílabo. No afirmo esto de manera general, pero creo que es ésta la aportación más valiosa de Valle-Inclán al español. Viene en apoyo de nuestra creencia el juicio, al parecer irrevocable, de Unamuno: "¡Qué alma galaica... la de su habla hispánica!". Con la expresión "habla hispánica" es evidente que ya no puede entenderse el habla castellana, pues ésta, en el sentido rigurosamente terminológico de la lingüística, no sería otra cosa que la lengua hablada peculiar a Castilla, y por lo tanto una manifestación más dentro de la pluralidad hispánica. Por eso el castellano de Valle-Inclán ya no es un castellano en sentido regionalmente estricto, sino un castellano hispanizado en el sentido más lato de este término. Pero a esta dilatación lingüística sólo pudo llegar Valle-Inclán en virtud de las profundas vivencias de la tierra natal que alientan en su obra. Y así pudo concluir también Sebastián Risco en el artículo citado diciendo que "a seiva que circula por la obra valleinclanesca mantense do *humus* da terra galega".

No es mi propósito repetir lo que ya otros han dicho. La presencia de Galicia en Valle-Inclán, en su entidad real y en su poética transfiguración o mejor en la indisoluble conjunción de realidad y fantasía, es convicción unánimemente compartida por todos los críticos gallegos. Ahora bien, la raíz gallega de Valle-Inclán no está determinada tan sólo por el medio geográfico o "habitat", sino también, y aún más decisivamente, por el paisaje histórico cultural, trabajado y conformado por los creadores e intérpretes de la cultura gallega, aun cuando no hayan utilizado el gallego como vehículo de su expresión. La tesis de "que el mundo gallego de Valle-Inclán ha sido creación personal suya y que nada o muy poco debe a los autores regionales que le han precedido", me parece en extremo gratuita y difícilmente sostenible a la luz de los textos. José Rubia Barcia ya hizo ver en este sentido el influjo que sobre Valle-Inclán ejercieron, además de su propio padre Ramón del Valle, los escritores gallegos Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Rosalía Castro, Benito Vicetto, Curros Enríquez y Pastor Díaz. No se ha señalado, sin embargo, que yo

sepa, la influencia sobre él de la condesa Pardo Bazán. Decir tan sólo que conoció la obra de doña Emilia, apenas tendría valor alguno si no pudiéramos sorprender las huellas de la autora de *Los Pazos de Ulloa* en el autor de *Romance de lobos* y de las otras *Comedias bárbaras*.

En primer lugar podemos aducir aquí una temática paisajista que, aunque con un indomable mar de fondo, nos recuerda las comarcas altas del interior, la montaña agreste y la ruda vida campesina en un ambiente inhóspito y salvaje. Este paisaje de contornos marcadamente épicos fue descrito con mano maestra por la condesa en *Los Pazos de Ulloa* (1886), *La Madre Naturaleza* (1887) y en muchos de sus cuentos. Pero ya un año antes, en 1885, había escrito *El Cisne de Vilamorta*, cuyo escenario es "la comarca enclavada tierra adentro". Los propósitos que animaron a la autora a trazar las páginas de *El Cisne* nos los declara ella misma: "estudiar y retratar en forma artística gentes y tierras que conozco, procurando huir del estrecho provincialismo, para que el libro sea algo más que pinturas de usanzas regionales y aspire al honroso título de novela". Doña Emilia estaba casada desde hacía 17 años (1868), cuando no era más que una chica de otros tantos, con don José Fernando Quiroga y Pérez de Deza, "don Pepito", como le llamaban todos, de una familia que poseía, y aún posee muchas tierras en los distritos de Lalín y Carballiño. Doña Emilia, aunque nacida en el litoral, conocía muy bien estos parajes y a sus habitantes, porque solía pasar en ellos parte del verano hasta avanzado el otoño. "Vilamorta" es Carballino, entonces una villita triste y aburrida, llena de arrieros y con una atmósfera poco propicia al embeleso lírico del protagonista de la novela. "Cebre", situado en el camino real de Orense a Santiago, es Cea, el lugar de las panaderas que muelen, cuecen y venden el famoso pan. Circundan esta comarca de transición entre la Montaña y el Ribero los ríos Avia y Arenteiro, que la novelista convirtió en uno solo: el "Avieiro". Para este paisaje de "bocarribeira", con sus aldeas embalconadas en las faldas que miran al valle y con sus típicos viñedos ensucalcados o en terrazas, la escritora acuñó un nombre de precisa y hermosa evocación: le llamó "El Borde". El topónimo de los "Pazos de Ulloa", de precursora eufonía valleinclanesca, parece estar sugerido por el solar de los Ulloa, en tierras de Chantada, y por el nombre de Pazos de Arenteiro, antigua Encomienda de caballeros sanjuanistas. Pero el emplazamiento real parece ser el pazo de Sta. Eulalia de Banga, llamado el mirador del Ribero y propiedad de su marido. El tiempo en que comienza la novela es el otoño, cuando el paisaje gallego alcanza su plenitud: "El sol se ponía lentamente en medio de la tranquilidad otoñal del paisaje". Pero la atmósfera bronca

en que se desarrolla la novela se halla más a tono con la dureza y la miedosa desolación del invierno. El atildado curita Julián, a medida que avanza camino de "Los Pazos", se siente "tétricamente impresionado" ante "la ruda y majestuosa soledad de la Naturaleza y recuerda historias de viajeros robados, de gentes asesinadas en sitios desérticos", musitando para sí: ¡"Qué país de lobos!". En *El Cisne de Vilamorta* hay un poderoso pinar, que sirve de fondo a esta hermosa novela. "Las Vides", donde tiene lugar el idilio adúltero de Nieves con el "Cisne", es Cabanelas, aldea conocida en toda Galicia por la finísima calidad de sus vinos hoy en vísperas de desaparecer a causa del abandono casi total en que se encuentra esta comarca, y de sus "tostados", vinos dulces de "verdello" y "treixadura", ya desaparecidos. El pinar de "Las Vides" cuelga a pico sobre el sombrío "Avieiro", que ruge allá en el fondo entre las rocas "en epiléctico furor". "A los mugidos y sollozos del río hacía coro el pinar con su perenne queja, entonada por las copas de los pinos que vibraban, se cimbreaban y gemían transmitiéndose la onda del viento, beso doloroso que les arrancaba aquel ¡ay! incesante". Yo, que nací en la aldeita de Cabanelas, recuerdo muy bien este pinar en los días pavorosos de invierno, cuando de niño me refugiaba en la Capilla de casa y veía desde allí cabecear las copas de los árboles sacudidas por el viento racheado del sur, al tiempo que percibía el estruendo sordo de aquellas oscuras moles vegetales agitadas, imitando el tumbar ciclópeo del mar contra la costa. Más tarde, al leer *Romance de lobos,* me acordaba siempre de este pinar de mi infancia. Y ahora me doy cuenta de que tal vez sea el mismo que conoció Valle-Inclán a través de la Pardo Bazán. Estos rasgos de un paisaje adusto y montaraz, como el que informa las *Comedias bárbaras,* no me parecen estar inspirados en experiencias directamente vividas; me parecen más bien reelaboraciones literarias, y a las que no debieron ser ajenas las vivencias descriptivas de doña Emilia. Es muy poco probable que Valle-Inclán, nacido junto a la apacible Ría de Arosa, haya llegado a la elaboración del paisaje violento de sus *Comedias* sin un antecedente o modelo literario.

Pero sin salirnos de *Los Pazos de Ulloa,* los paralelismos y las semejanzas entre la novelista y el poeta y dramaturgo nos parecen tan palpables que resulta casi imposible suponer para este último otra vía de contacto y transmisión. Los personajes masculinos de la novela, a tono con lo escabroso del paisaje nos ofrecen unos rasgos que habrán de ser típicos en la obra de Valle-Inclán. El marqués de Moscoso, inspirado en un hermano del marido de la novelista, es físicamente un antecesor de don Juan Manuel Montenegro. Con motivo de una repentina carcajada se nos dice: "Era su risa, como suya, vi-

gorosa y pujante, y, más que comunicativa, despótica". Violencia y despotismo son los atributos señoriales en Valle-Inclán. Don Pedro, que sólo se siente en su elemento cuando se halla en su pazo o caza en sus posesiones, al acercarse a sus dominios se regocija y exclama: "Foro de casa..., foro de casa... No corre por ahí una liebre que no paste en tierra mía". La caza, el vino y la mujer como instrumento de placer, o como mera reproductora de la especie, son las inclinaciones incontenibles que arrastran a estos miembros de una aristocracia rural degenerada, embrutecida y a punto de extinguirse, víctimas de sus vicios y del orgullo de la casta. Se ufanan de sus bodegas, en cuyas cubas guardan el mejor vino que se produce en el Ribero, y lo saborean con la solemnidad de un rito pagano. Violentos y autoritarios, la justicia, que toman por la mano, más que una virtud ética, responde en ellos al instinto de dominio. Un erotismo sin freno se vierte en los innumerables hijos bastardos que tienen diseminados por los contornos. En contraposición conflictiva, estos hijos ilegítimos, engendrados al olor del heno en criadas y en rollizas campesinas, salen bellos y de carácter noble y generoso, frente a la mezquina o endeble naturaleza de los herederos legítimos. Todos estos rasgos caracterizadores que aparecen en la Pardo Bazán dentro de unos límites humanamente verídicos, en Valle-Inclán se exaltan y estilizan para configurar prototipos. Perucho, el niño nacido de las relaciones pecaminosas del señor de Moscoso con la criada Sabel, podría ser un anticipo de Cara de Plata. También en la pobre Nucha podrían verse atisbos de la pobre Concha.

Sobre el procedimiento de los contrastes tan caro a Valle-Inclán hubo de ejercer sin duda una gran fascinación el caudal paremiológico, así como las anécdotas y los innumerables decires que la Pardo Bazán recogió directamente en los molinos, "fiadas" y deshojas de boca de "este pueblo gallego, que posee el instinto de la sátira obscena y del contraste humorístico". Lo mismo podría decirse de la nutrida galería de mendigos, acompañamiento inevitable en todas las fiestas y solemnidades, y personificación, con su actitud epicúrea o estoica según las circunstancias, de un mundo arcaico, elemental y sumiso, en contraposición a la no menos arcaica estructura de los señores. El atador de Boan en *Los Pazos de Ulloa* es un personaje que no desmerece nada de Valle-Inclán, incluso por la sonoridad de su nombre. En efecto, la variada toponimia inventada por la condesa Pardo Bazán, de tan evocadora eufonía, es imposible que no impresionara al autor de las *Sonatas,* tan sensible ya a lo musical. Creo igualmente que sería posible encontrar antecedentes en doña Emilia, más o menos reconocibles, de muchos de los personajes de Valle-Inclán.

Los campesinos gallegos, supervivientes de los antiguos siervos, se presentan dibujados en ambos escritores con idénticos o parecidos trazos. En un pasaje de *Los Pazos de Ulloa* nos dice doña Emilia: "a menudo venían a conferenciar con el mayordomo, en actitud respetuosa y servil, gentes de Cebre, de Castrodorna, de Boan...". Hablando de Sabel, la criada y barragana de Moscoso, nos dice que "sus ojos eran azules, húmedos y sumisos". En "una parroquia de montaña, más montaña que los pazos, al pie de una sierra fragosa en el corazón de Galicia", a donde Julián había sido trasladado, sus feligreses "son pobres pastores", que "en vísperas de fiesta y tiempo de oblata le obsequian con leche de vaca, queso de oveja, manteca en orzas de barro. Hablan dialecto cerradísimo, arduo de comprender; visten de somonte y usan greñas largas, cortadas sobre la frente a la manera de los antiguos siervos". He leído este texto a una persona muy cercana a Valle-Inclán, la cual no vaciló en atribuirlo al autor de las *Sonatas*. También, a juzgar por ciertas notas, podría parecer de Valle-Inclán el siguiente pasaje: "Eran las montañas negras, duras, macizas en apariencia, bajo la oscurísima techumbre del cielo tormentoso; era el valle alumbrado por las claridades pálidas de un angustiado sol; era el grupo de castaños inmóvil unas veces; otras violentamente sacudido por la racha del ventarrón furioso y desencadenado". O estos otros: "El edificio, bajo su toldo de negras nubes, con el ruido tenebroso del cierzo que lo fustigaba, era amenazador y siniestro". "Los señores de Ulloa sintieron la impresión del frío subterráneo de una ancha cripta abovedada, donde la voz humana retumbaba de un modo extraño y solemne". O este otro de La Madre Naturaleza: "Oíase misterioso y grave el ruido del agua en la presa". Este aparejamiento de adjetivos: "amenazador y siniestro", "extraño y solemne", "misterioso y grave", es, como se sabe, uno de los procedimientos más destacados del virtuosismo estilístico de Valle-Inclán.

Aún dentro de la fidelidad descriptiva hay en doña Emilia una nota de distancia y lejanía que da a sus novelas cierto sabor exótico y legendario. Valle-Inclán supo captar esta misma atmósfera mediante una técnica de estilización perfecta y refinada. El efecto estético que sugiere la piedad sencilla e ingenua de la *Leyenda dorada*, y que Valle-Inclán cultivó con insistente complacencia, también lo cultivó doña Emilia: "El capellán leía *El Año Cristiano* en alta voz, y poblábase el ambiente de historias de sabor novelesco y poético".

A *Los Pazos de Ulloa* le cuadra muy bien el calificativo que Valle-Inclán dio a sus *Comedias*. Es ese ambiente inhóspito que atemoriza a Julián y le hace exclamar: "¡Qué país de lobos!". Concuerda perfectamente con tal paisaje la figura del

abad, buen bebedor y amigo de la caza, con la tonsura "borrada por una selva de pelo gris y cerdoso". Nadie lo hubiera tomado por sacerdote, si no le delatara "el sello formidable de la ordenación que ni aún las llamas del infierno consiguen cancelar". La misma expresión "bárbaro" tiene en la novela un marcado acento. Cuando el astuto e implacable Primitivo (el nombre es ya muy gráfico) emborracha de tostado al niño de su hija Sabel, Perucho, le dice el marqués: "No seas bárbaro Primitivo". La figura cauta, cruel y perseverante del administrador está magistralmente lograda. Lo tomó también la escritora del natural. Este personaje, que ejercía las funciones de administrador o mayordomo en la casa de su cuñado en Cabanelas, le llamaban los paisanos "don Segundo", y tuvo igualmente un fin trágico. Lo mataron con una bomba que le arrojaron por el patio a la habitación donde dormía a la hora de la siesta.

Doña Emilia, dotada de una asombrosa capacidad de observación, conocía al dedillo todos estos parajes montañosos de tierra adentro, encuadrados por la imponente Martiñá, el Testeiro, Suido y Pena Corneira. Ella misma nos dirá, refiriéndose a los recuerdos de su juventud en esta comarca de la provincia de Orense: "En su comarca pasé floridos días de juventud, y asistí a regocijadas partidas de caza, vendimias, romerías y ferias..., aún pienso estar bajando con el credo en la boca, como suele decirse, por el abrupto sendero, orillado de precipicios, que conduce al romántico y derruido Priorato, y sentir temblar, bajo el casco de la montura, las podridas tablas del puente de madera, casi anegado por el ímpetu de la corriente: aún engaña mi memoria a los sentidos, y trae al olfato el virgiliano perfume de las colmenas suspendidas sobre el río Avieiro, o el olor de la madura pavía y racimo almibarado, y al paladar el dejo de la miel y de las azucarosas castañas, y al oído el son de la gaita triste, la dulce flauta y el hinchado bombo, y a los ojos el verdinegro matiz de los pinares contrastando con la fresca verdura o rojo tostado de las parras. Puedo decir que la naturaleza de este país me es más familiar que la de mis Mariñas natales, y que esta región me inspira el cariño que el pintor siente por el modelo una y cien veces reproducido en sus cuadros. Aquí tienen su escenario la mayor parte de mis novelas, donde con mano nunca fatigada me he complacido en describir las villitas chicas, sus clásicos festejos, sus verbenas de fuegos artificiales y globos; los goterosos pazos, que se derrumban y fenecen como la aristocracia campesina a quien sirven de refugio; las intrigas electorales, los amaños de caciques, la rústica contratación de las ferias, y, sobre todo, las majestuosas montañas, los ríos que espuman

cautivos en profundas hoces, las poldras donde el pie apoya rápidamente al cruzarlos".

Este "pintoresco paisaje", como ella dice, fue sombriamente acentuado en *Los Pazos de Ulloa,* hasta adquirir esa dimensión realmente épica que caracteriza la novela. He aquí, por último, un pasaje tomado de esta misma obra y que podría servir de escena para situar el medio en que se desenvuelve la educación de los hijos de don Juan Manuel Montenegro: "Mientras la madre atesoraba, don Gabriel educaba al sobrino a su imagen y semejanza, llevándole consigo a ferias, cazatas, francachelas rústicas y acaso distracciones menos inocentes, y enseñándole, como decían allí, a cazar la perdiz blanca; y el chico adoraba a aquel tío jovial, vigoroso y resuelto, groseramente chistoso, como todos los De la Laje, en las sobremesas; especie de señor feudal acatado en el país, que enseñaba prácticamente al heredero de los Ulloas el desprecio de la Humanidad y el abuso de la fuerza".

Aunque estas semejanzas no agoten otros paralelismos, servirán al menos para ver cómo muchos de los temas y procedimientos cultivados por doña Emilia Pardo Bazán llegaron, en manos de este prodigioso estilizador que fue don Ramón del Valle-Inclán, a una plenitud estilística y categorizadora incomparable.

JAIME FERREIRO ALEMPARTE
Gravenbruch (Alemania)

O PENSAMENTO LATERAL DO DOUTOR E. DE BONO

INTRODUCIÓN

O doutor Edward de Bono nacéu en Malta, onde estudóu os primeiros anos. Pero logo, non habendo na illa as facilidades de adquirir unha cultura anglosaxona, foi a Inglaterra cunha beca Rhodes, de gran prestixio no mundo intelectual oucidental. E unha das máis prestixiosas destilerías do pensamento nordeuropéu ortodoxo é Oxford. De maneira que o noso home foise a Oxford estudar os xeitos destes xigantes do norte, que domeaban medio mundo, e alí matriculóuse en sicoloxía, fisioloxía e meiciña.

Unha noite, voltando dunha festa a máis da media noite, atopóu as portas da residencia pechadas. Como el xa sabía os costumes dos outros estudantes cando quedaban fora, informárase de outro amigo antes de ir á festa. Era ben sinxelo. Non había máis que agavear unha verxa e logo un valado máis alto. O valado foi un pouco máis difícil. Despóis atopóu outro valado, aínda máis difícil. E cando pinchóu do valado embaixo atopóuse na rúa outra vez. O que fixera era agavear por un recanto dos valados. Sen se botar pra atrás o noso home empezóu outra vez e repetíu a operación con máis xeito. Chegando ao segundo valado esaminóuno con cuidado e atopóu unha cancela de ferro pechada, pero que era máis baixa que o resto do valado e tiña onde pór os pes. Así que agaveóu por ela en vez do valado, pra non estragar o traxe. Cando estaba empoleirado no curuto da cancela decatóuse de que a media folla na que estaba, púxose a xirar co bruído característico que fan as cancelas de ferro cando se abren mainiño... A cancela estaba aberta. Non a chegaran a pechar.

Edward sentíuse tan ridículo alí enriba que desde aquela xa non foi o mesmo. Se estivera na súa Malta nativa o primeiro que faría sería abanear a cancela pra mirar se estaba aberta, aínda que os outros lle dixeran que estaba pechada. Pero en Inglaterra, no norte da Europa, onde as cousas se facían sempre dacordo con premisas racionalmente artelladas nun sistema e onde toda desviación era anatema, aquí non funcionaría a súa maneira de pensar.

Dándolle voltas ao asunto, percuróu un nome pra ese xeito de pensar que teñen as xentes "non civilizadas" (quer de-

cirse, as que non viven en cidades), por exemplo os labregos malteses, ou os galegos mesmo. E víu en chamarlle "pensamento lateral", xa que o outro xeito de pensar, o que el chamóu "vertical", pra definilo aparte, este outro xeito seguía vías determinadas, e progredía de tese en tese hasta que chegando a un oustáculo insuperable, alí afurricaba e findaba todo o pensamento oucidental. Mentras que o pensamento lateral corría por calquer atallo, botábase monte através sen perder o esquema plástico do seu ouxetivo final, pero librándose das dimensións ríxidas e determinadas das reglas ortodoxas.

Hoxe o pensamento lateral é reconocido como útil polas mesmas institucións que un tempo o consideraron xogo infantil irresponsable e irrelevante, escusa pra non facer traballar os miolos coma Deus manda. Especialmente no campo da pedagoxía, en facer que os rapaces desenrolen ao másimo ese xeito ás veces errático de pensar. Moitas institucións docentes de Inglaterra, Estados Unidos, o continente europeu e Xapón, decatáronse da utilidade do conceuto de pensamento lateral e a súa metodoloxía. Esplicando o seu método pedagóxico o doutor E. de Bono percorréu universidades europeas e américas e publicóu unha manchea de libros *. As súas técnicas son aplicables mesmo á recente cencia da cibernética e os computadores. Sobre todo desenrolan a creatividade natural da mente, cousa que o pensamento secuencial non fai, e, ao contrario, inda a couta, aferrollándoa a un sistema pechado, dogmático, no que todo posible desenrolo está previsto, predeterminado. O pensamento lateral ven bufar unha bafarada de vida nos canles esgotados dun pensamento milenario, esencialmente válido pero esclerosado, petrificado, sen pulo vital.

Os catro xeitos de pensar

O pensamento é o fluxo de aitividade fisiolóxica dunha zona a outra da codia cerebral. Este fluxo é pasivo, e sigue os contornos da corteza, igual que a chuvia que cai nunha valgada sigue por forza os contornos das curvas de nivel, pasivamente, buscando sempre o nivel máis baixo. No pensar, o pensador é axente pasivo desta aitividade fisiolóxica, é o medio no que se organiza automáticamente a información recollida polos seus sensos de todo o entorno. Cando o fluxo se detén, hai unha imaxe, unha certa organización da información re-

* "The Use of Lateral Thinking", Jonathan Cape, Londres, 1967; "The Five-Day Course in Thinking", Allen Lane, Londres, 1968; "The Mechanism of Mind", Cape, 1969; "Lateral Thinking", Ward Lock Educational, Londres, 1970.

O doutor E. de Bono é tamén colaborador asiduo do "Science Journal" e da publicación docente "Where".

collida e peneirada polos sensos. Esta organización ten "senso", quer decirse, é esplicable por sí mesma e pódese trasladar a outras dimensións, ou esaminar detidamente pra convertir noutras imaxes, ou verbas, que pasan a outro cerebro, onde se organiza de novo esta información, onde se encarna a imaxe trasmitida. E isto precisamente porque é unha aitividade pasiva; o cerebro receutor non é quén de impedir que esa información allea se estableza nel e o condicione. Eis a premisa principal do lavado de cerebro.

A corteza cerebral ten un papel pasivo. Pero eso non quer decir que a imaxe que se forme nela sexa sempre igual e predeterminada. O asentamento desa información esterior, o seu artellamento consigo mesma, faise ao longo dos canles, das valgadas previamente esistentes nesa corteza. E así coma a auga que cai nunha chaira non corre o mesmo que a que cai nun val, ou a que cai nun sistema de regadío, así o fluxo fisiolóxico sigue uns canles que se poden determinar: é o que fai a educación; prepara ou lava o cerebro pra que a información ulterior, por moi heteroxénea que sexa, siga sempre os canles primixenios, e non haiba dúbida de que esa é a única maneira de artellar a información que pulula no medio ambente humán.

Pero hai catro xeitos de preparar ese terreo, de facer sistemas de regadío, coma se dixéramos, pra que por eles se desenrole o pensamento.

1) *Pensamento natural*

É o pensamento que poidéramos chamar crudo, simple ou primitivo. Os contornos básicos da corteza (naturalmente cando digo contornos da corteza non me refiro ás circunvolucións físicas désta, senón ás gradacións de sensibilidade, ás variacións de poder sensitivo a diversos factores que esa corteza ten) determinan o sentido en que vai correr o fluxo, sen patróns artificiáis que interfiran. O fluxo ven determinado polo comportamento natural da corteza, en estado primitivo. E así a repetición dun sinal faino aprofundar na corteza, de xeito que queda máis grabado que outro non repetido. Tamén hai unha dominación perceutual: un ouxeto máis brillante ou máis grande deixará unha impronta maior, que á súa vez condicionará o ulterior desenrolo do fluxo. É coma se un meteorito caíra nunha chaira e a chuvia se precipitara polo burato.

Outra característica do pensamento natural é que tende a ser dominado por prexuicios. Naturalmente o factor que teña afundido máis o val é o que determina máis o desenrolo posterior da historia xeográfica dese val. Se un día se emborracha un home, logo lle queda a fama de borracho e non val que

trate de probar o contrario. Canto máis faga máis se interpretan as súas accións dacordo co precedente da borracheira, que é o prexuicio que estorba un xuicio ouxetivo. Daquí ven outra característica do pensamento natural: a súa falta de proporción. Un exemplo désto é o sensacionalismo de algúns xornáis: é o truculento e inaudito o que leva grandes titulares, mentras que unha noticia sen dramatismo, pero se cadra de grande trascendencia, é iñorada ou arrinconada na derradeira folla.

O pensamento natural corre de imaxe en imaxe, ou de lagoa en lagoa, segundo o símil que nos ven sendo útil. O paso dunha imaxe a outra, ou dunha lagoa a outra, débese ao desprendimento natural, debido á súa vez ao peso desa imaxe, que se efectúa na corteza, coma o desprendimento do valado dunha presa leva a levada até a seguinte presa val abaixo. Este seguinte remanso é a seguinte imaxe. Cada imaxe ten unha característica fundamental e diferenciadora, que se traduce a unha etiqueta pola que pode ser reconocida. A un home que matóu un can, chámanlle Matacáns. A utilidade destes alcumes (pois alcumes son as categorías do pensamento natural) consiste en que fai as imaxes inmediatamente reconocibles.

Pero ten unha desventaxa. As imaxes, alcumes ou clichés, os patróns ben establecidos e remachados pola esperencia posterior, tenden a perpetuarse e buscan alimento en calquera nova adición de material informativo, domeándoo e adautándoo á súa imaxe e semellanza, até que o cliché monstro se desfai polo seu propio peso porque non pode responder plásticamente ás novas impresións bulideiras. O sistema formado por todos eses clichés barrigudos esfrangúllase e lévase co el mesmo as premisas primeiras. Non queda nada máis que unha táboa rasa, unha pizarra borrada. O individo que creía en toda a trangallada anterior angúriase e acaba por suicidarse, física ou espritualmente, rendíndose a un dogma máis forte que os anteriores, a un cliché único, como pode ser o dogmatismo católico ou o marxista.

2) *Pensamento lóxico*

Pra obviar as desventaxas do pensamento natural inventóuse o pensamento lóxico. Fixérono, entre outros, os gregos. Os escesos do pensamento natural, que tanto chouta dunha conclusión a outra, como se esfrangulla todo dunha vez, levaron a inventar un mecanismo que bloquea o pensamento, unha esclusa que para a corrente da levada nas presas: a verba NON.

A lóxica é a administración do Non, como o regadío é a administración de comportas que se pechan cando convén

que a levada, ou o fluxo, vaia por outros canles, encha outros terreos e irrigue zonas até entón áridas.

NON é unha maneira de decir Non-identidade, ou Erro, ou Desaparellamento, ou Diferencia perceptible. O desaparellamento é un patrón de activación que tende a desenrolarse en dúas direicións ao mesmo tempo. Esta inestabilidade orixina medo ou tensión. No estado final orixina náusea e vómito. NON é o mecanismo que aitúa como reación emocional pra evitar ese estado de postración. É ben sabido que a lixeira variación do entorno do home provoca medo. Se un vai por un camiño conocido ao traballo e un día aparece un fenómeno raro, se as características do camiño empezan a diferenciarse do normal, un sinte noxo, náusea. Pasa no mar, cando o horizonte empeza a beilar en diante dún e o mundo vense abaixo. E pasa cando o sistema de pensamento dún se derruba estrepitosamente, porque a realidade que entra polos ollos non se corresponde ca esperencia acumulada. Pois ben: NON resolve ese estado de ansiedade, e mesmo de saudade (a saudade é o estado de ansiedade causado pola disparidade entre a realidade esterna cotiá e unha esperencia previa moi forte, quizaves sumida no subconscente colectivo, quizaves o recordo de tempos millores, doutras terras, doutros estados anímicos plenos, libres, sen coutamentos, a pleno pulmón).

NON é a reación inmediata que nos di que se vai por camiño perigoso, que convén dar marcha atrás pra evitar o noxo. O automatismo do NON pode chegar a estar fisiolóxicamente incorporado no sistema nervioso, como a reación de tirar a man cando se ún queima no lume. Ou o medo automático do can que sabe que un home que se agacha no camiño, o máis probable é que colla unha pedra pra lla guindar.

O pensamento lóxico é un milloramento do pensamento natural, pero aínda ten limitacións no referente ao procesamento da información. Un NON aplicado demasiado cedo pode bloquear o desenrolo dunha situación ulterior que confirmaría a bondade do xuicio antes da súa censura. Se o único que se fai diante do fogo é fuxir, nunca se poderá utilizalo. De xeito que é necesario ás veces pasar por unha situación incorrecta pra chegar a un punto desde onde se ve o camiño correcto. Se o camiño acaba nun precipicio, todo o complexo emocional grita NON. Pero unha vez saltado o precipicio pódese continuar á outra banda. De modo que o uso do NON ten tamén as súas limitacións. Hai que elaborar outro xeito de pensar.

3) *Pensamento matemático*

Se ún tira unha pedra, xa se sabe que máis ou menos vai parar onde ún a botóu. Pero se as circustancias condicionan-

tes deste aito empírico se traducen a unha linguaxe simbólica, se procesan logo dacordo con certas reglas (técnicas, recetas, trucos) dun universo especial que non espera a que a información escave os propios canles de movimento, senón que os fai de antemán, dacordo cun trazado sen irregularidades, fácilmente manexable en símbolos e fórmulas; entón temos unha predición esacta do que vai pasar. E podemos mesmo tirar un caldeiro cheo de homes hasta a Lúa.

No universo matemático a información móvese dacordo cas reglas dese universo e así evítanse as limitacións da corteza cerebral: os clichés, os mitos, o NON. O resultado é un sistema de procesado da información que leva a conseguir o que se chama maravillas da técnica.

Pero o sistema matemático tamén ten limitacións. A matemática acelera enormemente o procesado da información. Cun computador pódese resolver en segundos o que levaría séculos a unha chea de profundadores. Igual que unha autopista resolve en horas o que podería levar días a pe. Pero a debilidade do sistema está nos estremos. ¿Qué importa chegar moi rápido a un sitio na autopista, se logo se forma un embotellamento de todos os demos e hai que perder nel as horas gañadas nela? É na tradución da realidade esterna ao universo de símbolos onde radica a debilidade da matemática. O computador logo di o que hai que facer se ven polo ár un enxendro da técnica acugulado de bombiñas atómicas: responder con outro. ¡Ora! Máis lóxico nin a táboa de multiplicar. Pero o que pasa ao final dese proceso da información, o que pasa cando se acaba a autopista, eso non nolo di a matemática.

Pero non é esta a única limitación da linguaxe matemática. Como efectivamente as matemáticas resolven unha manchea de problemas, e resólveos esactamente, hai quen coida que xa non hai máis que percurar e todo se pode resolver por elas, e por chegar a unha solución racional esquecen outros plantexamentos tan útiles polo menos.

A certo matemático, unha das mentes máis privilexiadas do século, propúxoselle o seguinte problema: dous ciclistas saen dar unha volta pola mesma estrada, partindo de dous puntos a trinta quilómetros de distancia un do outro, de xeito que se han de encontrar en algún punto. Unha abella tamén sai dar unha volta e vai do nariz dun ciclista ao nariz do outro, e así todo o tempo. A velocidade dun ciclista é de quince quilómetros por hora; a do outro tamén, quince; a da abella, cincuenta. Supoñendo que a abella non se detén en ningún dos narices, de xeito que sempre está a voar nun sentido ou noutro, ¿cántos quilómetros terá percorridos cando se atopen os ciclistas? O matemático seica aprofundóu no problema e

logo sacóu da manga unha receta pra resolvelo por series decrecentes. Levóulle bastante tempo. Moito máis que a un rapaz da escola que non sabía moitas matemáticas pero que razoóu que os ciclistas tardarían unha hora en atopárense, de xeito que a abella tería percorridos cincuenta quilómetros.

O que convén resaltar de todo esto é que a dispoñibilidade dunha técnica boa pra resolver un problema non esclui a posibilidade doutra técnica millor, ou dun plantexamento millor. Estas dificultades, e a dificultade inicial de asignar un símbolo a cada anaco de realidade, poden esplicar por qué as matemáticas non resultaron tan útiles pra resolver os problemas humáns de todos os días coma pra resolver os problemas de botar unha bomba atómica.

4) *Pensamento lateral*

O propósito do pensamento lateral é contrarrestar os erros e limitacións da corteza cerebral. Os erros poden conducir ao uso incorrecto da información. As limitacións poden impedir o millor uso da información dispoñible. O pensamento natural ten todos os erros da corteza cerebral. O pensamento lóxico evita eses erros pero queda limitado porque non pode xenerar novas ideas que fagan o millor uso da información dispoñible. O pensamento matemático evita os erros establecendo un sistema superposto de procesamento da información distinto da corteza. A súa limitación consiste en que é un sistema de segunda etapa, usado pra sacar o millor partido do que escolléu a corteza cerebral na primeira etapa, do que atravesóu as regandixas dos sensos e pousóu nas valgadas da mente. Estes tres xeitos de pensar pódense resumir, pra comenencia e aforro de verbas, na espresión "pensamento vertical", quer decirse, o que flui na mesma direición determinada polas premisas, coma o que sacha no mesmo foxo facéndoo cada vez meirande. O pensamento lateral é o que pega un chouto e empeza a sachar noutro foxo, e noutro e noutro, até atopar un doado. No pensamento vertical ún móvese se hai unha direición en que moverse. No pensamento lateral ún móvese pra xenerar unha direición en que moverse, pra investigar outra dimensión, outro nivel.

Hai tres tipos básicos de problemas:

a) O problema que require o procesado de información dispoñible ou a colleita de máis información.
b) O problema de non haber problema. Cando a aceptación dun statu que impide a consideración dun cambio a un estado millor.
c) O problema que se resolve reestroiturando a información dispoñible, que xa se procesóu até formar un patrón.

O primeiro tipo de problema pódese resolver co pensamento vertical. Os outros dous requiren pensamento lateral.

CÓMO FUNCIONA A MENTE

Denantes de facer unha descrición da natureza básica do pensamento lateral, convén esaminar a natureza da mente ou corteza cerebral, asegún adoutemos unha actitude espritualista ou fisiolóxica.

A comunicación é o traspaso ou traslación de información. A cantidade de información contida no universo é infinita. É máis: o concepto de información é subxetivo e depende da economía cerebral, do número de decisións que pode acadar a corteza en certo tempo. A infinidade de información, que pulula no medio ambente humán, no entorno vital, hai que limitala pra que sexa asequible á nosa intelixencia limitada, hai que simbolizala. En vez de dar unha chea de esplicacións detalladas encol dun plan que eu quero que execute outra persoa, podo decir simplemente: "Execute o plan 5". Se a persoa "está no allo" e sabe o que é o plan 5, non hai máis que decir. O mesmo pasa cos computadores. En vez de describir esaustivamente un programa pónselle a tarxeta perforada, que ten toda a información resumida, e asunto terminado. Ou nunha biblioteca; en vez de se poñer a falar eruditamente dun autor, época, gostos, etc., cóllese o número do catálogo correspondente ao libro que quero, e xa está.

Pois ben. A comunicación por clave ou código, sólo funciona se hai patróns predeterminados cuia sinificación é previamente evaluada. O código consiste nun conxunto de símbolos, cada un dos cales identifica a parcela de realidade que eu quero manexar. Por exemplo o título dun libro ou dunha película pode suxerir no interlocutor todo o que o outro quere, en lugar de ter que describir unha por unha as esceas. O título convírtese en gatillo que dispara toda a información que leva implícita; libérase información na desintegración temporal dun patrón mental.

Pero non é necesario que sexa un título o símbolo. Pode ser parte do contido. A París podémolo representar pola torre Eiffel. Tamén pola verba "París". Os dous son símbolos válidos, con tal de que suxiran o resto da información da que están impregnados.

Un idioma é un sistema en clave ou código. As verbas son os gatillos que, ao disparárense, liberan certa cantidade de enerxía informativa, coma se dixéramos. Este sistema simplifica enormemente a trasferencia de información e a resposta a unha situación non esperimentada pero descrita en verbas. Incluso se pode reaxir frente a unha situación antes de des-

enrolarse totalmente, identificando as liñas de desenrolo da situación polos aspectos iniciáis da mesma.

A comunicación pénsase coma o trasvase voluntario de información dun axente a outro. Pero tamén pode ser a recepción de información do medio ambente, sen que haxa unha voluntariedade detrás, senón simplemente a sensibilidade desenrolada do axente receptor que capta sináis do entorno e inclúeas na súa visión do mundo. E así pasa, que porque estamos afeitos a que a comunicación teña dous estremos, tamén os ten que haber na comunicación da natureza connosco. De ahí o panteísmo e todos os sistemas que perceben detrás dunha distribución casual a vontade dun ser trascendente. É o tipo de xente que sempre lle busca tres pes ao gato, que todo o interpreta dacordo con móviles e designios. Tamén se lles dades un papel cheo de garabatos deseguida atoparán siñificación nel e costruiránvos un doado sistema sicoanalítico, cando o certo é que o fixéstedes por diversión.

A mente é un sistema que forma patróns ou esquemas. O sistema de información da mente crea os patróns e reconóceos despóis. Este comportamento depende do arranxamento funcional das células nerviosas na corteza cerebral. Tamén pode pasar que a mente recolla os patróns xa elaborados por outra mente, coma o estómago recolle alimentos xa procesados, sen ter que levar o traballo de procesalos. Pero a característica esencial da mente é a capacidade deste sistema de crear os seus propios patróns.

Esta creación de patróns ou esquemas mentáis non é, coma poidera pensarse, voluntaria. A mente non é unha secretaria activa que está continuamente clasificando cartas de empresas cas que a nosa empresa negocia. Non. A mente é pasiva. Non organiza a información, senón que ésta organízase ela sola. O único que fai a mente (e éo todo) é proporcionar unha oportunidade pra que a información, que está continuamente pululando polo ambente coma os mosquitos, se arranxe ela sola desta maneira. A mente ofrécelle un ambente especial aos anacos de información pra que ela mesma se organice. Coma o triángulo que xungue as bolas de billar de xeito que, ao retiralo, quedan as bolas formando un xeitoso triángulo. As bolas, as esferas, teñen en sí mesmas a potencialidade de convertírense en hexágonos en contaito unhas cas outras. Pero pra eso precisan dun medio ambente organizador, que é o triángulo que as abrangue, colocándoas idónea e óutimamente nun triángulo. Podería ser difícil sospeitar que as esferas se arranxan así se non fora polo triángulo. A información inherente ás esferas libérase en contaito co medio ambente especial.

Na mente, este medio ambente especial é unha superficie da memoria ou corteza cerebral con especiáis características.

Unha memoria é algo que acontece e non deixa de acontecer completamente. O resultado é unha pegada ou impronta que queda. A información que entra en contaito cas neuronas do cerebro deixa nelas unha pegada, un trazo ou impronta en forma dun comportamento nervioso alterado, diferente do que era antes de recibir a información.

Poñamos un símil. Unha paisaxe é unha corteza de memoria. Os contornos da superficie ofrecen unha impronta da memoria acumulada da auga que caíu nela. A choiva forma regatos que se combinan pra formar levadas e logo ríos. Unha vez formada a distribución de desaugue na cunca, esta distribución tende a facerse permanente, a perpetuarse, pois a chuvia que recollen os canles fainos cada vez máis profundos, ao escurrir por eles. A chuvia fai unha escultura na terra, esculpe o recordo do que pasóu e non deixóu de pasar totalmente, posto que condiciona ao que vai pasar; e por tanto, en cada cousa que pasa, hai o recordo das cousas que pasaron antes, hasta a época primixenia cando non había nada máis que unha chaira e a chuvia que empezóu a escorregar.

Consideremos agora unha superficie homoxénea, verdadeiramente homoxénea, como pode ser a deixada pola solidificación de xelatina líquida. O leitor pode facer a proba. A xelatina véndena na tenda e pódese mesturar con auga e quentala nunha pota. Logo bótase nun plato. Tamén se pode derreter cera e facer o mesmo.

Se se bota, nesta superficie plana homoxénea da xelatina sólida, unha cullerada de auga moi quente, esleiráse un pouco de xelatina. Cando enfríe a auga, tírase e queda unha depresión, coma a que deixa a caída dun meteorito en Arizona, poño por caso. Se agora botamos outra cullerada perto da depresión, a auga derramaráse por ela, e faráa aínda máis fonda, mentras tamén deixa unha impronta do seu paso do sitio en que caíu hasta o fondo da depresión. Se repetimos a operación, botando culleradas de auga quente, e vaciándoas despóis que estén frías, quedará unha paisaxe máis ou menos luar, unha serie de ocos e outeiros. O que pasóu foi que a xelatina homoxénea proporcionóu unha superficie de memoria na que se organizaron as culleradas de auga quente. Cada unha deixaba unha impronta, pero tamén era condicionada pola impronta previa, que lle marcaba unha certa direición de desenrolo. O que queda é a memoria de todo o proceso de botar culleradas, e mesmo, se un se toma a molestia e as culleradas non son moitas pódese discernir esactamente o que pasóu, cántas culleradas caíron, en qué orde, e ónde. Igual que a solución dunha historia de detectives, na que a impron-

ta do que pasóu queda en detalles que o detective sabe discernir e interpretar.

O patrón final formado na xelatina depende de onde se puxeron as culleradas e en qué orde se puxeron, o que equival á natureza da información que atinxe a corteza cerebral e a secuencia de chegada desa información. A xelatina é un modelo do que pasa realmente nas neuronas. A diferencia consiste en que na xelatina podemos botar un caldeiro enteiro de auga quente, mentras que na realidade a corteza solo pode recibir unha cantidade limitada de información, debido a que unha das propiedades desa corteza é a zona de atención limitada. Noutras verbas: sólo se pode botar unha culleradiña de cada vez. Senón arrúñase o tinglado e non hai memoria que vala. Este espacio de atención limitada é moi importante pois sinifica que a zona aitivada atópase na parte máis sensible da memoria, que no modelo de xelatina ven sendo a fochanca máis fonda. A zona máis fácilmente aitivable é a máis familiar, ou sexa, a que se usa máis frecuentemente, a que deixóu impronta máis forte na memoria, e que á súa vez recibe máis improntas por ser máis fonda, atrái a atención máis veces, reforzándose así continuamente.

Vemos logo cal é o mecanismo de formación de patróns. Os patróns son as pozas máis usadas, que por selo tenden a usarse cada vez máis. Desta maneira a mente construi un sistema artellado de pozas ou patróns ou mitos ou dogmas ou recetas ou estroituras mentáis que monopolizan a atención, que canalizan a información e fana distribuirse de acordo ca xeografía previamente formada pra reforzar aínda máis a concepción do mundo que o individo ten.

A coleción de patróns mentáis é a base da comunicación por código ou clave. No caso da lingua, as verbas teñen unha cárrega de sinificado, ademáis dunha serie de ondas que se forman arredor delas e que se suxiren unhas ás outras. E gracias a ésto podemos facer matemáticas, poesía e mística.

Unha característica importantísima do espacio de atención limitada é que a memoria pasiva e autoorganizante convírtese tamén nun sistema automasimizante, ou sexa, que tende a perpetuarse e engrandecerse, a asentarse e confirmarse cada vez máis, a consumarse e monolitizarse. Esto fai posibles os procesos de seleción (pois o que non se aveña ca idiosincrasia do sistema queda escluído, e acéitase por outra banda o máis afín), rexeitamento, combinación e separación, que en conxunto danlle á mente unha poderosísima función computadora.

Outra característica desta memoria é que a secuencia de chegada da información é determinante do patrón que se vai formar. Como o sistema é automasimizante, ou sexa, como

tende a masimizarse a sí mesmo, a perpetuarse e engrandecerse a un tempo, a información recén chegada aséntase da millor maneira posible, ou sexa, da maneira máis estable fisiolóxicamente, a que deixe ás neuronas da corteza aitivadas permanentemente. Ao chegar máis información, ésta artéllase na xa esistente da millor maneira que pode, nesa etapa. O que non quer decir que sexa a millor maneira pra sempre. A secuencia de chegada da información é determinante da maneira en que esa información se arranxa. Por esta razón o arranxamento ou distribución de información é sempre menos bó que o óutimo posible, pois o arranxamento óutimo da información tería que ser totalmente independente da secuencia de chegada da información.

Un exemplo ilustrativo do dito: unha historieta en tres viñetas, das que nos amosan sólo unha a un tempo. A primeira viñeta amosa a un home cun pau en alto. A segunda amosa un can a correr. Conclusión: o can fuxe do home, que lle vai arrear un estacazo. Terceira viñeta: o can trai a estaca na boca. Conclusión definitiva: o amo tiróu o pau pra que o collera o can. Pero o poder automasimizante da mente é tal que trata de queimar as etapas e facer senso de cada situación sen agardar a máis información. O que pasóu nesta historieta foi que a información aprisionada en cada viñeta non foi totalmente liberada. Un can a correr pode ser por medo, por xogo, por fame, por correr a un rapaz, etc. Toda esa información está ahí, atorada. Non hai máis que liberala. Pero ocurre que a mente non a libera toda dun golpe, senón que a acomoda segundo as circunstancias pra que a imaxe total, o patrón formado, teña sentido de seu.

Logo na mente, que é un sistema cumulativo da memoria, o arranxamento de información en forma de conceptos e ideas tende a facer menos do másimo uso da información dispoñible. Noutras verbas, en cada situación hai un nivel másimo de información en hibernación, coma se dixéramos, agardando o santo advenimento. O uso que se fai dela é case sempre menos do másimo. Somente por medio dunha reestroituración da percepción interna se pode liberar toda esa información contida, atinxindo o nivel másimo.

Do dito antes despréndese que con frecuencia esiste unha maneira alternativa de arranxar a información dispoñible. Sempre se pode exercer o beneficio da dúbida, que é o motor da creatividade, pois arranxa as cousas de outra maneira, revelando calidades insospeitadas denantes. Houbo un tempo en que a maneira ortodoxa de interpretar o movimento dos astros era que a terra estaba queda, no centro do universo, e todos os demáis andábanlle ás voltas. Hoxe pénsase doutra maneira. A información estaba sempre ahí, esperando ser li-

berada e interpretada a dereitas. O que pasaba era que pensar nunha esplicación alternativa era anatema e ademáis pechábase o paso a máis información que poidera contradecir a visión ortodoxa. Esto pasa sempre en sistemas pechados e con intereses creados.

O paso dunha interpretación a outra alternativa é case sempre súpeto. O leitor conocerá o dibuxo utilizado en textos de sicoloxía e no que figuran uns cubiños vistos por arriba, ou por abaixo, en cuio caso parecen o rivés das escaleiras. Non se poden ver xuntos, pero pódese pasar dun a outro repentinamente.

O humor é unha maneira de interpretar a realidade, diferente da ortodoxa. E é curioso que con frecuencia a reación a unha solución alternativa dun problema é o sorriso de satisfación, cando a situación non é humorística en sí. Certo coñá suizo véndese en botellas que teñen unha pera dentro, dun tamaño imposible de meter pola boca da botella. Se se lle esplica esto a un amigo, logo empeza a buscar alternativas; ¿será que tapan o cú da botella despóis de meter a pera? ¿Ou engurricharán a pera con algún axente químico pra que caiba pola boca? ¿Ou meterán a pera en anacos que logo recompoñen dentro sabe Deus cómo? Se se lles di que se pode colocar a botella de tal xito que conteña a ramiña na que está a crecer a pera, e cortala cando está madura, a reación máis probable é a dun sorriso. Parece que a liberación de enerxía informática leva consigo humor. E por eso se di que unha situación ausurda é ridícula, porque se compara con situacións alternativas moito millor artelladas, e a diferencia xenera humor.

Resumindo: as ventaxas básicas deste sistema de información por medio de patróns (coma se dixéramos un computador con tarxetas perforadas) son, por unha banda rapidez de reconocimento, e pola outra rapidez de reación. Ao poder reconocer o que se busca con rapidez, pódese esplorar o entorno eficazmente. As principiáis desventaxas son as seguintes:

1. Os patróns tenden a establecerse cada vez con máis rixidez, pois controlan a atención.

2. Hai unha tendencia ao centralismo. Noutras verbas: a información percibida, se se parece a un patrón standard, tende a percibirse como standard.

3. A secuencia ou orde de chegada da información xoga un papel demasiado importante neste arranxamento. Polo tanto calquer arranxamento é pouco probable que sexa o millor arranxamento posible da información dispoñible.

4. Esiste unha marcada tendencia a polarizar, a moverse dun estremo a outro, a "ver en blanco e negro".

5. Os patróns establecidos aumentan de tamaño absorbendo patróns máis pequenos e facendo cadeas tan dominantes que constitúen novos patróns que monopolizan a atención.

6. Finalmente: a mente é un sistema que fai e usa clichés.

O PENSAMENTO LATERAL

Visto o funcionamento da mente e as súas limitacións, convén un método que supere esas limitacións basándose precisamente nelas. Este método é o pensamento lateral, cuio ouxetivo é proporcionar un medio de reestroiturar patróns, de desfacer clichés, de reorganizar a información dispoñible de novas maneiras que orixinen novas ideas.

Xa vimos que hai tres tipos de problemas e pra dous deles é preciso o pensamento lateral. Quizaves a millor maneira de definir o pensamento lateral sexa comparalo co pensamento vertical.

1. *O pensamento vertical é selectivo. O pensamento lateral é xenerativo*

O que importa no pensamento vertical é a correción. O que importa no pensamento lateral é a riqueza de ideas. O pensamento vertical seleciona un camiño escluíndo outros. O pensamento lateral non seleciona, senón que trata de abrir máis camiños. No pensamnto vertical seleciónase o plantexamento máis prometedor a un problema, a millor maneira de considerar unha situación. No pensamento lateral xenéranse tantos plantexamentos alternativos como se pode. No pensamento vertical pódense buscar plantexamentos alternativos diferentes hasta atopar un prometedor. No pensamento lateral continúanse xenerando tantos plantexamentos como se pode, aínda despóis de atopar un prometedor.

2. *O pensamento vertical móvese sólo se hai unha direción en que moverse. O pensamento lateral móvese pra xenerar unha direción*

Co pensamento vertical un móvese nunha direción claramente definida cara a solución dun problema, usando unha técnica definida. Co pensamento lateral ún móvese porque sí, sen ter que facelo cara unha solución. É o movimento o que conta, o cambio. Neste movimento a direción xenérase sola: "faise camiño ao camiñar". No pensamento vertical idéase un esperimento pra probar certo efeito. No pensamento lateral diséñase un esperimento pra proporcionar unha oportunidade de cambear as propias ideas. No pensamento vertical hai que se mover nunha direción definida e útil. No pensamento late-

ral pódese xogar sen propósito ou direción, con esperimentos, modelos, notacións, ideas. A direción atópase logo.

Esto non é arbitrario. Básase nas propiedades da memoria automasimizante, que fai senso de todo o que recolle, coma unha esponxa. De xeito que, aínda que ún está a xogar, a mente está a traballar facendo combinacións cos anacos de información que vai recollendo, e faino libremente. Hasta que chega un momento en que se forma un grumo coherente de información organizada: eis o patrón. Pero non se formóu porque ún o quixo. Formóuse solo. O pensador vertical é un señor moi fino que sabe o que está a percurar. O pensador lateral é un brégolas desleigado que non sabe o que está a buscar hasta que o atopa.

3. *O pensamento vertical é analítico. O pensamento lateral é provocativo*

O pensador vertical é un fotógrafo de estudo que coloca todo moi axeitado e logo tira unha foto na que aparece unha serie de caras longas. O pensador lateral é un fotógrafo ambulante que deixa xogar aos nenos pra lles ir tirando fotos cando non o pensan e logo seleciona as millores.

4. *O pensamento vertical é secuencial. O pensamento lateral pode dar choutos*

No pensamento vertical ún móvese pra diante un paso a un tempo. Cada paso arrinca do anterior, ao que está firmemente conectado. E ao chegar á conclusión, a proba de que é correcta é que todos os pasos o foron. No pensamento lateral pódese saltar a unha solución que se dexerga e logo refacer o camiño pra atrás, pra probar que tamén se pode atinxir da outra maneira. Os escaladores disparan cordas con garfios pra que se agarren ás rochas, e logo agavean polas cordas. O que non poden facer é agavear polo ár. Como non había camiño, fixérono.

5. *No pensamento vertical hai que dar cada paso correctamente. No pensamento lateral non é necesario*

A esencia do pensamento vertical é a correción de cada paso. É o fundamento do pensamento lóxico e matemático. Pero, pensando lateralmente, ún pode facer unha ponte de arco con soportes. Cando está feita, quítanse os soportes e a ponte queda en pe. Se ún fora a colocar cada pedra de xeito que se mantivera en pe ela sola, non se poderían facer pontes.

6. *No pensamento vertical úsase o negativo* (NON) *pra pechar certos vieiros. No pensamento lateral non*

Pode ser necesario pasar por unha zona incorrecta pra ter razón ao final. Esto débese a que a incorreción éo con relación a certo marco de referencia. Pero este marco de referencia pode cambear e o que antes era correcto agora non o é e viceversa. Fai cen anos escreber galego era zafio, dacordo co marco de referencia estreito daquela época. Agora cambeóu o marco de referencia e xa non o é. Os que non tiñan razón antes téñena agora. Era necesario pasar por unha zona "incorrecta" pra descubrir o vieiro correcto.

7. *No pensamento vertical esclúese o irrelevante. No pensamento lateral acóllense as intrusións fortuitas*

O pensamento vertical é a seleción por esclusión. Trabállase nun marco de referencia e rexéitase o irrelevante. No pensamento lateral ún decátase de que un patrón non pode ser reestroiturado desde dentro, senón de resultas dunha influencia esterior. Canto máis irrelevantes sexan as influencias esteriores maior será a probabilidade de alterar o patrón establecido.

8. *No pensamento vertical, as categorías, clasificacións e etiquetas, son fixas. No pensamento lateral non*

O pensamento vertical consiste en identificar algo como membro dunha categoría ou clase, ou escluílo se non o é. No pensamento lateral as etiquetas poden cambiar, ao considerar os diferentes aspectos e facetas dunha situación. As clasificacións, no pensamento lateral, non son fochancas ríxidas onde caen os conceptos, senón letreiros útiles que axudan ao movimento, coma os sináis de tráfico. As etiquetas do pensamento lateral non se poñen pra sempre, senón por comenencia temporal.

9. *O pensamento vertical esplora os vieiros máis doados. O pensamento lateral esplora os menos probables*

No pensamento lateral trátase de esplorar o inaudito, porque non hai outra razón de peso que o faga, pero con frecuencia o resultado é sorprendente. Cánta xente non vai pola autoestrada principal pra embotellarse ao final, cando podían ir por unha estradiña lateral e chegar en mitade de tempo.

10. *O pensamento vertical é un proceso finito. O pensamento lateral é probabilístico*

No pensamento vertical espérase unha resposta. No pensamento lateral pode non haber resposta. O que fai o pensamento lateral é aumentar a probabilidade de reestroiturar os patróns pra atinxir unha solución de percepción interna. Se

sólo hai un negro nun país de blancos e ese negro quer fuxir, as autoridades decataránse enseguida. Pero se metemos no país varios centos de miles de negros xa non será tan fácil ás autoridades vixiar ao negro en custión. As posibilidades de escapar que ten son agora meirandes.

En resume: no pensamento vertical úsase a información pra moverse pra diante cara unha solución. No pensamento lateral úsase toda a información dun xeito provocativo, aínda que non teña senso, pra aumentar a probabilidade dunha reestroituración do patrón.

Esto non quer decir que un xeito de pensar esclúa ao outro. O que pasa é que cada un é idóneo pra tratar con certas situacións específicas. O pensamento lateral non ameaza ao vertical. Son máis ben complementarios. O pensamento lateral multiplica as ideas, que se poden usar no pensamento vertical. Por outra banda o pensamento vertical desenrola as ideas descobertas polo lateral. Cada un ten o seu uso. Hai situacións en que un coche precisa dunha marcha atrás, pero eso non quer decir que a ún se lle ocurra conducir en marcha atrás todo o tempo. A utilidade da marcha atrás apréciase cando está ún nun calexón sen saída.

O pensamento lateral é unha actitude mental de alerta frente dos dogmas pomposos. É a actitude do labrego que di: "Ou non", cando lle tratan de lavar o cerebro. Se lle din que a auga sempre corre pra baixo, pode contestar: "Ou non". E sinalar o principio do sifón, que tan útil é ás veces. Os detractores diránlle: "Ai, é que esa é unha escepción". Pois precisamente a natureza do pensamento natural é ter en conta as escepcións denantes de que se produzan, é adoptar unha actitude diante do mundo que non dá nada por descontado, é deixar cair unha pedra da man e pensar que ao millor non cai, e ao millor vai pra riba. É o que pasaría en certas circunstancias magnéticas se a pedra fora de mineral de ferro. "Ai, e que é unha escepción". Pois os estados de escepción hai que prevelos. Todiños.

Como usar o pensamento lateral

Problemas

Un problema é simplemente a diferencia entre o que ún ten e o que ún quer.

Imos repasar brevemente os tres tipos de problemas:

a) O problema que require máis información ou millor uso dela.

Por exemplo, indo pola estrada, atópase que non está acabada: queda un outeiro por derrubar. Evidentemente hai que

cavar máis hasta facer o anaco de estrada que falta. É o tipo de problema soluble por pensamento vertical.

b) O problema que se resolve reestroiturando a información dispoñible. Vai ún pola estrada e atopa un embotellamento. Colle o mapa e busca unha estrada lateral pra pasar pola zona atorada. É un problema solúble por pensamento lateral.

c) O problema de non haber problema. O problema consiste en decatarse de que hai problema. Vai ún visitar a un amigo e pasa de largo pola estrada ancha, sen decatarse de que había que torcer nun ramal. Este é o problema máis característico que pode resolver o pensamento lateral. A aceptación dunha situación satisfactoria impide facer as cousas con máis eficacia. É o problema máis difícil, pois non hai razón pra rexeitar unha solución satisfactoria por outra desconocida ou dubidosa. O máis corrente é decir que val máis o mal conocido que o bon por conocer. Pero claro é que co esa filosofía non se vai a ningunha parte. O máis probable é que se vaia a menos.

Esame periódico

Nun campamento faise a ronda e móntase garda continuamente, aínda que non haxa motivo imediato pra o facer. Pero basta que unha vez pase algo sen vixiar pra pór en perigo toda a operación. Así o pensamento lateral: periódicamente reesamina as cousas que xa se daban por descontadas, aínda que non haxa motivo imediato de preocupación. Pero xa vimos a característica fundamental da mente: recompoñer continuamente a realidade segundo os novos anacos de información que se van pescando, aínda involuntariamente. O pensamento lateral é esta actitude mental de vixiancia eterna.

Xeneración de alternativas

O principio fundamental do pensamento lateral (hai que repetilo) é que unha maneira particular de considerar as cousas non é máis que unha entre moitas maneiras de ollar as cousas. O pensamento lateral preocúpase de esplorar todas as alternativas posibles. O feito de que haxa unha que parece satisfatoria non quer decir que non haxa outras. O pensamento lateral búscaas deliberadamente.

Reto ás suposicións ou postulados

Unha suposición é un cliché estereotipado, aceitado por consenso e non esaminado detidamente, coma que a distancia máis corta entre dous puntos é unha reita. E quen di postulados euclidiáns di cousas de todos os días, coma conducir

pola dereita. Hai países nos que se conduce pola esquerda e non deixa de ser igualmente útil. De xeito que é a utilidade e sólo a utilidade o que xustifica a esistencia e permanencia de clichés. En canto deixan de ser útiles hai que desfacelos, e pra desfacelos está o pensamento lateral, que merodea continuamente arredor deles pra cando deixan de ser útiles. Durante a segunda guerra mundial a R. A. F. plantexóuse o problema de bombardear as presas do Ruhr, de importancia estratéxica. O malo era que tiñan as defensas antiaéreas e o radar millores de Alemania. Todos pensaban en termos de grandes fortalezas voantes e unha grande escolta de cazas pra rexeitar os ataques nemigos. E un científico de pouca sona, deixando aparte o postulado da defensa antiaérea, pensóu en termos de voar a vinte metros do chan, de xeito que o radar e as defensas non podían atinxir os avións, e botar bombas redondas, que rebotaban na auga calma da presa e íanse colar xusto na mampostería pra facela estourar. Destruídas as presas, inundóuse a cunca do Ruhr e precipitóuse o fin da guerra.

Unha maneira de contrarrestar a influencia malina dos presupostos é preguntar sempre por qué, como fan os nenos, que non se deixan convencer polas esplicacións alambicadas dos maiores en canto lles fan preguntas esotéricas ou trascendentáis. E seguir preguntando por qué, por qué, ad infinitum, non vaia ser que nos convenzan con trucos tirados da manga. Non se trata de supoñer que ún ten tempo de poñer en dúbida todo o diviño e o humán, senón simplemente de amosar en cada ocasión que nada hai sagrado.

Suspensión e retraso de xuicio

Ás veces a idea dun inventor non ten tempo a frorecer no clima desaprobador dos seus contemporáns. Nestas circunstancias a suspensión temporal do xuicio desfavorábel pode reportar beneficios enormes máis tarde. O pensamento lateral acolle e protexe as ideas xermolantes denantes que as esnafren a incomprensión e a iñorancia. Se un individo di que a auga anda pra riba se se pinta de verde o máis probábel é que o tomen por parvo e non lle deixen tempo a desenrolar a idea. De feito esiste un produto que aumenta a cohesión da auga de xeito que, unha vez empezada a verterse, continúa rubindo e baixando polas paredes do xerro coma se fora un pedazo de tela.

Diseño

Unha das necesidades da nosa civilización é diseñar aparatos pra axudarnos a vivir con certa comodidade. Nas etapas iniciáis do diseño é máis necesaria que nunca a suspensión de xuicios adversos. É convinte non criticar destrutivamente,

senón construtivamente. Moitas veces unha idea en sí non é útil, pero leva o xerme que, unha vez desenrolado, froitifica nun belo diseño. Nunha escola de Inglaterra pedíuselle aos rapaces que diseñaran unha máquina pra andar por terreo desigual. Os rapaces voltaron cunha chea de ideas fantásticas, moitas collidas do cine ou da televisión. Unha idea consistía en levar na máquina un cargamento de terra suave, que se podía ir botando por diante pra encher os baches, e ir recollendo por detrás unha vez pasada a máquina. A idea en sí non ten demasiada utilidade, pero desenrolada leva á consideración de facer un terreo artificial continuo pra andar porriba, que é o que fan os vehículos militares-orugas: van botando unha plataforma pra andar por suave, e vana recollendo por detrás pra usala outra vez. Se se rexeitan todas as ideas que parecen estrambóticas, por principio, nunca se chega a inventar nada. Deso sabemos moito en España.

Idea dominante e factor crucial

En toda situación da vida hai unha idea dominante e un ou varios factores cruciáis. O pensamento lateral trata de isolar estas ideas e factores pra se sustraer ao seu efeito pernicioso ás veces. Por exemplo nun viaxante de comercio a idea dominante é vender, aínda que sexa unha trapallada. Nun frente de guerra a idea dominante é avanzar e non importa a cántos se mate. Moitas veces a idea dominante dun individo é sobrevivir e non lle importa perder a dinidade pra conseguilo.

División arbitraria

Moitas veces o patrón esistente é tan consistente que é difícil rompelo pra dar paso a millores arranxamentos. Entón faise unha división arbitraria, pois se é un análise racional seguirá os mesmos presupostos do patrón, e ao recompoñelo findaremos ca mesma estroitura. A división arbitraria, por outra banda, revela novas facetas dos anacos de información, que non estaban á vista antes por estaren ocultos no patrón consistente. É un bó exercicio pra o pensador lateral. Se a un neno se lle dá un xoguete o que quer é despezalo, e non precisamente por destrución, senón por saber cómo está feito. E cun mecano o que quer é facer el as estroituras, sin que llas fagan os maiores, porque, facéndoas, vai descubrindo máis propiedades das pezas que si ollara o produto final e o "consumira" coma bó consumidor.

Inversión

Esta é outra técnica provocativa do pensamento lateral. Consiste en "darlle a volta á tortilla" pra ver o que pasa. No

proceso pódese liberar información valiosa. Hai que lembrar que a única xustificación de facer esto é a utilidade que pode reportar a posteriori. Recordemos que o pensamento lateral é unha actitude mental permanente, un mecanismo de seguridade que funciona pra evitar os desmáns do pensamento vertical. Un sereno que ten que vixiar un edificio importante e non sabe a qué atender máis: logo dá na idea de invertir temporalmente a súa tarefa; en vez de vixiar vai entrar nel a roubar. Entón plantéxanse as custións dos accesos, entradas, puntos débiles, etc. E deste xeito sabe cómo vixiar o edificio. É o que fai un bó detective cando investiga un crime: poñerse na mente do criminal.

Analoxías

Na solución de problemas ás veces é útil unha analoxía. A ventaxa da analoxía é que ten vida de seu: un comenzo, un desenrolo e un fin. Cando ún busca solucións é difícil seguir a liña de desenrolo do problema. Por eso convén comparalo ca analoxía, cuio resultado é conocido, e tratar de predecir o final do problema entre mans. Por exemplo o espallamento das murmuracións pódese comparar á queda dunha bola de neve polo monte abaixo. Analizando as circunstancias da queda oblígase ún a mirar máis de perto o problema e buscarlle todos os paralelismos, aínda que non sexan válidos, pois o efeito da comparanza é liberar enerxía informática que se pode apelotonar despóis dacordo cun novo patrón. A analoxía non ten que seguir esactamente o problema. En realidade calquera analoxía sirve, con tal que se use provocativamente pra atacar ao problema.

Importancia decisiva da direción de plantexamento e zona de atención

Nun problema con frecuencia é decisiva a entrada á solución, o xeito de plantealo. Según se empece por un cabo ou por outro o problema terá unha solución distinta. Por iso non convén despreciar ningún cabo solto por irrelevante. En certo episodio detectivesco de Sherlock Holmes o doutor Watson rexeitóu, no análise das circustancias dun crime, a presencia dun can á porta da casa, porque "non fixera nada". En troques Sherlock Holmes pensóu que se o can non se movera dalí o criminal seríalle conocido ao can. E por ahí descubríu quén fixera o crime.

Estimulación fortuita

Tratando de resolver un problema con frecuencia a atención está demasiado suxeita ao miolo pra lle entrar ao problema polo plantexamento idóneo. Entón convén deixarse esti-

mular por calquera fenómeno independente do problema, pero que, debido ás propiedades automasimizantes da mente, entrará a formar parte do conxunto de circunstancias forzando unha apertura dos patróns pra adaptárense á nova situación. Unha vez empezada a disolución xa está medio resolto o problema. En química é sabido que a presencia de catalizadores acelera procesos, sin que aquéles teñan que intervir direitamente. As proteínas engánchanse unhas nas outras dacordo ca súa estroitura, pero fano dunha maneira errática. Co DNA as moléculas véñense estroiturar perfeitamente, e logo de se desprenderen siguen artelladas. Sin a estimulación precisa do DNA sería moito máis difícil que se artellaran desa maneira.

A estimulación fortuita pódese facer por esposición ou por xeneración formal. A esposición pódese facer aceitando e acollendo información ambental calquera, espoñéndose ás ideas dos demáis, ou ás ideas doutras disciplinas centíficas diferentes da propia, ou simple esposición física coma por exemplo andar por un supermercado e deixar que a mente vaia recollendo o que queira do que ve pra relacionalo co problema a resolver.

A xeneración formal pódese facer abrindo un dicionario por calquera páxina e collendo calquera veba, e sólo unha. A mente encargaráse de relacionar o novo conceito ao problema, aínda que pareza ao principio descabelado. Ou ben collendo o primeiro libro ou xornal ou revista que veña á man nunha biblioteca pública. Ou ben tendo unha técnica definida pra recoller ouxetos do ambente (por exemplo fixándose na primeira cousa de color roxo).

Fleming descobríu a penicilina fixándose nun cultivo de fungos que se desenrolara no seu bocadillo podre. Se tirara co el sen máis non podería facer o seu famoso e útil descobrimento.

Resume

Hasta agora recálcase na pedagoxía o uso do pensamento lóxico e secuencial. A creatividade cóidase que xurde porque sí, de xeito misterioso. O pensamento lateral está pra axudar á creatividade do individo. Non é un sustituto do pensamento tradicional senón un complemento necesario. O uso que o pensamento lateral fai da información é diferente do que fai o pensamento lóxico. Néste é necesario estar certo a cada paso, naquél non. No pensamento lóxico fanse xuicios imediatos que coartan o pensamento libre. No pensamento lateral anímase a aitividade das ideas e suspéndese temporalmente o enxuicialas. O pensamento lateral usa a información provocativamente e reta ou desafía as categorías establecidas. Debaixo destes dous aspectos está o propósito fundamental do pensa-

mento lateral: reestroiturar patróns mentáis. Esta reestroituración é necesaria pra liberar enerxía informática (vala o símil) e facer millor uso da información xa dispoñible.

A mente é un sistema que forma patróns, creándoos a partir do medio ambente e recoñecéndoos e usándoos. A causa de que o orde ou secuencia de chegada da información determina cómo se vai arranxar nun patrón, os patróns constitúen un arranxamento de información menor que o óutimo. Por eso, pra poñer ao día os patróns e facer millor uso da información contida neles, precísase o mecanismo de reestroituración da percepción interna. Esto non o pode ofrecer o pensamento vertical, cuio ouxetivo é relacionar conceptos aceitados e non reestroituralos antes de aceitalos.

A provocación e o desafío do pensamento lateral van máis aló da razón, pois este tipo de pensamento traballa fora dela. Non embargantes, a necesidade do pensamento lateral básase lóxicamente nas deficencias do sistema automasimizante da memoria. O pensamento lateral é xenerativo. O pensamento vertical é seleitivo. O ouxetivo de ambos os dous é a eficacia. O pensamento lateral libera da necesidade de estar encadeado a unha solución adecuada e acicatea á mente a buscar sempre solucións alternas. O pensamento lateral prevén o perigo de quedar atorado cunha idea anticuada, impide o dogmatismo, a arrogancia.

A necesidade de cambiar ideas é cada vez máis imperiosa. Hasta agora a maneira que máis se levaba en cambiar ideas era o conflito. O pensamento lateral ofrece un medio de cambiar ideas sen ter que recurrir á guerra atómica.

A millor maneira de aprender a usar o pensamento lateral é practicando segundo as técnicas propias del. O pensamento lateral é un hábito, unha actitude mental e ante a vida. O pensamento lateral non sementa a dúbida porque sí. Recoñece a utilidade do pensamento vertical. Pero recalca a necesidade de cambiar as ideas ríxidas, de poñelas ao día e facelas aínda máis útiles. O pensamento lateral trata de liberar ao home da pior servidume de todas: a servidume das ideas.

Pra findar, poderíamos ilustrar a utilidade do pensamento lateral cunha analoxía traguida dos cazadores de monos para os zoos. Meten noces dentro dunha botella, que enterran hasta a boca. Os monos meten a man dentro e agarran un puñado de noces. Co puño pechado non se poden zafar do colo da botella. E son tan larpeiros que non arrean a presa e son collidos polos cazadores, que os venden aos xardíns zoolóxicos europeus. Supoño que non teño que esplicar a analoxía.

CARLOS DURÁN
Londres

UNHA TEMPADA NO INFERNO

Noutro tempo, lémbrome ben, a miña vida era unha esmorga na que todos os corazóns se abrían, na que todos os viños corrían.

Unha noite, sentéi a Beleza nos meus xionllos. —E atopéina amarga.—E aldraxéina.

Arméime contra a inxusticia.

Fuxín. Ouh meiga, ouh miseria, ouh xenreira, a vós confióusevos o meu tesouro.

Cheguéi a facer esborrallar no meu esprito toda a humana espranza. Sobre todo a ledicia, pra esganala, fixen o xordo salto da besta feroz.

Chaméi aos verdugos pra rillar, mentras morría, a culata dos seus fusiles. Invoquéi ás pragas pra oufegar ca area, ao sangue. A disgracia foi o meu deus. Deitéime na lama. Sequéime no aire do crimen. Fixen boas falcatruadas á tolemia.

E a primavera tróuxome a risada ruin do parvo.

Derradeiramente, coidándome no meu derradeiro *cuac*, penséi en percurar a chave da vella esmorga, na que cecáis recobrara o degoro.

A caridade é isa chave.—Ista ispiración proba que soñéi.

"Seguirás sendo hiena...", etc., —berraba o demo que me coróu— con tan apracentes adormideiras. "Gana a morte con todos os teus degoros, e o egoísmo e todos os pecados capitales".

Ah! estóu canso demáis: —Pero, querido Satán, eu esconxúrote, unha púpila menos carraxenta! e atendendo ás pequenas cobardías retrasadas, ti que amas no escritor a falla de facultades descriptivas ou instructivas, arrinco istas poucas páxinas odiosas do meu carnet de condanado.

O SANGUE MALO

Teño dos meus devanceiros galos o branco azul dos ollos, o cerebre estreito, e a torpeza na loita. Atopo a miña vestimenta tan bárbara como a súa. Pero eu non poño sebo á miña cabeleira.

Os galos eran os esfoladores de bestas, os incendiarios das herbas máis baldrocas do seu témpo.

Diles, teño: a idolatría e o amor do sacrilexo —ouh! todos os vi-

cios, carraxe, luxuria—, mañífica, a luxuria; —por riba de todo a mentira e a preguiza.

Arrepíanme todos os oficios. Amos e obreiros, todos labregos, innobles. A man que sostén a pluma val tanto como a que ara. —Qué século de mans!— Eu xamáis asoballaréi á miña man. Dispóis, a domesticidade leva lonxe demáis. A honradez da mendicidade magóame. Os criminales noxean como capados: eu, son intacto, e iso dame igual.

Máis! ¿quén fixo a miña língoa dunha perfidia tal, que gardóu e dirixíu hastra o de agora a miña preguiza? Sin servirme do meu corpo pra vivir, e máis folgado que un sapo, vivín por todas as partes. Non hai unha familia de Europa que eu non coñeza. —É decir, familias como a miña, que llo deben todo á Decraración dos Dereitos do Home. — Coñecín cada fillo de familia!

.....

Si tivera devanceiros nun punto calquera da historia de Francia. Pero non, nada.

Éme evidente dabondo que sempre fun dunha caste inferior. Non poido entender a revolta. A miña caste soio se revoltóu pra saquear: coma os lobos sobre da besta que non mataron.

Lembro a historia de Francia, vinculeira da Eirexa. Eu, labrego, tiven que facer o viaxe á Terra Santa; gardo na cabeza as roitas das chairas suabas, das vistas de Bizancio, das murallas de Solima; o culto de María, a moleza didiante do Crucificado espertan en min antre mil festas profanas, —Estóu sentado, leproso, riba dos potes crebados e as estrugas ao pé dun valado rillado polo sol. —Máis tarde, fidalgón, camparía baixo das noites da Alemania.

Ah! inda: bailo no aquelarre, con vellas e nenos, no claro roxo dun bosque.

Nada lembro máis alá dista terra e o cristianismo. Non remataréi de ollarme nise pasado. Pero sempre soio; sin familia; e ¿qué língua eu falaba? Me non vexo nunca nos consellos de Cristo; nos consellos dos Señores, —representantes do Cristo.

Qué era eu no derradeiro século: somentes hoxe volvo a atoparme. Non máis vagamundos, non máis guerras inútiles. A caste inferior cobriuno todo —o povo, como se dí, a razón, a nación, e a cencia.

Ou! a cencia! Consideróuse todo. Para o corpo e para a alma, o viático —ún ten a meiciña e a filosofía—, as meiciñas das boas mulleres e as cancións populares arranxadas. E as diversións dos príncipes e os xogos que iles prohibían! Xeografía, cosmografía, mecánica, química!...

A cencia, a nova nobleza! O progreso. O mundo camiña! Por qué iba voltar?

É a visión dos númaros. Imos deica o *Esprito*. É moi certo, é un agoiro, o que digo. Enténdoo, e non sabendo esplicarme sin verbas pagáns, quixera calar.

.....

O sangue pagán volve! O esprito está preto ¿por qué me non axuda Cristo dando á miña alma nobreza e libertade? Ai! pasóu o Evanxelio! o Evanxelio! o Evanxelio.

Espero a Deus con degoiro. Son de caste inferior dende toda a eternidade.

Veleiquí estóu na praia armoricán. Que as cidades rebrillen na noite. A miña xeira está xa feita: deixo Europa. O aire mariño queimará os meus pulmóns; os climas perdidos hanme atanar. Nadar, esmoer a herba, cazar, fumar sobre todo; beber licores fortes como o metal fervente —como facían ises queridos devanceiros arredor das fogueiras.

Volveréi, con membros de ferro, a pel moura, o ollo rabecho: pola miña máscara, xuzgaráseme dunha caste forte. Teréi ouro; seréi nugallán e brután. As mulleres cuidan a istes feroces inútiles cando volven dos países quentes. Mesturaréime nos choios políticos. Salvado.

Agora estóu maldito, arrepíame a patria. O millor é botar un soño bébedo, sobre da area.

.....

Ún non se vai. —Collamos de novo polos camiños de acó, carregado co meu vicio, o vicio que pousóu as súas raigames de sofrementos onda min, dende que tiven uso de razón— que sube ao ceo, báteme, derrúbame, arrástrame.

A derradeira inocencia e a derradeira timideza. Está dito. Non levar ao mundo os meus noxos e as miñas traicións.

Imos. A marcha, o trouxelo, o deserto, o noxo, a carraxe.

A que alugarme? Qué besta compre adorar? Qué santa imaxen atacan? Qué corazóns esnaquizaréi? Qué mentira compre soster? —Sobre qué sangue camiñar?

O primeiro, gardarse da xusticia. —A vida dura, o inxel abrutamento, —erguer o puño escarnizado, a tampa do cadaleito, sentarse, abafarse. Así, nada de vellez, nin de perigo: o terror non é francés.

Ai! estóu tan desamparado que ofrezo a calquera imaxen divina pulos cara a perfección.

Ouh a miña abnegación, ouh a miña maravillosa caridade! eiquí abaixo, malia todo!

De profundis, Domine, seréi idiota!

.....

Moi neno, inda, eu admiraba ao túzaro forzado sobre o que se pecha sempre a cadea; visitaba as pousadas e os cobexos que il consagrara ca súa estadía; vía *ca súa idea* o ceo azul e o traballo frorido do campo; ventaba a súa fatalidade nas cidades. Il tiña máis forza que un santo, máis siso que un viaxeiro —e il! soio il! por testigo da súa groria e da súa razón.

Polos camiños, nas noites de inverno, sin moradía, sin roupas, sin pan, unha voz esganaba o meu corazón xeado: "Febleza ou forza: velaiquí, é a forza. Ti non sabes nin onde vas nin por qué vas, entra en todas as partes, responde a todo. Non te matarán máis que si xa foses cadavre. "Pola maňá tiña a ollada tan perdida e o continente tan morto, que os que atopéi *cecáis non me viron.*

Nas cidades a lama semellábame de súpeto roxa e negra, como un espello cando a lámpada vai e ven na cámara veciña, como un tesouro no bosque! Boa sorte, berraba, e ollaba un mar de labaradas

e de fume no ceo; e, á ezquerda, á dereita, todas as riquezas alampando como un milleiro de lóstregos.

Pero a orxía e a camaradaxe das mulleres estábanme prohibidas. Nin tan siquera un compañeiro. Veíame didiante dunha multitude alporizada, cara ao pelotón de execución, chorando coa coita de que iles non comprenderan, e perdoando! —Como Xohana de Arco!— "Sacerdotes, profesores, mestres, trabucádevos entregándome á xusticia. Non pertenecín a iste povo; nin nunca fun cristián; eu son da raza que cantaba no marteiro; non comprendo as leis; non teño senso moral, son un brosmo: trabucádevos...".

Sí, teño os ollos pechados á vosa luz. Son unha besta, un negro. Pero podo ser salvo. Vós sodes falsos negros, vós teimosos, feroces, avarentos. Mercader, ti és negro; maxistrado, ti és negro; xeneral, ti és negro; emperador, vello proído, ti és negro: bebiche un licor non tasado, da fábrica de Satán. —Ise povo está inspirado pola febre e o cancro. Tolleitos e vellos son tan respeitables que piden que os fervan. O máis retranqueiro é deleixar iste continente, onde ronda a tolemia pra prover de rehenes a ises miserentos. Entro no verdadeiro reino dos nenos de Cam.

Coñezo inda á natureza? Coñézome a min mesmo? —Non *máis verbas*. Enterro os mortos no meu ventre. Berros, tambores, danza, danza, danza, danza! Non vexo o intre no que, chegando os brancos caeréi no valeiro.

Fame, sede, berros, danza, danza, danza, danza!

.....

Os brancos desembarcan. O cañón! Hai que se someter ao bautismo, vestirse, traballar.

Recibín no corazón o golpe de gracia. Ah! non o prevíra!

Eu non fixen o mal. Os días seránme lizgairos, aforraráseme o arrepentimento. Eu non teréi a alma casi morta ao ben, na que se ergue a luz severa coma os cirios funerarios. O destino do fillo de familia, cadaleito prematuro de límpidas bágoas. Sin dúbida a orxía é tola, o vicio é tolo; compre desbotar a podredume a un lado. Pero o relox non chegará a non dar máis que a hora da door. ¿Vou ser raptado como un neno, pra xogar no paradiso no esquezo de toda coita?

Cedo! hai outras vidas? —O sono na riqueza é imposible. A riqueza foi sempre ben público. Soio o amor divino outorga as chaves da cencia. Vexo que a natureza non é máis que un espectáculo de bondade. Adeus quimeras, ideales erros!

O canto razonable dos anxos érguese dende o barco salvador: é o amor divino. —Dous amores! podo morrer de amor terrestre, morrer de abnegación. Deleixéi almas cuia mágoa medrará ca miña partida! Escollédesme antre os náufragos; os que quedan, ¿non son amigos meus?

Salvádeos!

A razón nacéu en min. O mundo é bon. Benzoaréi a vida. Amaréi aos meus irmáns. Non son promesas de nenos. Nin a espranza de fuxir á vellez e á morte. Deus fai a miña forza e eu fago a loubanza de Deus.

.....

O noxo xa non é o meu amor. A rábea, as orxías, a tolemia, da

que séi todos os pulos e os desastres, —todo o meu trouxelo foi depositado. Apreciemos sin vágado a estensión da miña inocencia.

Non sería capaz de pedir o acougo dunha malleira. Non me coido embarcado pra unha boda con Xesucristo coma sogro.

Non son un prisioneiro da miña razón. Dixen: Deus. Quero a libertade na salvación: ¿cómo acadala? Os gustos frívolos deleixáronme. Non máis necesidade de abnegación nin de amor divino. Non boto de menos o século dos corazóns sensibles. Cada quén ten a súa razón, desprecio e caridade: conservo o meu lugar no cumio dista anxélica escada do bon senso.

En canto á felicidade establecida, doméstica ou non... non, non podo. Estóu disipado demáis, feble demáis. A vida frorece co traballo, vella verdade: eu, a miña vida non é grávida dabondo, voa e aboia por riba da acción, ise querido punto do mundo.

Como me vou tornando unha solteirona, ao carecer de carraxe pra amar a morte!

Si Deus me concedera o acougo celeste, aéreo, o prego, —como os santos antergos—. Os santos, fortes! os anacoretas, artistas a máis dar!

Farsa a eito? A miña inocencia faríame chorar. A vida é a farsa que temos que representar antre todos.

.....

Basta! veleiquí o castigo. —*En marcha.*

Ah! os pulmóns queiman, as tempas retumban! A noite rola nos meus ollos, con ise sol! o corazón... os membros...

Ónde se vai? Ao combate? Son feble! os outros avanzan. As ferramentas, as armas... o tempo!

Lume! lume sobre mín. Ahí! ou ríndome. —Cobardes!— Mátome! tírome aos pés dos cabalos!

Ah!...

—Afaréime.

Sería a vida francesa, o vieiro do honor.

NOITE DO INFERNO

Engulín un grolo de veleno. —Seña tres veces benzoado o consello que me chegóu!— Árdenme as entrañas. A violencia do veleno retorce os meus membros, vélveme deforme, báteme. Morro de sede, oufégome, non podo berrar. É o inferno, o castigo eterno! Vede como o fogo volve a erguerse! Ardo a xeito. Imos, demo!

Entrevíra a conversa ao ben é á felicidade, a salvación. Podo describir a visión, o aire do inferno non atura os hinos. Eran millóns de criaturas encantadoras, un lene concerto espritual, a forza e a paz, as nobres ambicións, ¿qué séi eu?

As nobres ambicións!

E é inda a vida! —Si a é eterna! Un home que quere fanarse está ben condanado, non si? Cóidome no inferno, logo estóu níl. É a realización do catecismo. Son escravo do meu bautismo. Pais, fixéchedes a miña coita e tamén fixéchedes a vosa. Probe inocente! —O inferno non pode atacar aos pagáns.

—É unha a vida! Máis tarde as ledicias da condanación serán máis fondas. Un crimen, rápido, que caia eu no valeiro, asegún a lei humán.

Cála, pero cála... É a vergonza, o reproche, acó: Satán que di que o fogo é innobre, que a miña carraxe é horriblemente tola... —Basta!... Erros que me suxiren, maxias, cheirumes falsos, músicas pueriles. —É decir que teño a verdade, que vexo a xusticia: teño un xuicio sán e firme, estóu disposto para a perfección... Orgullo. A pel da miña cabeza enxóitase. Piedade! Señor, teño medo. Teño sede, tanta sede! Ah! a nenez, a herba, a chuvia, o lago sobre as pedras, *o claro de lúa cando a campana daba as doce*... nisa hora, o diabo está no campanario. María! Santa Virxen!... Horror da miña tolemia.

¿Non hai aló almas honradas que queiran o meu ben?... Vide... Teño unha almofada sobre a boca, non me oen, son pastasmas. Amáis, ninguén pensa xamáis no próximo. Non se aconcheguen. Cheiro a queimado, é certo.

As alucinacións son innumerables. É o que sempre tiven: non máis fe na historia, o esquezo dos principios. Calaréi: poetas e visionarios terían envexa. Son mil veces o máis ricos, señamos avaros como a mar.

Ah esto! o relox da vida remata de se parar. Xa non estóu no mundo. —A teoloxía é seria, o inferno está certamente *abaixo*— e o ceo está enriba—. Éxtasis, pesadelo, soño nun niallo de lampas.

Cantas retrancas na atención do campo... Satán, Fernando corre cas sementes salvaxes... Xesús camiña sobre as silvas purpúreas sin curvalas... Xesús camiñaba sobre das augas alporizadas. A linterna amósanolo de pé, branco e co pelo mouro, no flanco dunha ola de esmeralda...

Vou desvear todos os misterios: misterios relixiosos ou naturales, morte, nacemento, porvir, pasado, cosmogonía, nada. Son mestre en pantasmagorías.

Escoitade!...

Teño todos os talentos! —Non hai ninguén eiquí e hai alguén: non quixera lengoretear o meu tesouro. —¿Queren cantos dos negros, danzas de hurís? ¿Queren que desapareza, que me mergulle á precura do anelo? ¿Queren? Faréi ouro, meiciñas.

Confiade entón en min, a fe acouga, guía, cura. Vide, todos, —tamén os picaraños— pra que vos dea azos, pra que o corazón se verta por vós —o maravilloso corazón!— Probes homes, traballadores! Non pido pregos; ca vosa confianza somente, eu sería ditoso.

—E pensemos en min. Isto faime ter poucas saudades do mundo. Teño a sorte de non sofrer xa. A miña vida non foi máis que doces tolemias, é lamentable.

Bah; fagamos todos os acenos imaxinables.

Decididamente, estamos fora do mundo. Ningún són máis. O meu tacto desapareceu. Ah! o meu castelo, a miña Saxonia, o meu bosque de salgueiros. As tardes, as noites, as mañás, os días... Que canso vou!

Debera ter o meu inferno para a carraxe, o meu inferno pra o orgullo. —E o inferno da preguiza; un concerto de infernos.

Mórrome de cansacio. É a tumba, voume cara aos vermes, horror do horror! Satán, farsante, queres esluirme cos teus encantamentos.

Esixo. Esixo! un golpe de bieldo, unha pinga de lume.

Ah! remontar a vida! Pôr os ollos nas nosas eivas. E ise veleno. Ise bico mil veces maldizoado! Meu deus, piedade, escóndeme, non me podo soster! —Estóu escondido e non o estóu.

É o lume que volve a erguerse co seu condanado.

DELIRIOS

I

VIRXEN TOLA

O ESPOSO INFERNAL

Escoitemos a confesión dun compañeiro de inferno:

"Ouh divino Esposo, o meu Señor, non rexeites a confesión da máis triste das túas servas. Estóu perdida. Estóu bébeda. Son impura. Que vida!

"Perdón, divino Señor, perdón! Ah! perdón! Qué de bágoas! Qué de bágoas inda máis tarde, espero!

"Máis tarde, coñeceréi ao divino Esposo! Nacín sometida a Il. —O outro pódeme bater agora!

"Niste intre, estóu no fondo do mundo! Ouh amigas miñas... non, non amigas miñas... Xamáis torturas e delirios semellantes houbo... É idiota!

"Ah! sufro, berro. Sufro de verdade. Nembargantes todo me está permitido, carregada co abafallo dos máis miserentos corazóns.

"En fin, fagamos ista confidencia, inda que se repita outras vinte veces, —tan melancónica, tan insiñificante!

"Son escrava do Esposo infernal, aquil que perdéu ás virxes tolas. É certamente tal demo. Non é unha estacada, non é un pantasma. Pero a min que perdín o siso, que estóu condanada e morta pra o mundo —non se me matará!— Como volo describiréi! Nin tan xiquera séi falar. Estóu de loito, choro, teño medo. Un pouco de frescura, Señor, si vós o queredes, si vós o queredes por favor.

"Son viuda... —Era viuda...— pero sí, fun seria noutro tempo, e non nacín pra me convertir nun esquelete!... Il era casi un neno... As súas delicadezas misteriosas engaioláronme. Esquecínme de todo deber humán pra o seguir. Qué vida! A verdadeira vida está ausente. Non estamos no mundo. Vou onde il vai, é preciso. E a miúdo encarráxase contra de min, *contra de min, probe alma.* O Demo! —É un demo, sabedes, *non é un home.*

"Dí: 'Non amo ás mulleres. Hai que reiventar o amor, xa se sabe. Ílas non poden percurar máis que unha posición asegurada. Acadada a posición, corazón e beleza son deleixados: non queda máis que frío desdén, o alimento do matrimoño, hoxe. Ou ben vexo mulleres con mostras de ser felices, das que poidera facer boas camaradas, pero que inantes foron engulidas por brutos sensibles coma fogueiras...'.

"Escóitoo facendo da infamia unha groria, da crueldade un en-

canto". Son dunha raza lonxana: os meus pais eran escandinavos: furábanse os costados, bebían o seu sangue. —Faréime feridas en todo o corpo, tatuaréime, quero volverme horrible como un Mongol: verás, ouvearéi nas rúas. Quero volverme tolo de carraxe. Non me ensines xamáis alfaias, arrastraríame e retorceríame riba da alfombra. Quixera que a miña riqueza estivera lixada toda de sangue. Xamáis traballaría... 'Algunhas noites, o seu demo apoderábase de min, rolabamos, loitaba con il! —Polas noites, a miúdo, bébedo, púñase nas rúas ou nas casas, pra me escorrentar mortalmente—'. Cortaráme verdadeiramente o pescozo; será arrepiante. Ouh! ises días nos que quere camiñar co aire do crimen!

"Ás veces fala, nun xeito de xerga amolecida, da noite que fai arrepentirse, dos coitados que certamente esisten, dos traballos magoados, das despedidas que rachan os corazóns. Nas baiúcas onde nos embebedabámos, choraba ao contemplar aos que nos arrodeaban, feixe da miseria. Erguía aos bébedos nas rúas negras. Tiña a piedade dunha nai maligna para os nenos pequenos. —Andaba con monecadas de nena na catequesis. —Simulaba estar ben sabido de todo, comercio, arte, meiciña. —Eu pegaba tras dil, era preciso!

"Vía o decorado no que, mentalmente, arrodeábase; vestidos, cortinaxes, mobles; eu prestáballe armas, outro aspecto. Eu vía todo o que lle estarexía, como il houbera desexado crealo pra il. Cando me semellaba que xa tiña o seu esprito inerte, eu seguíao, nas accións estrañas e trambilicadas, lonxe, boas ou malas: eu estaba segura de que xamáis entraría no seu mundo. Ao lado do seu corpo adormecido, cantas horas na noite vixilaba, pescudando porque intentaba fuxir da realidade. Xamáis un home tivo un desexo semellante. Recoñecía, —sin temer por il—, que podía ser un perigo na sociedade. —¿Ten cecáis segredos pra cambiar a vida? Non, non fai máis que os percurar, respostábame. En fin, a súa caridade está enmeigada, e eu son prisioneiro dila. Ningunha outra alma tería forza dabondo, —forza de desesperación!— pra aturala, pra ser protexida e amada por il. Polo demáis non mo figuraba con outra alma: ún ve ao seu Anxo, xamáis ao Anxo de outro —coido eu. Estaba na súa alma coma nun pazo que fora valeirado pra non ver a unha persoa tan pouco nobre coma ti: veleiquí todo. Ai! dependía dil. Pero, ¿qué quería ca miña esistencia esmaciada e cobarde? Il non me volvía millor, si non me facía morrer! Tristemente despeiteada, díxenlle algunhas veces: 'Compréndote'. Il encollíase de hombros.

"Esí, renovándose decote a miña mágoa, e atopándome máis perdida ante os meus ollos, —como a todos os ollos que quixeran asmarme, si eu non estivera condanado pra sempre ao esquezo de todos!, —tiña cada vez máis fame da súa bondade. Cos seus bicos e as súas apertas amistosas, era un ceo, un mouro ceo, no que eu entraba e no que quixera ser deleixada, probe, xorda, muda, cega. Ibame xa afacendo. Ollábanos como dous nenos bós, ceibes a pasear no Paradiso da tristura. Puñámonos de acordo. Completamente emocionados. Traballábamos xuntos. Pero, dispóis dunha penetrante carexa, decía: 'Que raro che vai semellar, cando eu xa non estea, todo isto polo que pasache! Cando non teñas os meus brazos baixo o teu pescozo, nin o meu corazón pra descansar nil, nin esta boca sobre os teus ollos. Porque compre que me vaia, aló, moi lonxe, un día. Inda que isto non seña apracenteiro... querida alma...'. Logo eu presen-

tíame, partido il, presa do vágado, precipitada na máis arrepiante sombra: a morte. Facíalle prometer que xamáis me deixaría. Fixo vinte veces, ista promesa de amante. Era tan frívolo que eu decíalle: 'Compréndote'.

"Ah! xamáis tiven ciumes dil. Non me abandonará, coido. Qué faría? Non sabe nada, xamáis traballará. Quere vivir como un sonámbulo. ¿Soias, a súa caridade e a súa bondade, daríanlle dereito no mundo real? Ás veces esquezo a piedade na que caín: il faráme forte, viaxaremos, cazaremos nos desertos, durmiremos nos turreiros de cidades descoñecidas, sin coitas, sin mágoas. Ou espertaréime, e as leis e os costumes cambiarán —gracias ao seu poder máxico— o mundo, inda permanecendo o mesmo, deixaráme os meus anceios, ledicias, moleza. Ouh, a vida de aventuras que esiste nos libros dos nenos, pra me recompensar, poisque sofrín tanto, ¿darásma ti? Non pode. Iñoro o seu ideal. Díxome que ten saudades, espranzas: iso non debe ser cousa miña. ¿Fálalle il a Deus? Cecáis debera dirixirme a Deus. Estóu no máis profundo do abismo, e xa non sei pregar.

"Si me esplicase as súas tristuras, ¿comprenderíaas millor que as súas bulras? Atácame, pasa as horas a me facer avergonzar de todo o que me conmovéu no mundo, alporízase si choro.

"—Ves a ise elegante xoven que entra nisa bela e queda casa: chámase Duval, Dufoir, Armando, ¿qué sei eu? Unha muller consagróuse a amar a ise malvado badoco: está morta, agora, é sin dúbida unha santa no ceo. Ti farásme morrer como il fixo morrer a isa muller. É o noso destino, pra nós, corazóns caritativos...". Ai! había días nos que todos os homes que actúan semellábanlle xoguetes de delirios choqueiros; ría horriblemente, longo tempo. —Dispóis, volvía aos seus xeitos de nai nova, de irmá maior. Si fora menos salvaxe, estaríamos salvados! Pero a súa dozura tamén é mortal. Estóu sometida a il. —Ah! Estóu tola!

"Cecáis un día desaparecerá maravillosamente; pero compre que eu seipa, si él debe remontarse a un ceo, que eu vexa un pouco a asunción do meu pequeno amigo".

Curiosa parella!

DELIRIOS

II

ALQUIMIA DO VERBO

A min. A historia dunha das miñas toladas.

Dende había moito tempo gabábame de ter todas as paisaxes posibles, e atopaba irrisorias todas as celebridades da pintura e da poesía moderna.

Gostábanme as pinturas idiotas, rótulos, decoracións, telóns de saltanocribos, ensiñas, cromos populares; literatura pasada de moda, latín de eirexa, libros eróticos con fallas de ortografía, novelas das nosas aboas, contos de fadas, pequenos libros da nenez, belas óperas, retrousos parvos, ritmos inxenuos.

Soñaba cruzadas, viaxes de descobrimentos dos que non queda relación, repúblicas sin historias, guerras de relixión oufegadas, re-

volucións de costumes, desplazamentos de razas e continentes: creía en todos os encantamentos.

Inventaba a coor das vocales! —A negra, E branca, I roxa, O azul, U verde—. Regulaba a forma e o movemento de cada consonante, e, con ritmos instintivos, finchábame de inventar un verbo poético accesible un día ou outro, a todos os sensos. Reservaba a traducción.

Primeiro foi un estudo. Escribiría silenzos, noites, anotaba o inespresable. Fixaba vágados.

Lonxe dos paxaros, dos feixes, das aldeas,
¿Qué bebía eu, axionllado nista silveira
Arrodeado de tenras avelairas,
Nunha brétema de serán tépeda e verde?

¿Qué podía beber niste mozo Oise,
—Olmos sin voce, céspede sin frores, ceo enfuscado!—
Beber nisas cuncas marelas, lonxe da miña palloza
Querida? Algún licor de ouro que fai suar.

Facía unha trabucada ensiña de pousada
—Unha treboada veu a botar o ceo. Polo serán
A auga dos bosques perdíase nas areas vírxenes,
O vento que Deus guindaba tempanos ás pucharcas;

Chorando, vía o ouro —e non puiden beber—

.....

As catro da mañá, o vran,
O sono de amor dura aínda,
Vapórase baixo os bosqueciños
O cheiro do serán festexado

Aló, no seu largacío obradoiro,
Ao sol das Hespérides,
Abálanse xa —en mangas de camisa—
Os carpinteiros.

Nos seus Desertos de carriza, quedos,
Preparan preciosos artesonados
Onde a cidade
Pintara ceos rasos.

Ouh, pra ises Obreiros, maravillosos
Súbditos dun Rei de Babilonia,
Venus! deixa un intre aos amantes
Cuia alma está coroada.

Ouh, Raiña dos Pastores!
Leva aos traballadores o augardente,
Que as súas forzas estean en paz,
Esperando o baño na mar ao mediodía.

.....

A antigalla poética tiña boa parte da miña alquimia do verbo.

Acostumábame á alucinación simple: eu ollaba limpamente unha mezquita en lugar dunha fábrica, unha escolanía de tambores feita por anxos, calesas nos vieiros do ceo, un salón ao fondo dun lago; os monstros, os misterios; un tíduo de *Vaudeville* erguía pavuras diante de min.

Dispóis esplicaba os meus sofismas máxicos ca alucinación das palabras!

Rematéi por atopar sagro o desorden do meu esprito. Era un lacazán, presa dunha febre zoupona; envexaba a felicidade das bestas —os vermes, que representan a inocencia dos limbos, as toupes, o ensoño da virxinidade!

O meu caraute acedábase. Decía adeus ao mundo nunha especie de romanzas:

CANCIÓN DA MÁIS OUTA TORRE

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa.
Teño tanta pacencia
Que xamáis esquezo
Medos e sofrementos
Fuxiron ao ceo.
E a sede malsán
Escurece as miñas veas.

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa.

Tal a pradeira
Entregada ao esquezo
Medrada e frorida
De incenso e de estripos,
Ao túzaro zoar
Das porcas moscas.

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa.

Gostábanme os desertos, os verxeles queimados, as tendas murchas, as bebidas tépedas. Arrastrábame polas rúas fedentas, e, cos ollos pechados, ofrecíame ao sol, deus do fogo.

"Xeneral, si queda un vello cañón sobre os teus valados en ruinas, bombardéanos con bloques de terra enxoita. Aos espellos dos farturentos almacéns! Faille embullar o seu pó á cidade. Enferruzan as gorgazas. Enche aos camaríns de pó de rubí ardente...".

Ouh! o moscardón, embébedo no mexadoiro da pousada, namorado da borralla, e que eslúe un raio!

F A M E

Si teño gosto, non é máis que
Para a terra e as pedras.
Almorzo sempre aire,
Pedras, carbón, ferro.

Fames miñas, tornádevos. Pasado, fames,
O lameiro dos sóns,
Atraguede o ledo veleno
Das enredadeiras.

Xantade pedras esnaquizadas,
As vellas pedras de eirexas;
Os croios dos vellos dioivos,
Pans sementados nos cincentos vales.

.....

O lobo ouveaba baixo as follas
cuspindo as belas prumas
Do seu xantar de aves:
Coma il eu chúchome.

As leitugas, as froitas
Esperan só a colleita;
Pero a araña do valado
Non xanta máis que violetas.

Que eu durma! que ferva
Nos altares de Salomón.
A sopa corre sobre da ferruxe
E mestúrase ao Cedrón

En fin, ouh felicidade, ouh razón, arredéi do ceu azul, que é negro, e vivín, faisca de ouro da luz *natureza*. Por ledo, adoitaba unha espresión choqueira e traspoleirada deica o posible:

.....

Foi de novo atopada!
Qué? a Eternidade.
É a mar misturada
Co sol.

A miña alma eterna,
Cumple o teu voto
Malia a noite soia
E ao día en lume

Pois ti céibaste
Dos votos humáns,
Dos pulos comúns!
Voas asegún...

—Xamáis a espranza,
Non hai *orietur*.
Cencia e pacencia,
o suplicio é seguro.

Xa non hai mañán
Brasas de satén
A vosa ardentía
É o deber.

Foi de novo atopada!
—Qué?— A Eternidade.
É a mar misturada
Co sol.

Convertínme nunha ópera fabulosa: vín que todos os seres teñen unha fatalidade de dita: a acción non é a vida, sinón un xeito de desbotar unha forza, un alporizamento. A moral é a febleza do cerebre.

A cada ser, coidaba eu, debíanselle varias *outras* vidas. Ise señor non sabe o que fai: é un anxo. Ista familia é un niallo de cáns. Didiante de varios homes, eu falaba en outra voz cun intre dunha das súas outras vidas. —Esí, améi a un porco.

Uingún dos sofismas da tolemia —a tolemia que se pecha—, foi esquecido por min: poderíaos repetir todos, son dono do sistema.

A miña saúde foi ameazada. O terror viña. Caía nos soños de varios días, e, ergueitos, continuaba os soños máis tristeiros. Eu estaba madurecido para a morte o por un vieiro de perigos a miña febleza levábame aos ermos do mundo e da Cimeria, patria da sombra e das redemoíñas.

Tiven que viaxar, distraer os encantamentos axuntados no meu cerebre. Sobre a mar, á que amo coma si tivera que lavarme dun lixo, ollaba erguerse á cruz confortadora. Fun condanado polo arco da vella. A Felicidade era a miña fatalidade, o meu remorso, o meu verme: a miña vida sería sempre inmensa dabondo pra ser consagrada á forza e á beleza.

A Felicidade! O seu dente, doce á morte, decatábame ao canto do galo —ad *matutinum,* ao *Christus venit*—, nas máis escurentas cidades:

Ouh sazóns, ouh castelos!
Qué alma hai sin defectos?

Fixen o máxico estudo
Da felicidade que ninguén escusa

Salve a ila, cada vez
Que canta o galo dos Galos

Ah! non teréi máis cobiza:
Encarregóuse da miña vida.

Iste encanto tomóu alma e corpo
E espallóu os esforzos

Ouh sazóns, ouh castelos!

A hora da súa fuxida, ai!
Será a hora da morte.

Ouh sazóns, ouh castelos!

Todo isto pasóu. Hoxe séi saudar á beleza.

Ah! ista vida da miña nenez, a grande roita de todos os tempos, sobrio sobrenaturalmente, máis desinteresado que o millor dos esmoleiros, orgullosa de non ter nin país, nin amigos, que parvada era. —E soio agora me decato.

—Fixen ben en abafallar a isas boas xentes que non perden a ocasión dun agarimo, parásitos da limpeza e da saúde das nosas mulleres, hoxe que ilas están tan pouco de acordo connosco.

Tiven razón en todos os meus desdéns: posto que me enviso.

Envísome?

Esplícome.

Inda onte, salaiaba: "Ceo! non somos dabondo os acó abaixo condanados! Levo xa tanto tempo antre a súa grea! Eu coñézoos a todos. Recoñecémonos sempre; aldraxámonos. A caridade énos descoñecida. Pero somos educados; as nosas relacións co mundo son moi correctas". É abraiante? O mundo! os mercaderes, os inxenuos! —Nós non estamos deshonrados—. Pero os eleitos, como nos recibirían? E hai xentes carraxentas e ledas, falsos eleitos, posto que nos compre audacia ou humildade para as abordar. Son os únicos eleitos. Non son dos que benzoan.

Atopándome con dúas cadelas de razón —iso cedo pasa!— vexo que os meus malestares veñen de que non me decatéi o bastante cedo de que estamos no Oucidente. Os illós oucidentales! Non é que crea na luz axeitada, a forma esgotada, o movimento traspoleirado... Ben! veleiquí que o meu esprito quere absolutamente encarregarse de todos os desenrolos crueles que sofréu o esprito dispóis do fin de Oriente... Quéreo, o meu esprito!

As miñas dúas cadelas de razón remataron! —O esprito é a autoridade, quere que esté en Oucidente. Compre facelo calar pra rematar como eu quería.

Eu mandaba ao diaño as palmas dos mártires, os raios do arte, a fachenda dos inventores, a ardentía dos ladróns; volvía a Oriente e á sabencia primeira e eterna. —Semella que é un cono da preguiza baldroca!

Nembargantes, non soñaba no placer de fuxir dos sofrementos modernos. Non tiña en conta a sabencia bastarda do Corán. —Pero, ¿non hai un suplicio no que, dispóis dista declaración da cencia, o cristianismo, o home *xogue consigo,* próbese as evidencias, fínchese co parabén de repetir isas probas, e soio viva esí? Tortura sotil, babeca; fonte das miñas divagacións espirituales. A natureza podería anoxarse, cecáis! O señor Prudohmme nacéu co Cristo.

¿Non é porque cultivamos a brétema? Xantamos a frebe coas nosas legumes acuosas. A bebedeira! e o tabaco! e a inorancia! e os sacrificios! —¿Está todo isto bastante lonxe do pensamento, da sabencia de Oriente, a patria primitiva? Por qué un mundo tan moderno, si se inventan parellos velenos.

As xentes de Eirexa dirán: Está comprendido. Pero vós queredes falar do Edén. Nada hai pra vós na historia dos povos orientales. —É verdade; é co Edén co que eu soñaba! Qué é pra o meu soño isa enxebreza das castes antigas!

Os filósofos: o mundo non ten edade. A humanidade desplázase simplemente. Estades en Oucidente, pero libres de vivir no voso

Oriente, tan vello coma vos compra que seña —e vivir ben. Non señas un vencido. Filósofos, sodes do voso Oucidente.

Esprito meu, ponte en garda. Nada de decisións violentas. Exércete! —Ah! a cencia non vai rápida dabondo pra nós!

—Pero decátome de que o meu esprito durme.

Si estivese ben disposto a partir dise intre, cedo estaríamos na verdade, que cecáis nos arrodea cos seus anxos chorosos...! —Si estivera desperto deica ise intre, é que eu non cedera aos meus instintos mortíferos, nunha época inmemorial!... —Si estivera sempre ben desperto, navegaría de cheo na sabencia!...

Ouh enxebreza, ouh enxebreza!

É ise minuto do esperta o que me déu a visión da enxebreza! —Polo esprito vaise a Deus!

Malfadado Rachador!

O LÓSTREGO

O traballo humán! é a esplosión que alumea o meu abismo de tempo en tempo.

"Nada é vanidade; á cencia, e adiante!" berra o Eclesiastés moderno, é decir, *Todo o mundo*. E nembargantes os cadavres dos malvados e dos lacazáns cain sobre os corazóns dos outros... Ah! cedo, cedo un pouco; aló lonxe, máis aló da noite, isas recompensas futuras, eternas... ¿fuxiremos delas?

Qué podo eu? Coñezo o traballo; e a cencia é lenta dabondo. Que o prego agallope e que a luz zoe... véxoo ben. É senxileo dabondo, e fai calor dabondo; prescindiráse de min. Teño o meu deber; estaréi fachendoso como outros, deleixándoo.

A miña vida está valeirada. Imos! finxamos, folguemos, ouh piedade! I esistiremos divertíndonos, soñando amores monstros e universos pantásticos, laiándonos e querelando as aparencias do mundo, saltanocribo, esmoleiro, artista, bandoleiro, —sacerdote! Sobre o meu leito de hospital, o cheirume do incenso volvéu a min, tan poderoso; gardián dos cheirumes sacros, confesor, mártir...

Recoñezo nisto a miña porca educación da nenez. Dispóis qué!... Ide os meus vinte anos, si os outros van vinte anos...

Non! non! agora revóltome contra da morte! O traballo semella dabondo lizgairo pra o meu orgullo: a miña traición ao mundo sería un suplicio corto dabondo. No derradeiro intre, atacaría á dereita, á ezquerda...

Entón, —ouh querida probe alma, a eternidade non estaría perdida pra nós!

MAÑAN

Non tiven *unha vez* unha xuventude garimosa, heroica, fabulosa, como pra escribir sobre follas de ouro, —sorte demáis! ¿Por qué crime, por qué erro, merezo a miña febleza actual? Vós que pretendedes que as bestas lancen laios de mágoa, que os enfermos adoezan,

que os mortos soñen mal, tratade de contarme a miña caída e o meu soño. Eu non séi esplicarme máis que o esmoleiro nos seus continos *"Pater"* e *Ave María. Xa non séi falar!*

Nembargantes, hoxe, coido ter rematado o relato do meu inferno. Era certamente o inferno; o vello, aquel ao que o fillo do home abríulle as portas.

Dende o mesmo deserto, na mesma noite, sempre que os meus ollos cansos espértanse á estrela de prata, sempre, sin que se conmovan os Reis da vida, os tres magos, o corazón, a alma, o esprito. ¿Cándo iremos, máis aló das praias e os montes, a saudar o nacemento do novo traballo, a nova sabencia, a fuxida dos tiráns e dos demos, o fin da superstición, a adorar —os primeiros!— o Nadal sobre a terra?

O canto dos ceos, a marcha dos povos! Esclavos, non maldizoemos a vida.

ADEUS

O outono xa! Pero por qué ter saudades dun sol eterno, si estamos comprometidos no descobrimento da claridade divina —lonxe das xentes que morren sobre das estacións.

O outono. A nosa barca ergueita nas brétemas inmóviles torna deica o porto da miseria, a cidade enorme cun ceo lixado de fogo e de lama. Ah! os farrapos podres, o pan enchoupado de chuvia, a bebedeira, os mil amores que me crucificaron! Non rematará, pois ista raiña cubizosa de millóns de almas e de corpos mortos *e que serán xuzgados!* Vólvome a ollar a pel rillada pola alma e a peste, de vermes máis grosos no corazón, espallado antre os descoñecidos sin edade, sin sentimento... Poden morrer aló... A horrible lembranza! Maldigo a miseria.

E téñolle medo ao inverno porque é a tempada co confor!

—Algunhas veces vexo no ceo praias sin fin cobertas de brancas nacións ledas. Unha gran nao de ouro, por riba de min, abala os seus pabellóns de moitas coores baixo as brisas da mañá. Creéi todas as festas, todos os trunfos, todos os dramas. Tratéi de inventar novas frores, novos astros, novas carnes, novas línguas. Coidéi adquirir poderes sobrenaturales. Pois ben; tiven que soterrar a miña imaxinación e as miñas lembranzas! unha fermosa groria de artista e de narrador apaixoado!

Eu! eú que me dixen mago ou anxo, dispensado de toda moral, fun devolto ao chan, cun deber que percurar, e a rugosa realidade por apertar! Labrego!

Trabuquéime? A caridade será a irmá da morte pra min?
En fin, pediréi perdón por me ter nutrido da mentira. E imos
Pero nin unha man amiga! e de onde tirar o socorro?

.....

Sí, a hora nova é polo menos moi rexa.

Pois podo decir que a victoria foime concedida: o renxer dos dentes, os asubíos de fogo, os salaios fedentos modéranse. Todas as

lembranzas inmundas esborrállanse. Os meus derradeiros arrepentimentos retráense —envexas dos esmoleiros, os bandidos, os amigos da morte, os mougás de toda clás—. Condanados, si me vingase!

Nada de cánticos: soster o paso ganado. Dura noite! o sangue rechumido fumega sobre a miña face, e non teño nada tras de min, soio iste horrible arboriño!... A liorta espritual é tan brután como a loita dos homes; pero a visión da xusticia é o parabén de Deus soio.

Nembargantes é a víspera. Recibamos todos os influxos do baril e da tenreza real. E co abrente, armados dunha ardente pacencia, entraremos nas farturentas cidades.

Qué falaba de man amiga! Unha fermosa ventaxa é que eu poida rírme dos vellos amores mentireiros, e ferir de vergonza isas parellas troleiras —vin o inferno das mulleres aló abaixo— e seríame doado *poseer a verdade nunha alma e nun corpo.*

ARTHUR RIMBAUD
Trad. XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
Barcelona

POEMA EN CINCO LEMBRANZAS PRA ROSALÍA

I

HAI UNHA VOZ

Hai unha voz
no tempo de Galicia.
Hai unha voz sen verbas.
A que todos ouvimos no silencio.
Lembrando nomes pra que naza o millo.

Chámase morte ou mágoa.
Xuramento de anguria.
Soedade.
Pensamento de pedra.
Chámase berro de auga.
Desamparo.

Chámase olvido.
E chámase arelanza.
E vida e libertade e compaña dos nosos.
Chámase sono. Sorte. Lar. Saudade.
Chámase choiva que lourea os froitos.

Hai unha voz.
Chámase Rosalía.
Sete letras de laio.
Saudade
dunha fala ferida.
Esperanza
dun mundo que inda fica nun berro
de libertade.
Hai unha voz. A súa. Benzoada.

II

BENZOADA

Benzoados os tempos
do infortunio
que fixeron posible esa voz silandeira,
Rosalía.

Benzoadas
todas as nordesías
que asulagan
teus salaios de acibro.

Benzoada sexa
a túa orfandade
que a todos nos fire entrañablemente.

Benzoada a fontela de anceios de morte
que asulagóu
o teu vivir,
a carón da máis grande das mágoas.

Benzoados os espacios e os tempos,
esas dúas coordeadas
que te crucificaron
con cravos de ferro ou de amor.
Rosalía.
Benzoados sean pola túa voz.

III

BIOGRAFÍA

Hai un seixo branco
que marca o momento do teu nacimento,
igoal que unha constelación
que alumease de lonxe.

Hai unha pedriña
no noso calendario
que di o mes e o ano
das túas mágoas.

Hai somentes unha cruz
no día quince do mes de Santiago
do MIL OITOCENTOS OITENTA E CINCO.
Estamos axionllados.

I V

ORELAS DA SOEDADE

Teciches a túa tea soíña, na soedá.
Zoa o vento.
E xa calóu a rula.
Agora ti, ¿ónde estás?

Os poetas son seres mortaes.
Ti, Rosalía, fuche muller e nai.
Nai de todos os homes da terra.
Ti que fuches orfa coma o vento,
arrolache no teu colo de musgo
aos fillos de nadie.
Ti, que non coneciches a casa paterna,
petache por todas as portas do mundo.
desvelando a conciencia
dos millonarios da tranquilidade.
"¿Quén non xime?" —dixeche.
E chorache por todos e pra sempre.

Triste, ben triste é o cantar que cantamos.
Triste, tristeiro, cal pan de centeo.
Escuro, coma as maus dos pobres.
Acedo, coma o viño mariñán.
Saudoso, coma os piñeirales na invernía.

O cantar teu
é coma a túa voz.

Unha lección de humanidade.
Un documento de anguria viva,
Unha fontiña de saudade.
Ou unha chuvia de arelanza.
.....

Bebede na fontiña. ¿Quén ten sede?
Eiquí nos mana toda Rosalía,
afeita a desangrarse
na delor.
Bebede na súa linfa
santo mal.
Baixo a súa parra de albariñas uvas
podémonos deitar.
A morrer. A agardar.

V

CANTIGA FUNERAL DE PADRÓN

Campanas de Bastabales,
tocade por Rosalía.
Tocade.

Xa non chove miudiño.
Xa non choven orballadas.
Choven negras soedades.
Chorade por Rosalía.
Chorade.

Que vai de door ferida.
Por un agoiro de mágoas.
Sen arrimo. Sen adaxe.
Soade.

Xa non madurece o millo
pola beira de Lestrove.
Hai feridas sen edade.
Chorade.

Que vai unha sombra negra
pola banda de Laíño
chamando por Rosalía.
Tocade.

Velahí vai a negra sombra
no cementerio de Adina.
Asombrando a Rosalía.
Rezade.

LUZ POZO GARZA
A Coruña

CARTA A ÁLVARO CUNQUEIRO

Querido Álvaro: As perguntas que me fas na misiva dirixida dende a *Xente de aquí e de acolá* son, certamente, moi graves. Tanto, que zugando nelas a súa derradeira sustancia, pódese chegar a un fito tremecente. Pasalo equival a botarse a rolar por encostas sin fondo. Verás.

Ti contas dunhas xentes estranas, falas das súas trécolas, dos seus avatares, dos poderes que elas teñen, ou dos poderes que nelas mandan e, ao final, entra na túa concencia unha aprensión: "¿Houbo istes, hainos? ¿Son galegos? Si o son, ¿qué é o que predican do galego? ¿Ten o galego un xeito de imaxinar que lle é propio? E eu mesmo, o inquiridor, ¿son un galego propio cando conto, medio crente, medio embromante? ¿Houbo ou hai un Álvaro Cunqueiro? ¿Cómo podería saber eu tanto distes si non os houbo nin hai, senón non habendo sido, ou non sendo?".

Fíxate no ritmo medrador das inquisicións. Escomenzas dubidando das criaturas que ti creas. Rematas dubidando de ti mesmo. As criaturas sairon da túa cachola pro, ¿e a túa cachola creadora? Aínda máis: primeiro percuras por si houbo ou hai un Álvaro Cunqueiro. Despóis xa pensas que, ao mellor, ti non fuches, nin *eres*. Nin *eres*. Grave verbo iste verbo *ser*. Pra apreixalo ás certas, pra collelo de firme nas nosas mans, compre ter mentalidade positiva. ¡Qué lástema que ti non a teñas! Pois si a tiveras, aforraríamos medio camiño. ¡E qué doado sería entendernos! ¡E cómo eu te iba tirar de todas isas dúbidas que rillan, con maino e raposo rillar, nos fondales do teu corazón! Si tiveras mentalidade positiva, meu bó amigo Álvaro, deseguida virías a ademitir unha cousa, unha cousa sinxela e de obrigado comenzo, unha cousa como din os entendidos *principial*, unha cousa que inaugura e funda ás demáis, a sabere, que Álvaro Cunqueiro é, cando menos, e é agora, niste intre, foi denantes e seguirá sendo —¡e por moi-

tos anos!— unha vida. Unha vida. Unha forma particular e específica da Vida en xeneral. Isa grande torrenteira, isa terca fervenza que é a Vida concrétase na lagoa peculiar e úneca que se chama Álvaro Cunqueiro. E ela —Álvaro Cunqueiro— pola súa banda, produz outras estruturas, as súas imaxinacións, os besbellos da súa cachola, que levados ao papel, nele choutan e resultan obras literarias. O leitor, cando se atopa con elas, lé, goza, soña e, dalgún xeito, queda marcado polo que leu, polos pinchos e as ledicias da bichería humanísima que ti suscitache. A vida empalma coa vida. O circo que en ti tomóu pulo, en outro, en outros, remata. ¿Qué máis se pode pedir?

Iso da Vida, eisí, en abstracto, foi en tempos —tempos ben recentes— negocio dos filósofos. Agora, ca virazón da técnica, éo dos pescudadores científico-naturales —que son, en abrumadora e desconsoladora maioría, uns moi febles meditadores. (Podería citarche exemplos a eito, pro non val a pena). En troques, coido que é curioso sinalar as resultas a que, encol do fenómeno Vida, van chegando hoxe os sabios verdadeiros. Pra eles a Vida é "a espresión das propiedades de superficie dos biopolímeros". Non te atoes. Non teñas medo. É que os esgrevios investigadores parten do suposto que a Vida "soio pode sere entendida na linguaxe da Química". Quenes isto afirman chámanse Spiegelman, Atwood, Berg, Lennox, Levinthal, A. Thomas. Xente sería. Compre, pois, darlles creto. Sí, a Vida é un choio biomolecular, un balbordo de enzimas, sustratos, xenes, codificacións, replicacións, inducción, transcripcións, e qué sei eu cántas lerias máis. Pro si a Vida é iso nas severas peneiras dos laboratorios, ¿qué non será nos complexos barullos da esistencia cotián? O señor de Fontenelle xa afirmaba, vai cáseque pra trescentos anos, que a Natureza "a préféré une confusion magnifique à la commodité des Physiciens". E o bravo e nada sospeitoso defensor das "lumières de la raison" estaba referíndose, cando isto escribía, á sistematización das plantas. A algo tan esterno como iso. Figúrate o que diría si falara non da sistematización do Home, eisí, con maiúscula, senón de un soio home, de ti, de mín, de un home que, coma ti e coma mín, é o forno involuntario das dinamicidades químicas e, endemáis, é, a maiores, a caldeira dos desexos, das ambicións, das ideas e dos soños. Confusión mañífica. Estupendo caos.

Mais sexamos consecuentes. E a consecuencia —oficio da lóxica, serviduME dos feitos concretos— obríganos a seguir analizando. Sí, a vida é "a espresión das propiedades de superficie dos biopolímeros". Moi ben. E os biopolímeros, ¿qué son? Materia, craro está, materia química. Pro a materia, asegún outra caste de sabidores, os físicos, é o mesmo que a ener-

xía. Tan mesmiña, que eles empregan, con subida frecuencia, o calificativo *idéntica*. E entón isa materia, que ao tempo é enerxía, desemboca en sere un *campo*. E mira qué andrómena máis curiosa: un campo que non ten, propiamente falando, estensión, como a poda ter unha leira do teu Mondoñedo, un campo imaxinado en abstracto. Eiquí as xentes de cencia xa escomenzan a sutilizalo todo —por si estivera xa pouco sutilizado—, e daquela demandan: ¿cómo se pode apreixar no laboratorio unha abstracción? Pescudando as leises que a rixen. ¿E que é unha lei natural? É a perfeita correspondencia entre unha abstracción e a súa identidade a traveso do tempo. Postas diste xeito as cousas, os sabidores afirman: "Si hoxe facemos progresar a Cencia é porque a lei natural é o úneco que se pode entender". Non sigo. Xa te decatas que andamos por eidos de irrealidade, ou o que é igoal, por vieiros da Santa Compaña. Porque resulta que ti e eu, e calisquer outro con sentidiño, non nos acomodamos, nin quedamos conformes con vernos a nós mesmos como un fato de rebuldeiros biopolímeros, e moito menos como un campo físico máis ou menos hiperbóreo. Xa sei, xa sei: ti non tes mentalidade positiva e vexo que non quedas a gusto con ista espricadeira. Nin eu tampouco. Supoño que tamén o sabes.

E nembargantes, querido Álvaro, isas matinacións dos investigadores teñen resultados ben práiticos. Os homiños dos biopolímeros están tornando posíbel a curación de doenzas deica hoxe incurábeles: as miserias xenéticas. E os outros, os da lei natural coma correlato da idea platónica, eles, os que, ás vegadas, dalles tanto reparo meterse por istas corredoiras que din que soio queren falar *intra muros*, istes, digo, non compre que eu che alzaprime os seus rendimentos. O estronicio da bomba atómica, abonda.

E agora acadamos lus que alumea e quenta. Polo pronto, xa alucamos cómo as pantasías se fan realidades. Cómo a Cencia positiva manexa figuracións e con elas saca colleita. Pro o que pasa é que a Cencia positiva non é quen a pegar un pincho e encher o regueiro, deica agora enxoito, que afasta a Física e a Química do ser do home. Entre os biopolímeros e ti hai unha distancia astronómica. Entre os campos físicos e ti xa nin distancia se descobre. Ti eres un home galego con gran poder imaxinativo. Afigúraste un súcedo e xa cres que o sucedo aconteceu. Pensas nun Rello de Pontemil, poño por caso, e xa das por feito que ele camiña ao teu carón e que contigo latrica. As túas figuracións son a afirmación de ti mesmo. ¿E si Seixo de Parderrubias por ventura vivíu e agora o que ti fas é adiviñarlle a vividura?

Pra imaxinar hai que adiviñar. Adiviñar posibilidades. E estar disposto a ademitilas. Os sabidores estiveron dispostos a

ademitir que pode habere unha materia inmaterial. Ti estás disposto, por presión da tua pantasía, a ademitir que pode habere homes que sexan corvos sin deixar de sere homes. O home-corvo, ou o corvo-home, e o home-zapato, ou o zapato-home, son a materia inmaterial da tua Física do esprito. Imaxinación. Adiviñación. Homildade. Contradicción. Coma os físicos, ti tamén poderías empregar a cotío o adxetivo *idéntico*. E entón caerías na conta que os teus persoaxes, si ben se mira, non están ahí con bulto humán apalpadeiro, nin rosman con audíbel rosmar. Non teñen esistencia física. Foron, *son* na tua ialma. E por iso *esisten*, aínda que non sexan biopolímeros, nin campos victoriales. *Son, e porque son, esisten*. ¿Caletras? ¿Comprendes agora por qué eu escribo que o verbo *ser* é un grave verbo? Porque é un verbo xenesíaco. Porque é un verbo paridor que arrinca de un lene óvulo —a figuración— e remata nunha esgrevia e nova realidade: a xente de aquí e de acolá.

E aínda máis. A tua xente da fe de vida de ti mesmo. Eles sosteñen a tua humanidade. Si eles esvaeceran —e con eles, Merlín, e os menciñeiros— ti esfarelaríaste. Pro, ¡coidado! Esfarelado e todo, seguirías vivindo. Seguirías vivindo, mais non esistirías, pois sin pantasía, sin contradicción e sin homildade non hai esistencia. Hai Bioquímica e Física aplicadas. Feitos positivos. Programas. ¿Ves cómo as perguntas que me fas poden levar, si se apretan demasiado, a encostas sin fondo, ao abismo da negación e a nada?

Mais non nos preocupemos. Pois o que ti eres, o que son as tuas criaturas, iso é o que somos todos nós, a familia galega. Hoxe pénsase que a sustancia do home ven dada pola súa ligazón coa realidade, co mundo de arredor. O conceito de *aberto* e de *apertura*, que escomenzóu sendo unha idea cáseque metafísica, vóltase nistes intres un parámetro antropolóxico. E resulta que pra que esista trabazón entre o ofrecemento da realidade e os trebellos psico-físicos que a apreixan é perciso estar disposto a ver nisa realidade —no mundo ofrecido— unha faciana, o rostro de algo que, no fondo do fondo, é humán. A realidade aberta, di por exemplo Hans Burkhardt, é unha realidade *fisiognómica* e, por iso mesmo, unha realidade *animada*, unha realidade que ten ánima. O encontro disa ialma do mundo coa ialma do espectador enxendra o aito definitivo do conocimento, a sabere, *a comunicación*. Na perceición fisiognómica da esterioridade —ista casa, aquele bosco como amigos e compañeiros— ábrese o que Rilke chamaba o "Weltinnenraum", *o espazo interior do mundo*. E non teñas a aprensión, amigo Álvaro, que isto que vou dicindo sexa divagación gratuita ou mero xogo verbal, pois disas trécolas teñen saído fabulosos achádegos, práiticos achádegos sobor da psi-

coloxía de certas moi estendidas doenzas, v. gr., as neurosis e as depresións. Non podo nunha carta, que xa vai longa por demáis, espricarche istes meus decires con maior detalle. Abonda con que te percates que, coma os físicos, tamén os psicólogos e os psicopatólogos saben rañar no pantasmático pra dele obter boas codias de vida cotián. En definitiva, a vida cotián, si é fisiognómica, ten que resultar contradictoria, ambivalente e trans-racioal. Pura imaxinación. As tuas criaturas, empoleiradas no apreixamento das facianas do mundo, matinadoras da figura humá das cousas e as animalías, compoñen *o ser* do galego. Fíxate ben: imaxinación, adiviñación, homildade, contradicción, pantasía. En derradeiro termo, aceptación. Dito de outro modo: irmandade. Eu e o mundo somos irmáns. Veleiquí a nosa terra. Veleiquí Galicia.

Iso é o esencial. Pois a comunicación co mundo pode levar o sino da negación da súa entranábel fisonomía —ista casa é unha casa e ren máis, aquele bosco é un bosco, e ben lle compre—. Entón, en lugar de comunicación, hai *alonxamento*. Suxeto e ouxeto voltan a afastarse. A pantasía, o sí e o non simultáneos, esquecen o seu goberno. Todo agora é craro, intelixíbel, cortante, aséptico e frío. A pel do home —un enigma pra os antropólogos, ¡mira qué cousa notábel!— a pel do home, denantes porosa, permeábel e comunicadora, faise fronteira, límite, cerca, caparazón. O home entón é máis racioal e menos home.

Non teñas, por ende, dúbidas dediante das tuas imaxinacións. Son imaxinacións reales, quero decir que son entidades auténticas. Berra ben outo. Ti non percisas falar *intra muros*. Escribe. Sigue escribindo. *Sigue abrindo o espazo interior do mundo, a súa matriz paridora.* Sigue poñendo no papel a aita de nacemento dos teus persoaxes. Eu asegúroche que o home puro non esiste. Ninguén acredita nele dentro da Cencia contemporánea. O que sosteña o contrario anda atrasado de noticias. Non *hai* homes puros. Si acaso, o que *hai* é biopolímeros e campos de dinamicidades. Ecuacións e leises especulativas. E tales cousas non nos acaen. ¡Qué lle imos facer! ¡Eisí somos os galegos, os pantásticos e imprevisibels galegos! Si nos reducen a *ouxeto* —mesmo que resulte instancia tan esgrevia coma o ouxeto dos laboratorios— ficamos aparvados, sin folgo, sin humor e sin sustancia. E ise abraio é o que define o noso horizonte, o noso másimo horizonte de aceptabilidade. Máis alá, pra nós, escomenza a negación ausoluta.

E iso, iso tan sin médula, é o que nós, ti e máis eu, Merlín e Perrón de Braña, os teus fillos e os meus netos, endexamáis entenderemos. Velahí por qué a *Xente de aquí e de acolá* está calcadiña, saliuche cuspida e anda entrabada na esistencia verdadeira. Velahí por qué isa manchea de figuradores

nos lexitima e prefigura a todos nós. Velahí por qué hai un Álvaro Cunqueiro. Velahí por qué ti, Álvaro Cunqueiro, atolado pola faciana do mundo, semellas ausente, e nembargantes vives, e esistes —e das vida e esistencia.

Unha cordial aperta do teu vello amigo.

D. GARCÍA - SABELL
Santiago

Nau portuguesa arribando ao Japão (pormenor de um biombo *namban* japonês —fins do séc. XVI— início do XVII

Capitão-mor português da Nau da Prata, segundo pormenor de um biombo *namban* japonês (fins do séc. XVI — início do XVII)

Português a cavalo (pormenor de um biombo *namban* japonês —fins do séc. XVI— início do XVII

Desembarque de portugueses no Japão (pormenor de um biombo *namban* japonês —fins do século XVI— início do XVII

O GALEGO PERO DIEZ, UM DOS PRIMEIROS EUROPEUS QUE DESCREVERAM O JAPÃO

Galegos e portugueses, vizinhos e parentes próximos mais que quaisquer outros povos da Península, andaram juntos nas naus das descobertas.

A primazia portuguesa no movimento de expansão marítima garantiu a consagração universal dos seus navegadores. A Galiza, entretanto, em autonomia política, teve participação mais discreta, cooperando ora com os portugueses ora com os espanhóis. E até com ambos ao mesmo tempo, como naquela célebre expedição *sui generis*, de Estêvão Gomes, português a serviço da Espanha, que em 1524 partiu da Corunha comandando um navio cuja tripulação era formada por galegos e minhotos. O plano de Gomes —a descoberta de uma passagem para o Oceano Pacífico pelo Norte da América— não se concretizou, mas ele e os seus comandados passaram à história como exploradores de vasta região do litoral da América do Norte e do Canadá: as *Terras de Estêvão Gomes*, como documentam mapas antigos.

No outro extremo do mundo, um homem da Galiza, Pero Diez, natural de Monterrey, seguindo a rota dos portugueses, ficou ligado à história dos primeiros contactos com o Japão, pois a ele se deve uma das primeiras descrições europeias do país.

O Japão havia sido descoberto pelos portugueses em 1543, e logo em Maio de 1544 Diez sai de Patane na península de Malaca num junco chinês que se dirigia para o Japão. No ano seguinte, já de volta do Japão, foi procurado em Ternate (ilhas Molucas) por um emissário do comandante espanhol Ruy López de Villalobos, que lhe pedia informações a respeito do que havia visto no país.

Diez escreveu uma carta e a seguir foi pessoalmente a Tidore, onde descreveu a Garcia de Escalante Alvarado, feitor da armada de Villalobos, o que vira nas recém-descobertas ilhas do Japão.

Villalobos tinha sido enviado aos Mares do Sul pelo Vice-Rei do México e depois de algumas explorações e descobrimentos, atingiu o arquipélago das Molucas, já dentro da demarcação portuguesa. Ali veio a falecer, e os seus companheiros entregaram-se aos portugueses estabelecidos em Ternate, que se comprometeram a conduzí-los de volta à Europa.

De Lisboa o feitor Escalante Alvarado enviou ao Vice-Rei do México D. António de Mendoza uma relação da expedição de Villalobos na qual, entre outras informações, transcreve a descrição do Japão feita pelo galego Pero Diez.

Essa relação, datada de 1 de Agosto de 1548, foi publicada na *Colección de documentos inéditos relativos al descubrimiento, conquista y organización de las antiguas posesiones españolas en América y Oceanía* (5, Madrid, 1866), e por Georg Schurhammer (*Orien-*

talia, pag. 527/28). Deste último trabalho a transcrevermos, precedendo-a de um resumo e alguns comentários.

Alguns enganos cometidos na *relação*, não sabemos se são devidos ao próprio Diez ou ao feitor Escalante, que não estivera no Japão. Eles não tiram entretanto o interesse e o valor histórico do relato pioneiro do viajante galego.

CHINA, 1544, *segundo Pero Diez*

O junco aportou a Chincheu (Changchow), na costa da China. Diez faz acertadas referências ao carácter pacífico dos chineses, cujo rei proibia o uso de armas. Refere que eram *muy grandes comedores*, e que havia no país grande quantidade de alimentos, como em Espanha: trigo, vacas, porcos, cabras, galinhas, etc., e *frutas muy buenas*, peras, maçãs, pêssegos durázios, ameixas, nozes, castanhas, melões, uvas. Chincheu era um bom porto, e os habitantes dessa costa grandes pescadores.

De Chincheu o junco partiu para Liampo (Ningpo), cidade grande e bem povoada por bairros, com hortos de permeio, e na qual havia muita gente de cavalo.

Dali partiu para Nanquim, também cidade muito grande, e que possuia muita seda; tinha governação e oficiais, e dois tipos de escolas: num deles só se ensinava a ler e escrever e no outro só se ensinavam ciências. Observa também Diez que os chineses eram *muy sotiles en todo género de oficios*.

Em toda a costa da China havia gengibre, e em algumas partes também canela muito boa.

De volta ao Japão Diez esteve numa pequena ilha da costa chinesa, habitada só por monges, cuja *orden y religión no la pudo entender*, e dos quais fez uma interessante descrição. Eram ao todo 30, e viviam num mosteiro que era *una casa muy buena*. Vestiam hábito negro comprido, e traziam *sus coronas abiertas*. Comiam e dormiam por regra. Não se alimentavam de coisa que tivesse sangue, mas só de legumes e frutas. Não consentiam que entrassem mulheres no seu mosteiro.

Nos altares tinham imagens de uma mulher que chamavam Varela [1], e aos pés da mesma pintavam *unos diablos muy feos*. Fizeram esses monges grande festa a Pero Diez, e deram-lhe de comer do que tinham.

JAPAO, 1544, *Segundo Pero Diez*

De Nanquim o junco dirigiu-se *a la isla de Japan*, e aqui a descrição passa a ter maior interesse histórico, pois a relação de Diez e a do português Jorge Álvares seu contemporâneo são os dois primeiros documentos europeus a respeito do país.

Diez refere que a terra era muito fria, e que os habitantes eram gentios e tinham como armas o arco e a flecha e também varas com cravos agudos nas pontas. Os povoados ao longo da costa eram pequenos e em cada ilha havia um senhor. Os naturais não souberam (ou não quiseram) informar aos recém-chegados onde residia o rei principal do país.

---

1. Varela, geralmente usada pelos cronistas mais com a significação de templo.

Afirma a seguir que não possuiam espadas nem lanças, o que entretanto é desmentido por vários outros cronistas que ressaltam o carácter belicoso dos japoneses da época. A *Enformação das cousas de Japão*, de Jorge Álvares, mais completa que a relação de Pero Diez, regista: "todos em jeral trazem terçados gramdes e pequenos, acustomão-se de idade de oyto anos às trazerem; tem muytas lanças e alabardas e outras bysarmas; são todos em geral gramdes frecheyros de arquos gramdes, como ingreses" [2].

Observa acertadamente Diez que os japoneses liam e escreviam como os chineses, mas no falar achou-os parecidos com os alemães (!).

As selas em que cavalgavam não tinham arção traseiro, e os estribos eram de cobre.

A respeito dos trajes observa que os camponeses usavam panos de lã que pareciam estamenha, e acrescenta, semelhantes aos que Francisco Vasquez (de Coronado) encontrou na região que explorou (Arizona e Novo México, em 1540-42). As pessoas importantes vestiam sedas, damascos, rasos e tafetás. Usavam calçados de couro, e na cabeça *capeletes* [3] como albaneses.

As mulheres, *en gran manera muy blancas y hermosas*, vestiam à maneira de castelhanas (!), de pano ou de seda segundo sua condição.

A relação contém outro engano ao afirmar que no Japão as casas eram de pedra e de taipa. Todos os demais cronistas são unânimes em afirmar que as casas do Japão eram de madeira.

O célebre missionário português João Rodrigues Tçuzu, um dos maiores conhecedores do Japão, afirmava no século XVII: "toda a fábrica de Japão é de madeira, sem haver casas de pedra nem de tijolo, nem de taipa".

O citado Jorge Álvares também observa que "as casas desta terra de Japão são bayxas por caso dos ventos e são bem feytas e de tavoado todas".

Quanto aos mantimentos, observa Diez que nas ilhas do Japão havia os mesmos que no continente, mas que os japoneses não comiam carne de vaca. Havia muito açúcar e muito pescado, e falções e açores adestrados para a caça; muitas frutas, especialmente melões. A terra era lavrada com o auxílio de bois. A principal riqueza que havia era a prata, negociada em barras pequenas. Viu na ilha *muy poco oro*, e grandíssima quantidade de ferro e cobre.

A relação de Diez contém talvez a única referência histórica conhecida a um combate naval travado nesse ano entre portugueses e chineses que queriam impedí-los de penetrar no mercado japonês.

No porto japonês estavam cinco juncos de chineses residentes em Patane, e neles alguns portugueses, e vieram atacá-los mais de cem juncos chineses. Os portugueses sairam-lhes ao encontro com três berços (peças pequenas de artilharia) e dezesseis arcabuzes, e os desbarataram completamente.

---

[2] As espadas eram chamadas *katanas*, as adagas ou punhais *warizashis*, e as lanças *naguinatas*.

[3] O Dicionário Espanhol-Português de Valdez, dá: *Capelete* m. (ant.) Chapelete; espécie de chapéu alto, que usou algum tempo parte do exército albanês.

Termina Diez suas referências ao Japão informando que ali chegaram outros portugueses provenientes das ilhas Léquias (Ryukyu), as quais informaram serem muito ricas em ouro e prata, e habitadas por gente robusta e belicosa.

RELAÇAO DE PERO DIEZ, segundo a carta de García de Escalante Alvarado ao Vice-Rei do México, D. António de Mendoza.

.....

"Después que tuvimos esta noticia, se supo que estaba en Terrenate un gallego, natural de Monterrey, que se llama Pero Diez, que vino en las postreras naos de Borney [4], el cual vino allí en un junco de las islas de Japan. El General le envió a hablar y a rogar le inviase a decir lo que había visto; y él, como aficionado al servicio de S. M., escribió una carta, y después vino a la isla de Tidore y de palabra contó algunas cosas como se iba acordando. Y lo que contó es, que en mayo del año pasado de 1544 años, partió de Patani en un junco de chinos, y allegó en Chinchee, ques en la costa de China, y allí vio muchos lugares pequeños, las casas de cal y canto, y la gente bien acondicionada, mansa y poco entremetida en cosas de guerra; es gente muy sospechosa, tienen gran cantidad de bastimentos como los de España, trigo, vacas, puercos, cabras, gallinas y otras aves, lo cual sacan a vender en barcos, a los navíos que por allí pasan; danlo a buen precio; tienen frutas muy buenas, como son peras, manzanas, duraznos, ciruelas, nueces, castañas, melones, uvas. En Chincheo hay buen puerto, y en aquella costa son grandes pescadores.

De Chincheo fueron a una ciudad que llaman Lienpu [5]; es grande y bien poblada por barrios, y en medio huertos; hay en ella mucha gente de caballo. De allí fueron a otra ciudad en la costa, que se dice Nenquin [6], que también es muy grande y tiene muchas sedas y las otras cosas ya dichas en las otras ciudades. Hay su gobernación y oficiales, y escuelas á dó aprenden ciencias, y hay otras escuelas á dó aprenden á leer y escribir. Hay en algunas partes canela muy buena, y en toda la costa hay gengibre; tienen pocas armas; su pelea, por los pueblos pequeños, entre la gente común, es con piedras y palos, y esto porque el Rey no consiente que tengan armas; es gente muy soberbia y cobarde y muy grandes comedores; son muy sotiles en todo género de oficios.

De alli atraversaron á la isla de Japan, que está en treinta y dos grados; hay della á Liompú ciento é cincuenta é cinco leguas, córrese casi Este-Oeste; es tierra muy fria, y por la costa los pueblos que vieron son pequeños, y en cada isla hay un señor, y el rey de todos, no supo decir á dó residia. La gente destas islas es bien dispuesta, blanca é barbada, el cabello pelado, son gentiles, sus armas son arcos e flechas, no tienen yerba como en el archipiélago de las Felipinas; pelean con varas, que en las puntas tienen puestos clavos agudos, no tienen espadas ni lanzas; leen y escriben como los chinos, y en la lengua parescen alemanes. Tienen muchos caballos en que andan; las sillas no tienen arzon trasero, y los estribos son de cobre;

[4] Borneu.
[5] Liampo.
[6] Nanquim.

la gente labradora se viste de paño de lana, que paresce estameña, ques de la manera de la que Francisco Vásquez halló la tierra á dó fué; y los principales visten sedas, damascos, rasos y tafetanes; las mujeres son en gran manera muy blancas y hermosas, andan vestidas á manera de castellanas, de paño ó seda, conforme á su estado. Las casas son de piedra y tapia, por dentro encaladas, los tejados de teja á nuestro modo, con altos y ventanas y corredores. Tienen todos los bastimentos, ganados y frutas que en la tierra firme; hay mucha azúcar, tienen alcones y azores con que cazan, no comen vaca, es tierra de muchas frutas, en especial de melones, labran la tierra con bueyes y arados, traen calzado de cuero, y en las cabezas traen capeletes, como albaneses, de cerdas, quitanselos los unos á los otros por cortesia; son islas de mucha pesquería, la riqueza que tienen es plata, la qual tienen en barretas pequeñas, la muestra della se llevaba á vuestra señoria cuando el navio arribó la postrera vez. Dice que vendieron diez quintales de pimienta en seis mill ducados. Dice que estando en el puerto cinco juncos de chinos de los que viven en Patani, y en ellos algunos portugueses, vinieron á ellos más de cien juncos, encadenados, de chinos, y contra ellos salieron los portugueses de los cinco juncos, en cuatro barcas con tres versos y diez y seis arcabuces, y desbarataron los juncos de los chinos y les mataron mucha gente. Vió en esta isla muy poco oro y grandísima cantidad de hierro y cobre; alli se juntaron otros portugueses que venian de las islas de los lequios, las cuales dicen que son muy ricas de oro y plata; la gente es robusta y belicosa.

Vió este Pero Diez en la costa de la China una isla pequeña, de la cual salió y vió un monesterio de frailes, en que habia treinta, su hábito es negro y largo, traen sus coronas abiertas; la casa es muy buena, y estos frailes comen y duermen por regla, no comen cosa que tenga sangre, sino legumbres é frutas; no consienten que en su monesterio entren mujeres, y en los altares tienen imágenes muy hermosas de una mujer que llaman Varela, y á los pies della pintan unos diablos muy feos; su órden y religion no la pudo entender; hiciéronle gran fiesta, y diéronle de comer de lo que tenian, y en esta isla no habia más gente destos frailes. Por lo que tengo escripto, podrá colegir vuestra illustrísima señoría lo ques la tierra y lo ques menester para ella, y con el ayuda de Nuestro Señor espero en Dios ver descubierta la navegación, la qual está muy cierta, y en aquellas partes tener á vuestra señoria conquistadas grandes provincias y señoríos, á dó vuestra señoría nos pueda hacer muy grandes mercedes.

Guarde Nuestro Señor la illustrísima persona de vuestra señoría y por largos años acresciente sus estados. Desta cibdad de Lisboa, 1.º de Agosto de 1548 años.

Illustrisimo señor.—Muy cierto servidor de vuestra illustrísima señoría que sus illustrisimas manos besa.—García Descalante Alvarado".

CARLOS FRANCISCO MOURA
Brasilia

LENDO AS "PROSAS GALEGAS" DE CUEVILLAS

FLORENTINO LÓPEZ ALONSO CUEVILLAS é un dos membros máis distintos da xeneración "Nos". Nacéu en Ourense en 1887. Fai a carreira de Farmacia en Santiago, e ingresa despóis na burocracia. En Madrid comenza a estudar Filosofía e Letras e, por fin, na súa cidade natal conságrase como investigador.

Este labor de investigación que el fai céntrase no estudo de todo aquelo que se refire a Galicia, a todo aquelo que sirva para coñecer a súa alma, o seu cerne, fala, costumes, creencias populares, ritos primitivos, folklore, relixión, fontes históricas e etnográficas.

Todas istas orientacións do seu labor de investigación atópanse na súa obra como ensaista e prosista literario. "PROSAS GALEGA" recolle unha serie de artigos e ensaios que o autor foi esparexendo por revistas e xornáis, e nos que dun xeito ou doutro afrora sempre o seu espíritu esculcador.

1) Presentan os seus ensaios unha doble vertente ben concreta: dunha banda, a do pesimismo frente ao avance da desgaleguización no país; ouserva cómo se perden moitos dos elementos culturáis e di que outros que aínda están vixentes hanse perder tamén. Doutra banda, apesares destes aterrecentes agoiros, Cuevillas amosa unha fe inabalábele en que as máis profundas esencias galegas non se perderán xamáis, afirmando tamén reiteradamente que Galicia conta con fartura de caracteres de seu, que a individualizan e que son visíbeles dende moi antergo, probablemente dende que os primeiros seres humáns chegaron aos seus vales [1].

Pódese ouservar nos seus artigos contidos en "PROSAS GALEGAS" que a confianza na pervivencia das esencias galegas vaise facendo máis grande en Cuevillas a medida que os anos van transcurrindo.

En "ORACIÓN A NOSO SEÑOR SANTIAGO", escrito en 1923, Cuevillas espón en poucas liñas a dór que sinte polo abandono das vellas costumes, polo desprecio do vello idioma, "o idioma santo de Xelmírez", no que falaron tantas xeneracións; por eso non duda en supricar a Santiago que faga que Galicia volte a ser Galicia: "Arredor da túa sepultura formóuse a nosa lingua, ao pe do teu tempro nacéu o noso arte, pra ti cantaron os nosos troveiros. Galicia enteira ten algo teu, e en ti inspiróu as súas obras. ¿Consentirás, Señor, que Galicia desapareza, que Galicia morra?" [2].

E hastra cando en "O POEMA DA SECA", 1926, espresa o seu gusto polos días cheos de néboas e chuviosos, e manifesta a súa disconformidade cos días do vran nos que "o sol é o rei do ceo galego",

---

[1] Prólogo de GALICIA SEMPRE, de FLORENTINO L. CUEVILLAS, páx. 7. Ed. Galaxia. Vigo, 1968.

[2] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 67. Ed. Galaxia. Vigo, 1962.

está denunciando a desaparición de algo que tamén forma parte da esencia galega como é o ceo cuberto de nubes ou de brétema: "Iste sol no é o noso sol, é un sol alleeiro, un sol castelán. Castelán como a fala dos nosos burgueses, como a ialma dos nosos mandós. Un e os outros zugan o zume da terra, estragan e matan".

E continúa decindo: "...Mar de Arousa, ¿é que xa non eres o noso hirmán? ¿É que eres xa un mar doméstico, preocupado do turismo coma un hoteleiro? ¿É que queres imitarte ao teu curmán o Mediterráneo, e gabacheas coma il de coor azul, de brilo e de sol?" [3].

En "DIASPORA" espresa con termos craros e precisos que, para os pobos que como o noso viven en dispersión, un dos máis grandes perigos que amaezan á pervivencia dunha coleitividade, é o de que unha parte considerable, cáseque a máis rica, a máis aitiva, esqueza o seu país por outro país que non é o seu, e que "só un increbantábele amor á terra en que fumos nados pode manter en pe a nosa coleitividade" [4].

No mesmo ano en que escribe estas verbas, escribe tamén "AS RAÍCES FONDAS DE GALICIA", 1953, artigo no que amosa xa un máis grande optimismo. Describe cómo co Renacimento e co entronizamento da casa de Austria, se produxo a esaltación do poder real e a moda das patrias grandes; entón decaéu o uso do galego, o país deixóuse guiar por mans alleas e penetróu nil un sentimento de inferioridade, por eso desexóu morrer como entidade característica e diferenciada. "Pero apesares diso, apesares da súa vocación suicida, Galicia seguíu vivindo, porque a razón de ser diste pobo estrano que quere desaparecer e non o consigue, está tan fonda, tan afundida no tempo, tan identificada coas rocas dos seus montes, coa terra dos seus vales, coa iauga do seu mar e dos seus ríos, que soilo pode perecer cando o Universo morra" [5].

En 1954 pubrica "SEMENTEIRA". Aquí profetiza "o trunfo final dos valores máis auténticos e rexos, que xa noutros intres en que Galicia semellaba morta, remataron por resucitala"... "porque Galicia non é unha criación dos homes, é unha criación dos tempos auroraes, coallada no trascurso de moitos milenios... E istas criacións, cuio torgo está de seguro fora do noso mundo, non poden morrer" [6].

E ao final deste artigo aínda lle quedan folgos para pedirnos que non desesperemos, que teñamos fe no futuro próspero de Galicia, porque Galicia para Cuevillas é unha perpetua espranza de renacencia: "Non desesperedes, os que de verdade sintades a emoción galega; seguide sempre con fe..., e tede por certo que calquer traballo, grande ou pequeno, duro ou levián, que emprendades en nome de Galicia, é sempre sementeira" [7].

En "ELEXIA PREMATURA DO CARRO DE BOIS" amosa o seu temor pola racionalización e industrialización do campo, polo esprito novo que vai matando aos paisanos e o seu saber tradicional e costumes. Láiase da posibre desaparición do carro de bois, "pai de todas as pacencias e de todos os laios":

---

[3] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páxs. 15-16.
[4] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 83.
[5] Ob. cit., páx. 174.
[6] Ob. cit., páx. 78.
[7] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 79.

"¡Teñen desaparecido tantas cousas! Teñen desaparecido vestidos, enseres, verbas e xiros da nosa fala; e a fala mesma vaise esvaíndo como unha brétema que corre o vento. E morreron creencias e costumeiras e beiles e músicas e cántigas; e árase, e seitúrase, e réndase caladamente, ou ao son dunha cantaruxa que ven quén sabe de onde. E se todo isto se foi, é de coidar que o carro váiase con istas cousas que eran as súas irmás, as súas amigas e as súas compañeiras [8].

Pero remata ca espranza de que "sexa o derradeiro carro o que deite o derradeiro laio sobre o cadavre da nosa terra".

Mais non só nas costumes, folklore, tradicións, atopa Cuevillas a esencia de Galicia senón tamén na choiva, na brétema, na paisaxe tan entrañablemente galegas:

"Teño grande amor a todas as choivas: ás que veñen de vagariño, mainas e asosegadas; ás que se desgalgan a cachón, deica desdibuxar os perfís máis achegados; ás que baixan a fío, e erguen meias esferas nas pociñas e nas pozancas; e ás que, puxadas polo vento, baten como látigos nos vidros das fiestras, pra desceren logo por iles abaixo como si foran as augas dun cadoiro.

Eu recréome no chan da miña terra, rico en matices do verde, que o cobren dende os máis ergueitos curutos das serras... e tremo de medo de que unha falla de lentura desfaga iste tapiz vexetal..." [9].

Nun artigo adicado ás néboas que asolagan a cidade de Ourense, amósase orgulloso delas "pois sempre é bo ter algo que os demáis non teñen" e aínda que se poidan comparar cas néboas londinenses, non é esaita a comparanza" porque no ar da nosa cidade non aboian os detritus da industria que fan mouras as néboas londinenses, e o Miño non é coma o Támesis, un río lixado por cen abominaciós. O que nos cobre é aínda a "brétema" dos nosos maores, branca coma o leite, e o noso río é aínda un río rural respetado polas dexeciós da técnica" [10].

E guiado polo seu espíritu de loita contra todo o que siñifique destrución da galeguidade e polo seu fervor á pervivencia désta, fai nas páxinas de "PROSAS GALEGAS" un homaxe á vila de Rianxo "un dos poucos lugares en que Galicia resístese a deixar de ser" [11].

2) Un punto importante, patente na súa obra, é o da espresión das costumes e creencias do pobo galego.

En 1947 escribe "O TRASNO NA VILA" no que o autor, identificándose co pobo, que cre neste esprito, fala con el, que se atopa en Pontevedra, e lle aconsella que volte á aldea, que non se deixe engaiolar pola cidade, que non deixe de ser quen é: "Qué vas faguer entre homes e entre mulleres que están tan alonxados de todo o que é propio da túa natureza..., pretiño de ti están Mourente, Salcedo, Marcón, Bora; en calqura distes lugares poida ser que aínda quede xente da túa, xente da que sabe mirar pra a terra e pra o ceo, e que vai vivindo agarrada ao rabo do sol e ao rabo da lúa" [12].

---

[8] Ob. cit., páx. 45.

[9] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páxs. 40-41.

[10] Ob. cit., páxs. 20-21.

[11] Ob. cit., páx. 38.

[12] Ob. cit., páxs. 24-25.

Afrora de novo aquí a preocupación de Cuevillas polo mantimento de todo o peculiarmente galego.

En "O OUTONO EN GALICIA" preséntanos unha entrañable costume galega: os magostos. Describe neste artigo cómo baixo unha paisaxe típicamente outoniza, no mes de San Martiño se alcenden gran número de fogueiras nos piñeiros, ao pe dunhas penedas, ou baixo das ponlas dos carbállos e dos castiñeiros; nestas fogueiras ásanse as castañas, e arredor delas os mozos e as mozas rin, falan e cantan. E logo as mozas "afunden as mans na borralla, como se foran percurar castañas, e cunha presa dela ben collida, van fregar na cara dun mozo" [13].

En "MUIÑEIRA" lembra Cuevillas que foi na porta do muiño, mentras a xente esperaba a que lle chegara a vez, donde nascéu a muiñeira "...beile asosegado e casto no que as mulleres levaban os ollos baixos, os brazos cáseque caídos aos lados do corpo, e no que os pes pouco se erguían da terra pra marcar os puntos" [14].

Nalgúns artigos de "PROSAS GALEGAS" fala o autor da pobreza en que está sumido o pobo galego, da súa iñorancia e das causas e consecuencias desto.

Chega á conclusión de que a postración aitual do pobo galego é debida a "un esceso de individualismo, provocado por unha cega confianza no esforzo dos brazos traballadores, da intelixencia esperta e da facilidade pra a adaitación" [15]. De xeito que cando un galego sai do seu país a recorrer o mundo queda vencellado a el só sentimentalmente, xa que nunca se lle ocurríu levar consigo as cousas boas que Galicia produz con fartura; esto ocurre de modo distinto a como obran os valenciáns, por exemplo, que cando marchan do seu país, estabrecen no seu destiño un almacén de froitos, convertíndose así en elementos activos e proveitosos para a economía do seu país.

Pero a un galego abóndalle co esceso das súas coalidades, sabe que a terra a donde chegue halle fornecer non soio o ouro, senón tamén os meios de ganalo, e entón non necesita levar a ningunha parte nin os viños do Ribeiro nin os bois nin os queixos galegos, e así se esprica que Galicia non deixara de ser probe cultural e económicamente.

Fala tamén da nosa terra, "terra de parvos" que ten de ser esplotada por homes de fora.

En "TRONO" fala dun castelán que de casualidade se atopóu no noso país e ao ver que lle daban tino quedóuse nel: "Aos tres meses tiña posta unha tenda; ao ano prestaba a réditos, e aos tres anos era dono de cinco parroquias, diputado provincial, e mandaba en todo o partido máis que ninguén" [16].

3) Catro dos ensaios de "PROSAS GALEGAS" son adicados á esaltación de catro figuras da literatura galega: Curros Enríquez, Lamas Carvaxal, Castelao, e Otero Pedrayo.

De Curros Enríquez fai unha biografía deténdose sobre todo na

---

[13] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páxs. 27-28.
[14] Ob. cit., páx. 48.
[15] Ob. cit., páx. 71.
[16] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páxs. 75-76.

súa dimensión moral. Di del: "As barbas, corridas e longas deica pousaren no peito, eran as dun profeta; mais o cabelo, erguéndose en penachos sobre da frente ancha, sinalaba a disconformidade e a rebeldía dun temperamento. No fondo do seu interior había unha arela de xusticia... mais, ao mesmo tempo, o seu carácter teimoso, agrilloado a un credo, forte e desgalgado, fixo que ás veces a espresión das súas xenreiras e das súas preferencias derivara por canles desviados; e que as pedras saídas da súa catapulta de poeta foran bater onde non debían" [17].

E di dos seus versos galegos que son a espresión dun amor que avencella unha terra e unha ialma; e deduz que Curros debéu ser sempre un atormentado polo seu propio temperamento.

A Lamas Carvaxal adícalle o ensaio tiduado "O CENTENARIO DE LAMAS CARVAXAL". Cuevillas coñecéu a Lamas de vello, cando estaba cego ou case cego, e pode decir del que amaba e comprendía a súa terra e que se daba conta que había algo nela que estaba acochado e encollido, que Galicia "xemía nun leito sen saber xiquera que nel estaba deitada", por eso Galicia non comprende a súa obra; e remata decindo: "...É seguro que estamos ante o drama do home superior ao seu pobo e ao seu tempo, da voz que canta sen que o seu cantar sexa escoitado, da aguia que por falla de espacio onde voar, tense que volver pequena, pra pelexar nunha loita de probes esgarabellos" [18].

En "SEMBLANZA AO ESTILO ANTIGO" con coñecemento de causa, xa que coñece a Otero Pedrayo dende neno, asegura que a vida deste escritor non ten moito que contar porque "iste home coma os pobos felices ten pouca historia" e a compara ca paisaxe das chairas lombardas [19].

4) O seu labor de sistematizador da prehistoria galega patentízase en "PROSAS GALEGAS" en diversos artigos como "RELACIÓNS PREHISTÓRICAS ENTRE GALICIA E AS ILLAS BRITÁNICAS" no que manifesta que estas relacións están craramente desmostradas pola arqueoloxía, a toponimia e a mesma paisaxe.

En "LIGURES CONTRA CELTAS" fala do ataque teimoso de que está sendo ouxeto a civilización celta no noso país en favor dun sustrato ligur. Non está nesto de acordo cos investigadores que atribúen a nosa civilización protohistórica a habitantes de natureza ligur e relegan a infruencia dos celtas a unha espresión de cativo valor, xa que sendo esto así non se podería espricar de ningún xeito a case totalidade dos fenómenos que millor individualizan, no senso material, a nosa cultura castrexa.

En "PALEOPAISAXE" ofrece un retrato do que sería a paisaxe de Galicia nos tempos protohistóricos. A súa fisonomía sería a mesma que a aitual: as rías remataran de afundirse, as grandes serras tornáranse dondas, e os ríos deixaran de ser os xigantes bruadores doutras épocas e convertíranse en calmos.

Mais naquel entón faltaban elementos tan caracterizadores como as cidades e as vilas importantes cos seus caseríos e arrabaldos; e fallaba a agricultura intensa e invasora.

---

17 FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 91.

18 Ob. cit., páxs. 98-99.

19 Ob. cit.

Daquela os poboados empoleirábanse nos outeiros e estarían rodeados dunhas cantas leiras nas que medraba o paínzo, o centeo, a avea, o liño, e as cepas:

"Tiña iste achego das leiras ás defensas castrexas unha dúplice motivación, xa que por unha parte ía endereitada a contar fora de murallas cun glaçis desprovido de arboredo ou de monte mesto que servira pra cobrir a unha tropa asaltante, e por outra á doada vixianza e protección das colleitas, que de estaren aleixadas dos lugares de habitación quedarían espostas a seren derramadas ou queimadas en calquer intre" [20].

E fora distes poboados encurutados e das áreas circundantes, todo o demáis era bosque, ou gandra, ou monte ermo: "Temos pois que maxinármonos a paisaxe galega dos nosos tempos da cultura celta como enfeitada por un opulento decorado vexetal, mais desprovida dunha grande cantidade de elementos pintorescos que nos nosos días empréstanlle engado e variedade" [21].

En "MITOLOXIA E HISTORIA DA PAISAXE DE TRASALBA", a partir da paisaxe que contempra dende o pazo de don Ramón Otero Pedrayo, fai un estudo mitolóxico e histórico distes lugares.

Dende o balcón de pedra de dito pazo contempra o Coto de Novelle, no que supón, como noutros cumes, a esistencia dun deus que fora adorado polos habitantes dos lugares darredor: "Ningunha fonte literaria, nin grega nin latina, fala do Novelle, nin menos de ningunha diviñidade que alí fora adorada; así que a nosa sospeita de que en tal lugar poidera domiciliarse un deus calificado coma a maior e o máis bo, aséntase soio na aparencia e diñidade do Coto, e na circunstancia máis siñificativa de estar ladeado por catro aras xupiterinas: dúas ao sul, en Cortegada e Padendra, e outra ao norte, na eirexa de Trasariz, na beira dereita do Miño" [22].

Fala tamén do monte de San Trocado no que hai unha ermida adicada a iste varón apostólico que "por un proceso de cristianización, púxose no canto dun deus da paganía chamado posíbelmente Bandua, a xuzgar por unha ara que se conservaba non hai moito a un carto de legua do monte..." [23].

Nun lombo diste monte hai un "oppidum" celta, e perto del hai dous poboados máis cativos.

Pasados moitos centos de anos, todos istes lugares víronse invadidos pola industrialización, mais o antigo centro relixioso do lugar, emprazado no monte de San Trocado, resistíu aos xermanos e aos mouros, e resistíu a sustitución dun deus pagán por un santo varón apostólico, e aínda hoxe as parroquias darredor ríndenlle culto.

5) Guiado polo amor á súa cidade natal, adícalle unhas páxinas nas que dá a coñecer cómo se orixinóu a cidade de Ourense.

Arredor do que é hoxe a cidade de Ourense había numerosos camiños protohistóricos, e esistía tamén unha vía romá; "coincidían, polo tanto, alí tres circunstancias favorabeis pra o nacemento dun casar e pra o seu ulterior medro e desenrolo: Había alí o paso dunha

---

[20] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 180.
[21] Ob. cit., páx. 184.
[22] Ob. cit., páx. 190.
[23] FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*, páx. 191.

estrada imperial de certa importancia, había un empalme de camiños, e había por cabo o cruce dun río tan considerábele como é o Miño" [24].

Ademáis, perto de aquí había unha ponte polo que parece lóxico pensar que o primeiro caserío que dira lugar á poboación, xurdira achegado á ponte e ao cruce de camiños; mais non foi así cómo xurdíu esta cidade.

No fondo dunha corga que desce de Montealegre e a poucos metros xa da corrente do Barbaña, deitaba un manantial de auga quente. E abondóu iste manantial pra que un pequeno casar xurdira á súa beira".

Aquí acudían xentes doentes, e xunto destas fontes practicaban non as prescricións dun tratamento senón as ceremonias dun culto, e aínda, apesares da romanización, as xentes siguen indo alí como a comprir un rito.

É lóxico, por tanto, que nun lugar de romaxe onde a xente aflúe con certa intensidade, se edificaran casas: primeiro un pequeno parador, logo unha tenda de comidas, e máis tarde cecáis un mercado. Así é como nas Burgas xurde un "vicus" cuia esistencia parece a Cuevillas indudábele aínda que non se teña ningún dato seguro sobre a súa magnitude e desenrolo.

Co seu posterior crecemento, a cidade chega a espandirse polo lugar que con tan boas coalidades podía facer pensar que dira orixe á cidade.

6) A lingua de Cuevillas caracterízase polo emprego dos máis variados recursos idiomáticos.

Para a solución da terminación *-anu (s) /-ana(s)*, a que máis emprega é a *-án /-áns*: *hirmáns, mans, ourensáns;* pero de vez en cando aparez a solución -á / ás: *irmá/irmás.*

O *n* dos pruráis rematados en *-ns* non aparez moitas veces nas solucións que el dá: *ladrós, intenciós, xamós, relaciós,* frente a *corazóns.*

Para o *-l* da terminación *-ls* de prural, dá a solución *-aes* con moita máis frecuencia que as terminacións *-ás* ou *-ais*: *terminaes, imperiaes.*

É unha característica a ter en conta na súa prosa o emprego do infinitivo conxugado aínda en casos en que podía ser ademitido o infinitivo non conxugado.

Nos seus escritos fixo gala dunha grande riqueza lésica e dun espresivo rigor sintáctico: períodos breves, áxiles, con ritmos acelerados ás veces, e calmos e sosegados outras; prosa literaria e estéticamente refinada, pero sempre cun fin instrumental, didáctico. Neste senso está situado antre a prosa de dous escritores da súa xeneración; é o termo meio antre a prosa barroca en canto á forma de don Ramón Otero Pedrayo e o didactismo vixente na obra de Vicente Risco.

M.ª XOSÉ FERNANDEZ JIMÉNEZ
Santiago

[24] Ob. cit.

DÚAS HISTORIAS DO ALÉN ENCOL DA SANTA COMPAÑA

Do inesgotábel mundiño das creencias e supersticións que aínda persisten, en maior ou menor escala, nalgúns lugares galegos, imos tratar nesta ocasión do treboso tema das aparicións, esquematizándoo deica quintaesencialo, motivado a unha natural limitación de espacio, inda que esta medida veña resultar diametralmente oposta á súa estesa e delicada natureza.

Nembargante, denantes de entrar en materia, quero deixar costancia de algo, que, pesie a ser dabondo conocido de todos, nunca está demáis lembralo, nun xeito de lexítima defensa do que á primeira ollada puidese semellar un secular atraso, e en consecuencia, a similitude dunha teimuda inorancia sostida contra vento e marea. Refírome ao importante papel que xoga en todo esto a podente voz do ancestro, traducida aquí como verdadeira raizame dun legado típicamente céltico, en profusa mestura de certos cultos pagáns que irremisíbelmente foron deixando naturáis sedimentos.

Neste orde de cousas, non debemos botar a esquezo, o acendrado culto que os nosos abós os celtas rendían aos seus mortos. De ahí a creencia de que os difuntos siguen "pervivindo" antre os vivos, e que as súas aparicións poidan ser corpóreas, incorpóreas e fantasmagóricas, pero encamiñadas decote a pedir sufraxios polo seu eterno acougo, ou pra anunciar o óbito de familiares e amigos, e mesmo de persoas alleas.

A tal respecto, dise que a morte sempre dá un sotil aviso, pero que ninguén coma nós os galegos pra o captar, predispoñéndonos a elo ese "morrer un pouco a cada intre" que é a morriña, definida así por Xosé M.ª Castroviejo, como verdadeira autoridade que é nestes galaicos aconteceres. A todas esas formas de aparición ténselles moita pavura, causando especial medo a Santa Compaña ou Hoste.

Esta cras específica de historias, ten sido unha chea de veces obrigado tema das tertulias invernizas celebradas ao quentor do fogar ou lume da "lareira", porque as chamas, sempre brincadoras e ensoñadoras, eran o principal factor de incitación pra promover este tipo de conversas. E inda que, como despóis veremos, o tema sigue latexante pra moitas persoas cronolóxicamente maiores, o caso é que, a pesares da súa podente raizame, ún xa non conibe o mantimento destas parlas en cheo reinado das cociñas de gas butano e de fluido eléctrico, carentes en ausoluto do menor poder evocativo, e fieles espoñentes de novas concetuacións.

Mais, como queira que nos imos referir á derradeira forma das aparicións denantes enunciadas, veñamos a lembrar o seguinte:

A Santa Compaña ou Hoste

Sírvanos de prolegómeno o decir que estas aparicións endexamáis se producen antes das doce da noite, constituíndo a súa pre-

sencia un impresionante desfile noitébrego no que, polo xeneral, se non perfían contornos físicos nin siquera dos fachos acesos que porta cada ánima en pena. Dexérganse as luces dos cirios, eso sí; escóitase o roce dos sudarios; percíbese difusamente o rezo de oracións; óuvese o tanguido da campaíña, sentíndose ao paso de tan macabro cortexo un airiño xeado que enfría o corazón do home máis valente.

Os lugares máis axeitados pra se atopar con esta temíbel comitiva son, principalmente, os cruces de tres camiños, os mestos piñeiráis, e a prosimidade dos camposantos. A xente ten medo de bater con ela, porque ao primeiro home vivo que atopan obríganlle a ir tanguendo a campaíña que portan, e de cuio tanguido non pode ser relevado máis que por outro semellante, que, no caso de se atopar, supón pra o desditado unha morte arrepiante.

Cando se detén a Santa Compaña dediante dalgunha casa, alguén dela vai morrer decontado. Dise asimesmo que ás veces tamén acantazan o tellado das súas víctimas, e que as ánimas baixan da lúa en forma de "abellóns".

Pero...! craro está!, tamén en ocasións fan as súas aparicións en solitario, pois é de xeneral creencia o que as ánimas teñen afición a entrar nos cuartos que en vida lles foron familiares, e principalmente na cociña, en demanda de quentor. Por eso nalgunhas vivendas endexamáis se apagaba o lume da "lareira", porque de telo feito así, equivalería a os privar de tan sinxelo consoo.

Conocido pois en esencia o que é e supón a Santa Compaña ou Hoste, imos a seguido co relato das dúas historias.

Primeira historia

Este estraño sucedo remóntase ao ano 1943. Aínda vive a muller que o protagonizóu, e o ocurrido foi o seguinte:

A señora Manuela —chamémoslle así pra non dar a conocer o seu verdadeiro nome—, adicábase daquela a pequenas transacións de comestibles, exercitadas no peculiar xeito que antano se denominóu "estraperlo". Pra elo tiña que se desprazar a unha importante vila, distante así como cousa de catro leguas da súa aldea. Alí mercaba determinados xéneros alimenticios, pra os vender despóis a sobreprecio no seu habitual lugar de residencia.

Naqueles precarios tempos tamén escaseaban demáis os medios de locomoción e de trasporte. De ahí que a señora Manuela tivese que cobrir de a pe tan respetábel distancia, agravada no viaxe de volta, polo peso que portaba riba da súa cabeza.

Pois...! ben...!; certa noite, como de costume, esta muller saíu da súa casa con rumbo á poboación que era o esceario dos seus trapicheos. Camiñóu unhas cantas horas co seu paso elástico de sempre, sucedendo que, ao chegar a punto de destino, aínda faltaba un par de horas longas pra que amencese.

Sobrada de tempo como estaba, emprincipióu a dar voltas polo pobo, hastra que ao pasar por unha recoleta praciña víu aberta a porta dunha eirexa, en cuio interior atopóu o oportuno asento.

O templo en custión estaba dabondo cheo de xente, pesie ao intempestivo da hora. E si ben era certo que fallaban por brillar as lámpadas eléctricas, en troques locía toda a cera do altar maior e dos retábulos adxacentes.

Cando Manuela tomóu asento na derradeira fila de bancos, saía naquel intre un crego da sancristía pra celebrar o Santo Sagrificio da Misa. E coma fiel creente que era, sentíu o natural contento de poder asistir casualmente ao acto relixioso. Pero a súa sorpresa foi moi grande ao se decatar de que, ao rematar a misa, apagáronse de súpeto todas as velas, desaparecendo asimesmo no acto a totalidade dos asistentes. Entón tamén a súa sorpresa trocóuse en verdadeiro medo, e éste en auténtica pavura, ao se ver privada de poder sair á rúa, poisque a porta estaba pechada con chave, naturalmente, dende fora.

Como é de presumir, o tempo decorrido nesta tesitura convertíuselle en eterno. Pero gracias a Deus, sucedéu que, cando se alcontraba á beira do parosismo, puido percibir que alguén abría a porta. Agora era o sancristán que chegaba deica alí en cumprimento da súa obriga de tanguer as campás en anuncio da misa primeira, e ao que por forza tivo de lle contar a súa odisea, posto que aquél tomáraa por unha ladrona introducida ás escusas na eirexa co intención de perpretar un roubo sacrílego.

A xuicio da propia protagonista, este episodio corresponde a unha aparición da Santa Compaña, pero nunha misión totalmente pía e inofensiva; carente dos seus peculiares sudarios, velóns e campaíña, porque estaba centrada no celebramento dunha misa en sufraxio das súas propias intencións, e oficiada por un crego igualmente difunto, que forzosamente exercitara o seu sagro ministerio ao frente de aquela mesma parroquia.

Segunda historia

A persoa que protagonizóu esta segunda historia tamén está viviña e coleando. Frisa xa nos noventa anos de edade; pero pesie a elo, aínda ten firme a cabeza e áxil a memoria. Durante cincuenta anos servíu coma criada dun crego, de quen somente diréi que chamaban de alcume "Patas de fío", e que xa ganóu a outra banda, fai désto moitísimo tempo.

O Reverendo "Patas de fío" era un exemplar ministro do Señor. Estaba dotado dun carácter moi rexo, pero polo demáis —repito— viña resultar unha escelente persoa. Atacaba sin conceder coartel a todo atisbo de oscurantismo, rifándolle á súa fámula con moita frecuencia porque ésta creía a pes xuntos en todo o que mesmamente combatía o seu amo con tanto celo.

A vida de aqueles dous seres foise desenvolvendo normalmente na pracidez da aldea, hastra que nunha noite de inverno, despóis de rezar o Santo Rosario, ouviron un grande barullo nos arredores da isolada Reutoral, naturalmente achegada ao camposanto e á eirexa. "Patas de fío" guindaba denostos contra dos barulladores, e montado en xusta carraxe abríu as fiestras do cuarto co decidido propósito de lle poñer coto ao boureo. Pero nada máis de se ter asomado, o primeiro que ollóu foi que as portas do templo estaban abertas de cheo, e o seu interior profusamente iluminado por unha forte luz un algo enneboeirada. E de alí, mesmamente de alí, partía aquel balbordo de berros, laios, música fúnebre e forte roce de roupas, alongándose asimesmo o escándalo deica o camposanto aneso, que se amosaba ateigado por unha fantasmagórica moitedume de pequenos cirios

acesos, que semellaban aboiar a media altura. O crego caíu paralizado polo medo, e dende aquela xa non voltóu a anatematizar as aparicións.

Na opinión da vella criada, semellante aparición está considerada como unha réplica dada pola Santa Compaña ao incrédulo, quen —e dito seña de paso—, a partir daquel intre adicóu a meirande parte dos seus pregos á intención das Benditas Ánimas do Purgatorio.

Deica aquí, a sucinta referencia sobre da Santa Compaña ou Hoste, e a aportación das dúas prometidas historias. O ancestro sigue a mandar sobre de nós, e mentras ésto suceda a historia terá de se repetir con frecuencia, porque neste orde de cousas non cabe decir aquelo de que... "a tales tempos, tales xeitos...".

Polo que espuxen, coido que este estado de cousas ha durar séculos enteiros, e que todo o máis, as nosas creencias poden ser embebidas por outras correntes de igual ou semellante sesgo. O home non pode vivir sin un mito, sin unha figuración, e cando ésta lle falla sóbralle imaxinación pra se crear outra nova...

F. DE RAMÓN E BALLESTEROS
Corcubión

XENTE DE AQUÍ E DE ACOLÁ, por Álvaro Cunqueiro [1]

Álvaro Cunqueiro ten sona, certamente ben ganada, de escritor imaxinativo. Ninguén lle nega —¡quén llo podería negar!— un máxico dominio da pantasía e da gracia, decote a escintilar na súa prosa. E non só se lle reconoce tal dominio senón que, con frecuencia que vai sendo rutinaria, quérese enchousar dentro del ao mesmo Cunqueiro, virando o reconocemento en reproche: "Cunqueiro escribe moi ben, pro non sai dos eidos da pantasía irreal"; "Cunqueiro é un escritor *evasionista, escapista, sin eficacia...*". Xuicios máis ou menos zafrañentos coma estes escóitanse moitas veces e, de tanto repetírense, van camiño do lugar común. Son reparos que teñen dúas procedencias distintas: ún estética e o outro política.

O reparo de procedencia estética baséase na idea de que a literatura ha de refreixar a realidade, e considera que a do Cunqueiro nona refreixa por se manter no plano do imaxinativo. Reparo demasiado parcial, abofé, pois parte dun conceito limitado da realidade, talmente como si a imaxinación non for de seu unha facultade *real* do ser humán, tan real que ela mesma é creadora de realidades novas ¿ou é que "Merlín e familia", en canto obra de arte, non é tan real como a torre Berenguela da catedral compostelá, poñamos por caso? Si o mundo onírico, ou o fluir da espontaneidade subconsciente, ou as arelas relixiosas ou metafísicas de trascendencia teñen lexitimidade de espresión literaria e artística ¿por qué non iba ter igual lexitimidade espresiva o mundo da pantasía imaxinativa? ¿Acaso non é tan humán como os outros? Craro está que se pode preferir un tipo ou outro de literatura según os gustos de cada ún, pro eso non autoriza a negarlles lexitimidade aos que non coincidan cos propios gustos. Afortunadamente todo o mundo humán, quer na súa dimensión ouxetiva —ambiente cósmico, medio social, tradición cultural, etc.—, quer na súa dimensión subxetiva —sentimentos íntimos, arelas, soños, cobizas, etc.—, é espresable literaria e artísticamente. Poisque o Cunqueiro nos dá espléndida literatura galega do mundo imaxinativo, eso lle temos que agradecer.

O outro reparo, o de procedencia política, incurre no erro de confundir os valores literarios cos valores políticos, polo que se descalifica de seu. Non cai na conta de que xuzgar os valores literarios con estrictos criterios políticos resulta tan necio como xuzgar os actos políticos con estrictos criterios estéticos. Son reparos seudocultos e, como tales, doados pra se convertiren en mostrencos lugares comúns. Mas a política ten os seus valores propios, ben importantes por certo, e non precisa deturpar os valores literarios e artísticos con estériles sofisticacións.

Por outra banda, a opinión de que o Cunqueiro non sai dos eidos da pantasía "irreal" tamén requere algunha matización. Baséase sin dúbida na primeira imaxe do Cunqueiro prosista, que nos veu dada polo "Merlín" e foi confirmada

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1971.

por outros escritos, pro hai unha parte da obra cunqueiriá, certamente da máis valiosa, na que a riqueza imaxinativa fúndese coa realidade ouxetiva. Tal ocurre, por exemplo, no fascinante libro dos "Menciñeiros", no que nos amosa uns seres humáns de carne e óso que el conocéu, descritos con libérrima gracia imaxinativa, con óptimo arte cunqueirián, pro dotados de unha viva realidade humá que se nos impón.

E nesta mesma liña de referencia á realidade ouxetiva, temos este libro "Xente de aquí e de acolá". Non se trata, neste caso, de homes de carne e óso inscritos no Rexistro Civil, senón de persoaxes creados pola imaxinación do Cunqueiro e por ela dotados de gran sustantividade humá. Esa riola de toliños lugueses que o Cunqueiro nos presenta son irmáns de tantos e tantos tolos que sempre houbo e sigue habendo polos lugares da nosa terra; son irmáns deses tolos que todos conocemos e tratamos, ou doutros que non conocemos e dos que tanto temos ouvido falar. Eses toliños lugueses que describe o Cunqueiro son tan entrañablemente nosos coma os cegos pontevedreses que dibuxóu Castelao. Eles forman unha numerosa parentela desvalida —a cifra total sería arrepiante— que convivíu xeneración tras xeneración na nosa facareña sociedade rural e que agora o Cunqueiro ven de incorporar á nosa literatura culta con admirable mestría artística, pro tamén —compre reconocelo— con unha inmensa simpatía cordial, con unha comprensión humá que nolos fai familiares.

Será ben, xa que logo, cando se fale da pantasía imaxinativa do Cunqueiro, nona identificar rutinariamente coa "irrealidade". Non sempre se pode identificar.

R. PIÑEIRO

AUTO DAS REGATEIRAS, de Antonio Ribeiro Chiado [1]

Con Gil Vicente, Portugal dá á literatura dramática unha figura xenial, a másima figura do teatro portugués. Os logros dramáticos nas letras portuguesas son esporádicos, agás no caso de Gil Vicente. Os sucesores inmediatos déste, os dramaturgos quiñentistas, non supoñen progreso algún na liña da producción dramática portuguesa. Polo contrario, son testemuño dunha regresión, dun empobrecimento con relación ao espléndido momento auroral representado pola obra vicentina. As apreciables calidades de algúns dos seguidores do mestre non lles confiren categoría de orixinalidade suficiente para conquerirlles un posto relevante como figuras literarias, mais que sexan ouxetos de interés para a erudición filolóxica.

Achámonos ante unha edición do *Auto das regateiras*, de Antonio Ribeiro Chiado, o máis distinguido autor da escola vicentina. É unha edición feita coa apurada crítica a que nos teñen acostumados os hispanistas italiáns de hoxe en día, que tanto teñen contribuido á depuración dos testos da literatura antiga galega e portuguesa.

A editora conclúi que son independentes antre sí as dúas edicións quiñentistas conservadas do *Auto*, ambas sin data. A do exemprar de Lisboa, que leva a marca do impresor Galharde, non pode ser posterior a 1565. Nada se pode precisar sobre a data de impresión do exemprar de Madrid. Canto á data da composición da peza, debe de ser moi próxima á da edición de Lisboa.

O *Auto* preséntanos singularidades curiosas na fala popular e arcaizante dos persoaxes, especialmente a "Velha", e na *aravía* da "Negra". A editora cataloga miuciosamente estas particularidades.

---

[1] Introduzione, testo e note a cura di Giulia Lanciani, Edizioni dell'Ateneo, Roma, 1970.

Na métrica ponse de manifesto a grande distancia esistente antre a lingua escrita do século XVI e a fala popular, antre ortografía e fonética. Unha grande suma de versos, tal como aparecen escritos, só son reducibles a medida supondo elisións de sonidos. A estrema labilidade das vogáis átonas portuguesas aparez fortemente denunciada nos versos de Chiado, que se atén á fonética popular.

Temos anotado algunhas ouservacións da editora que se poden relacionar co galego, ou que como galegos téñenos interesado especialmente.

4. *Yrgue* por *ergue*. Creemos que se trata do estreitamento da vogal pretónica que se produz no imperativo, e que permite distinguir a persoa 2 daquela forma verbal, da persoa 3 do presente de indicativo. O imperativo *ergue* do verso 1259 supón, sin dúbida, un *e-* moi pechado. As gramáticas galegas, desde Saco, rexistan esta alternancia.

57. Nótese a espresión proverbial *parir a galega*.

127. Creemos con Teyssier que o *bengoo* de Gil Vicente representa a contracción de *benga-o*, e non se trata dunha simple errata de imprensa. En galego falado non é rara esa asimilación: *déixao* > *déixoo* > *deixo*.

152. *Oulhar* por *olhar* confirma a nosa creencia de que no *Cantar do Mariscal*, o diptongo de *toudos* non é senón grafía de ō [2].

167. O mesmo diremos a propósito da forma *ou* que reviste o artigo.

200. A nasalidade que xurde no canto do *-l-* caído segundo a grafía do exemprar de Lisboa, é fenómeno rexistado en galego: *Fins* < FELICE.

488. Para o pobo lisboeta do cincocentos, o galego era unha variante emburullada do portugués.

520. *Vier* non é infinitivo persoal, senón futuro subxuntivo.

521. O mesmo decimos de *quiseres*. O único infinitivo que aparez nos versos 520 e 521 é *escaldar*. Pode ser considerado persoal, pois o seu suxeito é *tu*, elíptico; pero, como infinitivo concertado, carez de flesión.

1.017. *Achego*, forma masculina, é usual en galego.

R. C. C.

VILLARDEVÓS, de Silvio Santiago *

Aos dez anos xustos da súa primeira saída, *Vilardevós* —ou *Villardevós*, tal como ven no tiduo— é xa un clásico galego. E máis aínda, tivo a fortuna de encetar un camiño que logo se mostróu de diversa e moi distinta andadura en imitacións non sempre afortunadas. Silvio Santiago fixo co *Villardevós* un libro dos que deixan calco, e fíxoo co corazón na man, e botando a escoar as súas lembranzas de nenez nun xogo delicioso de maxinación e naturalidade. A vida dunha vila galega entróu así no mundo das letras, captada con toda a súa gracia inxel, ancorada no tempo malia os aires de novedade ás veces forzados e estourantes, sempre superficiales. Unha vila galega é tanto como decir un mundo de seu, variegado e vivo, latexante e ricaz. E Silvio Santiago sóupoo recoller con toda a súa variedade de tipos, de actitudes e de perspectivas. Este é quizáis o mérito superior dun libro tan abondoso en méritos. Non quedan nunca estas páxinas na simple anécdota, por máis que o anecdótico abonde nelas narrado cunha vivacidade e unha gracia especialísimas, senón que a anécdota sirve pra axustar a perspectiva, pra afondar na humanidade duns persoaxes que o autor convirte en singulares, e pra arrequentar os matices e o conxunto. Nalgunhas das obras direita ou indireitamente inspiradas no *Villardevós*, a anécdota cobraba valor por sí; no libro de Silvio Santiago a anécdota está ao servicio dunha visión máis matizada deste mundo mínimo, contrastado, de insospeitadas tensións que é sempre unha pequena vila. Silvio Santiago adoita nestas páxinas unha visión irónica que non é xamáis distanciadora senón que, polo

[2] *Sobre lingua e literatura galega*, p. 238, n.8.

* Ed. Galaxia; 2.ª edición. Vigo, 1971.

contrario, axuda ao lector a penetrar no miolo deste cadro entrañábel. Toda anécdota queda así xustificada con naturalidade, como o quedan tamén os retratos dos persoaxes, vivísimos, acadados na súa brevedade. Como todo gran libro, o *Villardevós* vai moito máis aló do propósito do autor. Poida que pra Silvio Santiago fora sólo o de encher o vagar dunhas horas mergullándose na lembranza dun mundo que el coida quizáis ido, pero que, en realidade o que queda lonxe é a vella visión dos anos da nenez e mocedade. Escrebíuno con amor, á percura dun tempo perdido, recobrando o perfil das cousas, dos homes e dos feitos, pero resultóulle en gran parte un modelo de esculca sociolóxica. Cando fala por exemplo —presentándoo coma unha singularidade de Vilardevós— do feito de que a vila non dea homes de oficio senón sólo "labradores, xornaleiros ou vagos", ou ben homes de carreira. A observación é agudísima por máis que non é certamente unha singularidade de Vilardevós —ou Vilardebós coma no testo do libro transcríbese o nome da vila—, senón de todas as vilas galegas. As descripcións das romerías, do enfrentamento entre as devocións populares e máis as *finas* e de importación, máis gratas ao señorío vilego, están narradas cun enlevo, cunha gracia irónica e inxel que prende decontado no gusto do lector máis estragado polo exercicio e consunción das técnicas do oficio narrativo. Reparemos por exemplo na prodixiosa observación de lingoaxe que é o nervio da escea do enfrentamento entre o Matías e máis o Santiago. Ou no retrato, muito máis fondo do que parez nunha primeira lectura, do Domingo, o portugués ferrador. Ou a sucesión das témporas e os xogos dos rapaces, en cuia descripción hai notas dunha poesía elemental e fonda, co tempo matizando a lembranza irónica e garimosa. Os vellos oficios, os indianos, os funcionarios, os que retornan á vila nas vacacións, os burgueses ¡qué espléndida galería de tipos nestas páxinas tan mestas de intensidade emotiva, de fondura humanísima!

Poida que o mellor que se pode decir do libro é que gana nas lecturas sucesivas, que endexamáis cáese das mans, que en cada páxina, e a cada lectura, descóbrese un matiz, un áxil xogo de ironía, de gracia narrativa, tamén de seguridade. Porque Silvio Santiago, escritor non profesional nin xiquera no nivel esquío de profesionalidade que polo de hoxe pódese dar no escritor galego, compón a súa obra moi lonxe das torpezas, ás veces emotivas, do *naïf*. É un libro moi seguro éste, pesie á súa aparente espontaneidade, libro moi composto e moi pensado, moi traballado pra dar co matiz cabal, ca palabra xusta. Libro autobiográfico pero que non se apoia sólo no engado da lembranza. Agudo na visión, fondo no análisis duns feitos e dunhas situacións que o autor limítase a esbozar deixándolle ao lector o esforzo e o pracer de completalas ca súa esperencia e as súas lecturas. Libro suxeridor máis que definidor. E por riba de todo un modelo de prosa popular, aínda cos seus castelanismos inevitables nunha obra deste feitío.

O libro, na súa primeira edición, acadóu un ésito merecido. É sin dúbida un dos libros galegos máis e mellor leídos dos derradeiros anos. Pra os lectores novos, os chegados nestes anos derradeiros ao contacto cas letras galegas, vai ser unha revelación. Pero é un libro tamén irrepetible e que quizáis non conveña teimar en repetir. As imitacións non fan máis que detunpar o seu contido, incidindo esclusivamente no seu aire rebilisqueiro e garoufante ou carregándoo de moralexas trascendentes nunha vana percura da gravidade. A lección do libro está ehí, na súa engaiolante espontaneidade, no seu lingoaxe inxel, na captación matizada dun mundo vivo e pecho. Por riba del, sólo cabe a socioloxía. Por baixo, a gracia pándiga e banal na que haberán de caer, un tras doutro, os imitadores.

Ca súa difícil naturalidade, Silvio Santiago compuxo un libro clásico. E como tal, inimitable. Un dos libros galegos que han quedar pra sempre. Unha lección de agudeza verbal, cadro completo, cordial, verdadeiro dunha parcela da vida galega, fixada xa pra sempre, pra regalía de sociólogos e de lectores futuros.

BASILIO LOSADA

DESCRIPCIÓN ECONÓMICA DEL REINO DE GALICIA, por José Lucas Labrada *

Atopar nun home do dazaoito unha constelación de ideas, aititudes e posicións doutrinás que, nos tempos que andamos, valerían aínda como alicerces pra que boa parte da economía galega dera un longo paso adiante, constitúe unha aventura inteleitual apaixoante e estarrecedora. A *Descripción económica del Reino de Galicia* é, por suposto, un inventario ordeado de feitos, mais é tamén unha diagnosis, unha denuncia e un programa referidos á realidade socioeconómica galega de fins do dazaoito. A súa leitura resulta por iso apaixoante. O estarrecemento empeza cando o leitor é un home dos nosos días, atento aos problemas nos que anda a bater a economía galega contemporán. Daquela a leitura convírtese de seu nun diálogo intemporal co autor da "Descripción", un diálogo no que o contrapunto dos temas deseñados no texto enfíase na economía galega de hoxe. Cecáis o leitor en custión profese ideas ou manexe esquemas valorativos que nin siquera foran aínda enxendrados nas cencias sociáis na época do Labrada. Mais de calquer xeito faráselle evidente que o contido programático da "Descripción" constituiría aínda hoxe, en boa medida, un ideario progresista en contraste coa situación real vixente en amplas zonas da nosa economía. O Labrada non podía estar, vai pra dous séculos, á altura dos nosos tempos en formación centíficosocial e en posicións ideolóxicas de avangarda. Isto non é grave: é natural. O grave é que amplas agras da nosa economía aínda non estean hoxe, na súa fasquía estrutural, á altura dos tempos do Labrada, dos tempos nos que o pensamento do Labrada se situaba. Velahí cómo a leitura da "Descripción" resulta, hoxe, apaixoante e estarrecedora. O ideario da ilustración, que o Labrada profesa, nunca chegóu a poñerse en obra pra a promoción socioeconómica de Galicia. O escaso progreso que houbo dende aquela en século e medio, aniñóu en chousos pequenos da nosa sociedade e da nosa xeografía. Por outra banda, o crecemento que rexistran as derradeiras décadas, aínda con ter un ritmo máis vivo que denantes, leva as mesmas trazas e xurde en aberta discordancia cos principios orgaizativos que poderían dotalo de virtualidade creadora pra o país, dexergado coma entidade definitoria dos ouxetivos prioritarios. O canle do desenrolo pra "el genio laborioso de la nación gallega" aínda non leva corrente. Labrada foi, coma tantos outros, un testemuño que erguéu a voz pra un auditorio de xordos. Pasóulle o tempo. Ficaron estantías as cousas. Compre ler agora ao Labrada "cos ollos do noso esprito" e traducilo en termos dun ideario axustado ás esixencias da nosa hora. É un crásico, é decir, un modelo que se pode verquer, *mutatis mutandis*, en formulacións aituás.

Como ben di o profesor Río Barja no seu prólogo á edición que comentamos, "a *Descripción*... é unha crara, sinxela —traducimos— e metódica esposición dos feitos económicos fundamentáis da Galicia do XVIII. Nela non se nos presenta Labrada coma un verdadeiro e orixinal teórico da Cencia Económica, senón máis ben coma home culto e prático que aborda e ataca os problemas latexantes, deseñando as posíbeles solucións que plantexa o rexurdimento económico de Galicia".

Labrada profesa o liberalismo económico nun tempo no que o liberalismo formulaba as teses máis viábeles pra o progreso económico. Labrada manexaba con habelencia os esquemas fisiocráticos e smithiáns cando niles se resumía o máis logrado e rigoroso contido da Economía Política. Nalgún caso, esa formación doutrinal impídelle comprender o siñificado e as posibilidades dunha institución tal coma os montes de veciños, ousesionado como estaba —e non sin fundamento, por outra banda—, polo modelo dos *enclosures*. As máis das veces, porén, válelle pra enfocar os problemas económicos cunha lucidez que contrasta

* Ed. Galaxia, Col. "Os precursores", Vigo, 1971. Prólogo de Francisco J. Río Barja.

rotundamente coa vulgaridade, a falla de fundamento científico e o reaicionarismo das ideas preponderantes na sociedade galega do seu tempo. Niste senso é maxistral a súa denuncia do vello réxime que, habilísimamente, enxerta nunha crítica sistemática da política económica dos Austrias —necesariamente grata aos Borbóns.

Se deixamos eiquí aparte, con seren moitos os seus méritos, o contido propiamente descritivo da súa obra, podemos sintetizar o celme programático nistes puntos: a reforma agraria, a promoción industrial, a apertura de vías de comunicación transversáis, e a reforma administrativa. Cada un diles merecería un comento sistematizado, mais iso desbordaría abusivamente os límites da dimensión desta nota. A súa insistencia en "reunir en todo lo posible la propiedad de la tierra con la propiedad del cultivo; cualidades que separadas será siempre el azote de la población de los reinos". A crítica da amortización, aberta polas Cortes de Toro "por medio de la institución perpetua de las vinculaciones; y corrieron a sepultarse en ellas todos los tesoros que repentinamente vinieron del nuevo Mundo, en la fundación de una inmensidad de mayorazgos y capellanías". A visión —tan concordante coa de Pedro A. Sánchez— do desenrolo gandeiro sin conflito co agrícola e o forestal, e máis das industrias de transformación de produtos agropecuarios. A denuncia do drama emigratorio, coma nistes párrafos: "Los infelices labradores gallegos obligados a pagar las rentas, los pechos y los servicios reales y personales, salían todos los años por el mes de abril y mayo a ganar un jornal en los reinos de Castilla, en número de más de treinta mil hombres y mujeres, volviendo por el mes de agosto a hacer su triste cosecha, de la cual en el año más abundante no les quedaba con que sustentarse más que un poco de pan de maíz o centeno, berzas y agua, sin hora de alivio ni descanso, desnudos, descalzos toda la vida, sin tener nada suyo...". A denuncia do estado das comunicacións: "Galicia, con los peores caminos transversales que se pueden imaginar, mal puede adelantar sin ellos la cultura de las tierras, ni dar salida a sus productos". As mulleres teceláns, "que, aunque aplicadas y honradas, carecen de facultades para comprar el lino, que por otra parte no hallan fiado". A comprensión do papel do progreso tecnolóxico e as propostas (compartidas ou formuladas polo Consulado da Cruña e as Sociedades Económicas) de creación de centros de formación obreira e artesán, importación de sementes, maquinaria, promoción financieira.

Pro cecáis abonde sinalar a postura do Labrada encol da reforma administrativa. Resulta siñificativo que Labrada considere iste tema coma o máis importante "sin contradicción alguna". E non en termos xenéricos nin abstractos. Labrada arremete contra os Justicias, as súas atribucións e o sistema de provisión dises cárregos, e apoia nesa crítica a súa proposta de división do Reino de Galicia en "Corregimientos Reales", proposta —di— "tan fundada en la razón, que el que lo negase vendría a conceder que es útil colocar en los empleos de mayor importancia a los hombres más ineptos para desempeñarlos". E engade pouco despóis: "¿De qué otra cosa más que de la ignorancia de la mayor parte de las Justicias de este reino proviene la escasez de noticias que se hallan en esta Descripción...? ¿A qué otra cosa atribuiremos la inexactitud que va observada de los padrones de nuestra población? (...) Mas no puede ser de otro modo. Las Justicias en primera instancia de los pueblos de Galicia casi todas las proveen los señores territoriales; y (...) cualquier sujeto que sepa leer y escribir opta a ellas sin otro requisito que la predilección del que las provee; otras veces recaen en labradores que ni aún aquéllo saben (...) y muy raras veces en abogados. Los jueces de las dos clases primeras son enteramente gobernados por los escribanos, de cuya grosera y devoradora avaricia son ordinariamente la víctima los pobres labradores, a quienes el excesivo número de aquéllos ha hecho contraer cierto carácter litigioso harto incompatible con los progresos de la labranza y con la tranquilidad pública". Como alternativa á situación descrita, Labrada propón a designación de Corregidores que xunten "la virtud, la ciencia y la autoridad" —coñecedores da Matemática e a Física, sin as que "apenas se puede dar un paso en las materias económicas, objeto

de que tanto se ocupan todas las naciones cultas" —poisque, insiste Labrada, "no hay duda que ínterin el poder se halle de un lado, las luces y la sabiduría solas también del otro, los sabios raras veces pensarán en cosas grandes, y menos los Gobiernos las podrán efectuar dignas de elogio; y el efecto de lo uno y de lo otro será siempre la miseria de los pueblos". E engade aínda despóis: "Más hay: estos Corregidores así distribuidos llegarían a conocer las verdaderas costumbres, el carácter y el genio de la nación, que sólo se aprenden estudiando su vida privada en los estados más numerosos: pues es sabido que el detenerse para ello en las gentes que siempre representan en los pueblos grandes no es más que ver cómicos y farsantes".

Cando entran os franceses, o Real Consulado xura ao xeneral Soult o acatamento ao novo orde, e Labrada é elexido intérprete do xefe do Estado Maior francés. Cando o pronunciamento de Riego, en 1820, Labrada aparece coma segredario da Xunta de Censura constituída polos liberáis da Cruña. Dende 1823 escurécese a súa vida, volta ao Consulado, malvive enfermo e carregado de deudas. Morre en 1842, con oitenta anos ás costas. "É estrano e descorazonador —escribe Río Barja— que un home que prestara os seus servizos con estrema puntualidade e proveito, durante máis de 50 anos, deixe o seu posto sin que se lle adique unha soia lembranza polos membros dunha corporación na que... deixaba unha obra que a enaltecía, unha obra que... había ser o meirande esforzo, no seu tempo, dunha síntese económica de Galicia".

XOSÉ M. BEIRAS

SOBRE LINGUA E LITERATURA GALEGA, por Ricardo Carballo Calero [1]

Ricardo Carballo Calero ten un doble papel na nosa literatura, da que é, por unha banda, cultivador notable en varios dos seus xéneros, e pola outra, o seu máis notable historiador e crítico. Carballo *forma parte* da literatura galega como poeta, como autor teatral, como narrador e, ao mesmo tempo, é o máis riguroso historiador e o máis lúcido crítico con que conta hoxe en día esa literatura.

Como poeta, que foi esta a súa primeira vocación e a súa vía inicial de incorporación á literatura, deunos varios libros ("Vieiros", "O silenzo axionllado", "Poemas pendurados dun cabelo", "Anxo de terra", "Salterio de Fingoy"); como autor teatral, ofrecéunos catro pezas, algunha delas galardonada, editadas recentemente por Galaxia con ese mesmo tiduo "Catro Pezas" ("A sombra de Orfeo", "Farsa das zocas", "A arbre", "Auto do prisioneiro"); como novelista é autor de "Xente da Barreira", novela premiada no primeiro concurso dos Bibliófilos Gallegos. Como historiador e crítico da literatura galega, Carballo Calero é, sin dúbida, a nosa primeira figura, a pruma máis autorizada e prestixiosa. Os seus libros "Sete Poetas", "Aportaciones a la Literatura Gallega" e "Historia da Literatura Galega" renovaron vigorosamente e actualizaron con rigor e brillantez a visión valorativa e a ordeación histórica da nosa literatura.

Mas si Carballo ten un doble papel dentro do eido literario —o de creador e máis o de historiador e crítico—, tamén ten un papel doble no eido cultural, poisque non só se ocupa da literatura senón tamén da lingua. Así, a súa "Gramática elemental del gallego común" é a millor Gramática da lingua galega con que contamos deica hoxe.

Nesta nova obra que ven de aparecer, "Sobre lingua e literatura galega", recolle o autor tres grupos de traballos de grande interés para cantos estudan a nosa lingua e máis a nosa literatura. No primeiro grupo inclúe dez traballos

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1971.

que tratan da literatura contemporánea, dende Rosalía aos nosos días, encabezados polo que foi seu discurso de ingreso na Real Academia Gallega sobre o tema "As fontes literarias de Rosalía", traballo escelente e hai tempo esgotado, así como outros sobre Pondal, sobre Guerra Junqueiro e a súa influencia nas literaturas hispánicas, sobre Otero Pedrayo, sobre Manuel Antonio e Amado Carballo, sobre Xohana Torres, sobre Mariñas del Valle, sobre M.ª Xosé Queizán, e o derradeiro sobre o conto popular na provincia de Lugo. No segundo grupo inclúe dez traballos sobre literatura medieval galego-portuguesa, nos que fundamentalmente estuda as achegas tan importantes que está realizando a Romanística italiá e as levadas a cabo polo grande mestre da nosa Filoloxía, prof. Rodrigues Lapa. No terceiro grupo inclúe asimesmo dez traballos, mas estes de lingüística galega, ora estudando as modalidades do galego, ou fenómenos como o da *geada,* ora estudando a vixencia e matices semánticos de palabras como "Proviço e Porviso", ou da palabra "Alomear", usada por Rosalía, ou do tratamento rosalián do sufixo *-bile,* así como comentarios a obras de lexicografía, filoloxía ou Gramática.

Neste libro de Carballo Calero destacan, como en todos os seus anteriores, a craridade de xuicio, o rigor informativo e a sobria elegancia espositiva. Agora agardamos todos a prósima aparición do segundo tomo da súa maxistral "Historia da Literatura Galega".

R. PIÑEIRO

HISTORIA DE MONFORTE Y SU TIERRA DE LEMOS, II, por Germán Vázquez [1]

Germán Vázquez, "grande y apasionado estudiante" no decir de Otero Pedrayo, prologuista deste libro, ven de publicar o segundo tomo do seu denso estudo adicado á historia de Monforte e da súa terra de Lemos. Este segundo volume abrangue dende o século XV ao XVII, polo que contén a historia de tres séculos de tanta relevancia no pasado galego. E mesmo de tanta influencia aínda nos nosos días, pois a hoxe nos chega, en boa medida, o influxo das grandes transformacións, verdadeiramente revolucionarias, habidas en datas moi importantes dese longo período que Germán Vázquez estuda.

Sin dúbida, o século XV é o que, dende un punto de vista galego xeneral, ten máis interés pra nós, anque pra o historiador todos deban ser medidos polo mesmo raseiro. E digo isto, pois o século XV foi o das loitas "comunales contra los poderes señorial y eclesiástico", o *século no que o país galego "unido en* hermandad, declara contra los señores que no quiere ser gobernado, sino por sí mismo". Mais isto dura pouco e, como di Germán Vázquez, o pobo "disfruta poco de la victoria, vencido en nueva lucha por los señores feudales". Por iso, a nosa terra "queda debilitada, fácil para ser sometida a las duras disposiciones de Isabel I y Fernando V, que le hacen mermar buena parte de su personalidad histórica. Pasa el país gallego a un período de decadencia".

Germán Vázquez demórase na revolta irmandina galega e, en especial, na súa relación con Monforte ou coa fidalguía monfortina e máis no seu efímero trunfo deica que o poder comenzóu "a domar aquella tierra de Galicia", no decir de Zurita. Estuda as figuras máis salintes deste século en relación coa historia monfortina (D. Pedro Álvarez Osorio, Diego de Lemos...), as manifestacións culturales da época, o asentamento dos xudeus en Monforte, o Mariscal Pardo de Cela (vencellado á historia monfortina polo seu matrimonio con Isabel de Castro, filla do primeiro conde herditario e perpetuo de Lemos), D. Rodrigo

[1] Talleres Tipográficos E. Paredes. Pontevedra.

Enríquez de Castro, en quen debemos ver un dos derradeiros e pode que desesperados esforzos de loita aberta pola dinidade do país, encarnada neste mozo de 25 anos que case loitóu contra o imposible, anque o desenlace final semella poñer de manifesto que o conde non estivo á altura que un agardaba, case entregándose aos monarcas que tan rexamente combatira, e quenes —como tiñan por costume— impedíronlle residir en Galicia, entre outras penas, e por un certo número de anos. Pode que con Rodrigo Enríquez de Castro remate a concencia galega, a rebeldía mesmo heroica que os nosos devanceiros souperon opoñer a un poder que empezaba a ser central. Mais os católicos monarcas nin con isto se conformaron: no ano 1487 conseguiron "bula de Inocencia VIII, cometiendo a los obispos de Ávila, Córdoba, Segovia y León para visitar los monasterios benedictinos de Galicia y corregir abusos". Ao cabo, o Mosteiro de San Vicente do Pino remata por ser anexionado ao convento de San Benito de Valladolid. Unha boa desfeita, de certo.

No século XVI, D. Rodrigo Enríquez de Castro é xa un sometido, un acabado, un devoto. O que se plantara aos Reis Católicos, negándose a comparecer diante deles nun acto de verdadeira rebeldía, no ano 1501 aparece xa negociando con eses monarcas o casamento da súa única filla, Beatriz de Castro, con don Dionis de Portugal. Estamos xa de cheo nun país capitidisminuido. A doma e castración de Galicia era xa un feito. A nosa historia moderna arrinca destes nefastos tempos. E penso que, tendo en conta os moitos datos que Germán Vázquez baraxa, este libro pode contribuir a completar a nosa imaxe desta desditada época da nosa historia. E así ocurre que Fernando Ruíz de Castro, IV conde de Lemos, nacéu xa en Segovia, sendo tamén embaixador de Carlos I na Santa Sede e defensor de moitos intereses, pero non dos da súa terra; outros como o Cardeal Rodrigo de Castro (que, polo que semella, nacéu en Valladolid), foi coengo en Cuenca, inquisidor Conselleiro da Suprema, bispo de Zamora e de Cuenca, Arzobispo de Sevilla, conselleiro de Estado... Contrariamente ao que pensa Germán Vázquez (que seguindo a Murguía fala da "galleguidad" de don Rodrigo) eu penso que este home tan importante, é o antecedente máis caracterizado do político galego que enchufa aos seus paisanos e que reparte cárregos a mans cheas entre eles, pero que xa nada ten que ver coa súa Terra. Non sei, mais pode que vala a pena que Germán Vázquez —"grande y apasionado estudiante"— nos ofreza datos e feitos que alumeen a miña escuridade informativa e couten a miña posible maldade...

O século VII monfortino éncheo a figura, a brilante figura de Pedro Fernández de Castro Andrade e Portugal, VII conde de Lemos, anque, tamén ao parecer, este conde teña nacido en Madrid. Germán Vázquez pensa que é monfortino. Aos 27 anos era Presidente do Consello de Indias, logo Virrey de Nápoles e máis logo Presidente do Consello de Indias, logo Virrey de Nápoles e máis logo Presidente do Consello de Italia. Retiróuse a Monforte no ano 1618 e no 1622 morréu en Madrid. Este conde, como é sabido, foi o Mecenas de Lope, de Cervantes, dos irmáns Argensola, de Góngora, de Quevedo e de algúns outros. Tamén il mesmo foi escritor. E, principalmente, foi un dos que máis empeño puxeron en rescatar pra Galicia o voto en Cortes, anque se conseguira, un ano despóis da súa morte, de maneira ben aldraxante. Non imos negar a gran persoalidade, mesmo brillante, deste fillo monfortino, mais a nós seméllanos que o seu galeguismo era un pouco distante. Pode que non poidera ser de outra maneira e, en calquera caso, il non tiña a culpa.

En resume, que o libro de Germán Vázquez é un espléndido traballo, ao meu ver de grande trascendencia pra o cabal entendemento da nosa historia galega. As figuras que estuda van máis alá do interés monfortino e son, xustamente, eixos moi importantes do conxunto da nosa historia. Dunha historia desditada, chea de humillacións, de andar á recúa e, a refoladas, de indinidade. Está refrexado neste libro, en boa parte, o inmenso fracaso, o esbarrullamento de Galicia, unha desfeita que, dende entón, ten aínda entangarañado o noso

destino coleitivo. E penso que este denso e migalleiro estudo contribuirá a un máis cabal conocemento da nosa historia, das nosas posibilidás como pobo, do noso ser comunitario. Temos que agradecerlle a Germán Vázquez o esforzo que puxo na ordeación dos datos —sempre complexos—, pois este libro (eu estóu certo de que así é) presta un servicio real ao país. De poucos libros se pode decir isto.

X. L. FRANCO GRANDE

ESCOLMA DE DIBUXOS DE COLMEIRO

O núm. 8 da Colección de "Maestros Contemporáneos del Dibujo y la Pintura", editado por Cuadernos de Arte de Madrid, ven adicado aos Dibuxos de Colmeiro. Trátase dunha escolma moi axeitada e representativa do noso pintor, precedida dun texto de Agustín Rodríguez Sahagún.

O presentador do cuaderno di, antre outras cousas:

Sempre gostéi de falar con Colmeiro, ouvirlle falar do seu concepto da coor e da liña, porque, pra que quede ben craro dunha vez, a Colmeiro hai que o aliñar de xeito definitivo coma pintor conceptual, á maneira do gran Cézanne. Frente de tanta imaxinación rebordante, frente de tanto xenio intuitivo de alardes estravagantes, Colmeiro escolle o camiño oposto: o do continuo labor cotián, pintando e repintando sobre das mesmas telas até que a súa propia esixencia queda temporalmente satisfeita.

Paisaxes, feiras de Galicia, esceas de traballo rural, pescadores, bodegóns e sempre o mesmo misterio branco filtrando as coores. Porque si na súa paleta destacan os verdes da súa terra natal e os laranxas e azús dos seus soños cromáticos, é no branco onde a configuración do seu arte atingue o seu meirande esplendor.

O propio Colmeiro descríbenos o seu xeito de pensar encol do dibuxo con estas palabras: "Coido que ao dibuxar pártese de calquera liña, como na pintura pódese partir de calquera coor. Todas as liñas son boas si se afirman, si se ordean. Ao emprincipiar a dibuxar sobre dunha superficie, as liñas xurden sin ún saber cómo; en realidade, os ollos devolven as liñas que foron recollendo no seu mirar, e o curioso é que, trasformadas noutras diferentes que nos sorprenden asegún van nacendo. Esta irregular diversidade, este acento imprevisto ao nacer pode ser unha proba da súa autenticidade.

E esa é de forma crara a actuación pictórica e dibuxística de Colmeiro: Unha verdadeira manifestación impensada de autenticidade.

PINTURAS DE SOLANA EN GALICIA

No "Museu Carlos Maside", esa xenerosa creación de Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo en camiño de ser —éo xa— un centro cultural da meirande importancia, fíxose dende o 20 de outono ao 20 do mes de Santos unha esposición de óleos do pintor Gutiérrez Solana.

Os cadros —somente nove—, propiedade de tres ilustres galegos. don Álvaro Gil Varela e os doutores Rof Carballo e García-Sabell, foron a primeira

mostra da pintura de Solana presentada en Galicia.

No catálogo da esposición di Seoane que a pintura de Solana é máis que outra ningunha unha pintura ilustrativa, convertidora da realidade en estampas literarias. Sinala que se trata dunha descrición con "pelos y señales". De tal xeito, a pintura de Solana nona podemos entender como unha interpretación proposta; de certo, o pintor non quería facer ésto, que emparellaría unha intención máis: adoutriñar, moralizar, reformar. Non, o que facía era amosar, sinalar co dedo. E o dedo apuntaba a unha vida tristeira, miserenta, chea de presións, e, máis que con poucas aspiracións, con poucas esperanzas nun vivir digno e ledo. Pintóu un estado de inseguridade, de anguria, sen pulos redentores nin confortadores pra un futuro. Trátase somente dunha pintura de testemuño, e que, por sair dunha mentalidade individualista —por outra banda a da súa época— non chega a se dirixir á colectividade; poisque tampouco o pintor chega a ollar a necesidade, nin a forza resolutiva désta. Porén, será tal característica a facilitadora do seu acollemento hoxe como "ouxeto artístico" —ouxeto dun comercio ben valorado. Pero deixemos escrito que o individualismo e a aceda visión que tiña do mundo o home José Gutiérrez Solana, era o camiño máis doado pra a inactividade e o silencio. Nembargante non caéu neste foxo o pintor Solana, e eso ven ser xa toda unha xustificación da súa pintura.

Si non esquecemos que Solana nacéu no 1866, pescudaremos que temos unha visión moi persoal do seu arte. Solana pintaba "como lle petaba", que dixo Sotomayor, según Seoane. A Solana déronlle no ano 1922 unha "Primera Medalla". O artista, primeiro aluno da "Escuela de Bellas Artes", e logo constante participador das "Exposiciones Nacionales de Bellas Artes", debéu ter unha teima parella á de Monet. O pintor finóuse no 1947, e despóis de morto —novo Cid gañando batallas— consigue unha "Medalla de honor"; e érgueselle un algo apresurado panteón coas mesmas pedras do muro que en vida servíu pra o afastar un pouco —non compría esaxerar— das xentes de bó gosto, poisque as mesmas habían conseguir logo con grande gasto o seu Solana: pero é que os tempos son favorecedores do masoquismo. Coa axuda dos españoles que aman a España máis que a todas as cousas, conqueríuse acordar a temática e ouxetivos de Solana coa realidade que dexergamos e nos arrodea. A Solana púxoselle o nimbo de pintor da Raza: a raza mística, ferreña, ascética. As procesións, as máscaras, os burdeles, toda a podremia, vermes e ósos da súa dramática documentación, pasaron a ser amosas dunha etnoloxía preñada de teoloxía.

Namentras, os cadros poden agardar, indefensos, o pó dos museus, que se ha deixar cair mainamente a moreas pra soterrar toda socioloxía.

INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA

Ademáis da publicación do *Gallego* 1, tan ben acollido polo público que xa está en curso a segunda edición, o Instituto ven ocupándose da preparación de textos escolares axeitados aos novos plans do Ensino Xeral Básico e, polo mesmo, á realidade escolar galega.

Tamén traballa o Instituto na elaboración do *Gallego* 2, segundo dos tres libros de que constará o método completo. Con este fin, trata de establecer con certa aprosimación o vocabulario máis corrente do galego común sobre un conxunto de cincocentas palabras. Prosigue así o interesante labor de preparar e difundir instrumentos idóneos para o estudo —e para o ensino— da nosa lingua.

Ademáis deste laborío preparatorio de textos, o Instituto inicióu co actual curso académico un seminario de lingüística galega, no que alternan temas de lingüística xeral, que ven despertando vivo interés nos medios interesados por estes problemas e que de certo contribuirá a un fecundo intertroque de ideas e puntos de vista, así como informativo, que se botaba moito de menos na nosa vida cultural.

FINÓUSE YORGOS SEFERIS

Neste outono finóuse Yorgos Seferis, poeta grego, premio Nobel de Literatura no ano 1963. Nacera na cidade xónica de Esmirna. Vivíu fora de Grecia, en París, en Londres, en Beirut... e, coma Ulises, tamén retornóu a Itaca, descobrindo o mundo pra millor descobrir a pequena illa, que non era xa tal, senón eso que se chama a Hélade, e que é aínda máis que a Grecia, que é un cosmos.

Seferis escribíu ao comezo unha poesía na que influíu especialmente Mallarmé, e despóis Valery. Pero quen lle abríu novos horizontes foi a poesía de Eliot, a poesía de "The Waste Land".

No feixe de poemas *A cisterna* xurde, apaixoado, o amor da patria, da terra recobrada, reconocida cos dedos da ialma e do corpo, cos ollos, co cheiro, cos pes, despóis dunha longa ausencia. Ulises ten un novo fogar naquela terra cercada por cadeas de montes, unha terra probe, pero que saber agardar como unha nai soñadora o parto, a hora feliz da primavera.

No derradeiro libro do poeta, o tema dominante é o do retorno: volven a un tempo Ulises e Seferis, unha guerra fica atráis —a eterna guerra de Troia—, e hai que traballar na casa, poñerlle novas trabes, retellala, adeprender a acender o lume... E no fondo, unha pregunta patética: ¿A Grecia de hoxe pode continuar a Grecia antiga? Seferis dixo non, denantes de morrer, aos "coroneles". A Grecia que el soñaba, á sombra dun plátano, escoitando os grilos e os reiseñores na campa de Orfeo, sentido a presencia das grandes sombras homéricas, e na mar maxinando flotas con ventos en popa lumiosos, a Grecia dialogante, a Grecia da traxedia e de Platón, a Grecia súa, nada tiña que ver coa que lle era ofrecida agora mesmo en Atenas.

POESÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA

Nun dos derradeiros números do "Diario de Noticias" de Lisboa, na súa páxina de "Artes e letras", o xornalista Antonio de Oliveira Coelho pubrica un traballo sobre da poesía galega contemporánea, acompañada dunha escolma da mesma: Carballo Calero, Pimentel, Cunqueiro, Guerra da Cal, Novoneyra... No mesmo número, Mario de Oliveira escribe sobre "Rosalía de Castro e o Pórtico da Gloria".

Oliveira Coelho preocúpase especialmente do movimento anovador da poesía galega dende Manuel Antonio e o seu *De catro a catro,* poeta ao que adica párrafos crarexadores encol da súa concepción poética.

"Este rápido resume —di o autor do traballo— pretende, com os poemas publicados, mostrar ao leitor português a variedade de tendências líricas da Galiza, interessando-o por uma poesia que na essencia está bastante próxima da nossa sensibilidade... Que estes fragmentos líricos conduzam a um melhor e mais eficiente conhecimento da literatura galega é o nosso desejo, tanto mais que se asiste actualmente a um renovo da referida literatura, quer na poesia quer na prosa, que indicia uma fecunda renascença artística de grande projecção espiritual."

MUSEU CARLOS MASIDE

O Museu Carlos Maside ven desplegando unha importante actividade artístico-cultural, ora organizando esposicións de grandes artistas, como a de grabados de Picasso e Miró ou a de óleos de Solana; ora celebrando conferencias sobre temas artísticos, como as dúas de Corredor Matheos sobre cerámica, a de García-Sabell sobre Picasso, a de Otero Pedrayo sobre Castelao e a de Enrique Azcoaga sobre Solana; ora preparando unha serie de publicacións, algunhas das cales sairán de inmediato.

De proseguir esta actividade inicial, o Museu Carlos Maside acadará axiña —ademáis da importanza que ten para o conocemento panorámico da pintura

galega contemporánea—, unha relevante significación na vida cultural do noso país, sobre a que non tardará en exercer unha positiva influencia docente. Deste xeito convertiráse en escelente exemplo do que poden facer os museus pola difusión da cultura artística ademáis de espoñeren o seu propio patrimonio.

CENTENARIO DE ÁLVAREZ LIMESES

O día 10 de Nadal cumpriránse os cen anos do nacemento do ilustre pontevedrés, D. Xerardo Álvarez Limeses, quen durante moitos anos exercéu o cárrego de Inspeutor do 1.º ensiño nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra sendo Xefe nesta derradeira.

Álvarez Limeses, da mesma edade e aficións literarias que Said Armesto, fundóu con el aos catorce anos unha sociedade literaria chamada "Los amigos del Progreso" e con Enrique Labarta redactóu o "Extracto de Literatura" e "Galicia Moderna".

Estudióu Dereito en Santiago, carreira que non exercéu e foi poeta inspirado e de gran sensibilidade, moi bon orador e escelente conferenciante. Concurríu a moitos certames poéticos conquerindo máis de cincoenta premios.

Deixóu pubricados varios libros de versos en castelán, ún sobre a lenda de Santa Trahamunda, numerosos escritos de carácter pedagóxico e o tomo adicado á provincia de Pontevedra, da *Geografía de Galicia* editada pola casa Alberto Martín, de Barcelona.

En galego publicóu o libro de versos *Antre dous séculos*, con prólogo de Castelao, que erá o tomo primeiro das súas Obras Completas, deixando abondosa obra inédita.

Desenrolóu unha importante laboura pedagóxica ao frente da Inspección de Pontevedra creando as primeiras Colonias Escolares que houbo no seu tempo en Galicia.

Temos noticia de que se conmemorará o primeiro centenario do nacemento de Álvarez Limeses con varios actos, e xa está anunciado o que se celebrará no Centro Gallego, de Madrid, o mesmo día 10 de Nadal no que nacera o esgrevio pontevedrés.

J. R. F. O.

NOTAS

NA noite do 27 de setembro deste ano finóuse o escritor brasileiro José Condé. A grande figura das letras do seu país mantivo voltados os ollos durante a súa vida toda cara as cousas do Brasil, cara a súa terra e as súas xentes, nun constante amor e nunha vixiante tenrura. No intre do seu pasamento, a literatura brasileira perdía un elemento que moito fixo por ela, tanto nos eidos da criación como no terreo da divulgación. A Academia Brasileira das Letras adicóulle un sentido homaxe ao escritor desaparecido. Enalteceron a súa obra Josué Montello, Peregrino Junior, Barbosa Lima Sobrinho e Aurelio Buarque de Holanda.

DI de "A Mamá Repertory Theatre" a súa fundadora, Ellen Stewart: "É un club de teatro esperimental adicado ao dramaturgo e a todos os aspectos do teatro". Na súa aventura teatral —ten xa sucursáis en Baltimore, Bogotá e Londres— Ellen Stewart quixo, denantes de nada, eliminar o afastamento antre escea e platea pra estabelecer así un vencello máis direito antre os actores e o público. Suscita deste xeito, asegún afirma, unha meirande participación antre a sala e a escea, unha sensibilidade recetiva máis aguzada, máis alerta. E engade: "Temos un público apaixoado polo teatro. Non acuden a nós en percura de emocións ou *shocks*, sinón empurrados por un xenuino interés".

ANN Jellicoe, conocida pola súa peza *The Knack*, desfai coas súas obras todo intento de clasificación. Despois de escribir comedias tan diferentes como a mencionada e *The Sport of My Mad Mother*, ten pubricado unha biografía escénica de Shelley; e agora unha peza de amábel e ás veces dahondo locuaz sin senso. O seu tiduo é *The Giveaway*, que non tivo ésito cando se estrenóu en Londres, no 1969, pero cuia leitura amosa aspectos interesantes. Describe o que ocurre cando nunha casa suburbá de familia reciben un grande cargamento de cereal, pra dez anos, que ganóu nunha competición un dos persoaxes.

A REVISTA *Colóquio-Letras*, que dirixen Hernani Cidade e Jacinto do Prado Coelho, inxire no seu número 3 un interesante sumario. Colaboran os ensaístas Haroldo de Campos, María Filomena Vargas, Wilson Martíns e Fernando Guimarães. Figura tamén nas súas páxinas un inédito de Graciliano Ramos e un conto de María Ondina Braga. Ademáis de varias composicións poéticas, reproduce Notas e comentarios e unha sección de crítica de libros portugueses, brasileiros e galegos. Basilio Losada ocúpase de comentar estes derradeiros, ofrecendo aos leitores da revista unha crítica de *A esmorga* de E. Blanco-Amor, e outra das *Prosas galegas* de Cuevillas.

DE Robert Lowell, un dos máis importantes poetas norteamericanos dos nosos días, publicóuse a súa adaptación de *Prometeo encadeado*, de Esquilo (*Faber and Faber*). Dende os seus primeiros poemas, Lowell ten sido, en certo xeito, un escritor dramático, rasgo que aquí se pon de manifesto con frecuentes acertos. Nembargante —apunta o crítico do Suplemento do "Times"—, "hai algo profuso e elaborado", certa superabundancia intelectual que é o oposto ao dramático. *Prometheu Bound* estrenóuse este ano no teatro Mermaid, de Londres.

INAUGUROUSE en Viena un Museu na casa onde Sigmund Freud intalara o seu consultorio. Alí están o seu gabinete de traballo, a sáa de espera, reacondionados no estilo da época, e unha biblioteca. O único que falla, porén, é o sonado sofá no cal se tendían os pacentes do fundador do sicoanálise pra falar libremente de sí mesmos. Atópase no departamento londinense da súa filla Ana, quen deica agora negóuse a regresar a Austria. A criación do museu débese aos esforzos da Sociedade Sigmund Freud.

EN New York, no auditorio do museu Guggenheim, vaise presentar "o teatro líquido" en memoria de James Joyce. ¿De qué se trata? O asistente á representación debe, denantes de entrar na sáa, "abdicar da súa libertade individual", e pasar por un "laberinto sensorial", onde o espectador é sometido a unha posta a punto previa. Trátase dun "entrenamento" de tacto. "Cada espectador debe camiñar, cos ollos pechos, por un laberinto, onde é tocado, aloumiñado, batido, lido en "braille", empurrado, alimentado, apertado, depenicado, anainado, e ao cabo bicado por un home e por unha muller". Esto di Lance Larsen, un dos fundadores do "Teatro líquido".

DENDE fai tres anos, o número de candidatos á próba de bretón no bachilerato francés non deixa de aumentar nos distritos universitarios de Rennes e de Nantes: 180 no 1969, 455 no 1970 e 774 neste ano. "Emgleo Breiz", a fundación cultural bretona, felicítase delo; pero láiase de que o Ministerio de Educación Nacional "negue os créditos precisos para a retribución dos profesores e para a formación de novos mestres". O ministerio di que se trata dun ensino "opcional", e que os diñeiros de que dispón van todos ás materias obrigadas e fundamentáis". Pero os parlamentarios bretóns piden créditos para o ensino do bretón, e coidan que os outerán no prósimo presuposto.

O POETA francés Yves Bonnefoy, un dos meirandes do seu país na actualidade, recibíu recentemente, polo conxunto da súa obra, o Premio dos Críticos. Aos corenta e oito anos, Yves Bonnefoy ten escrito tres libros de poemas e tres obras de reflesións encol da poesía, a linguaxe e a pintura. Del dixo Alain Bosquet: "Presaxios, presciencias, intres moi longos de benestar, comunión sin común denominador: é toda a delicada catedral laica deste sacerdote do indecíbel finalmente espresado".

CARLOS Lobo de Oliveira, publica un traballo que se refire á "Nau Catrineta" e os poetas portugueses modernos, emprincipiando por Antonio Nobre... O simbolismo de "Nau Catrineta" —di Lobo de Oliveira—, o seu drama, a súa poesía pura non deixaran encantar e confinar na pura liña melódica do romantismo. Ela trascende o episodio marítimo, que podería terse limitado a unha simples narrativa ou reportaxe poético, trasfórmase nun símbolo vivo de todos os tempos. João de Lebre e Lima, João Cabral do Nascimento, non foron indiferentes ao tema de "Nau Catrineta", "a Nau do Vendaval", o mesmo que Afonso Lopes Vieira, "que escoitóu —engade Lobo de Oliveira— somo ningún outro poeta a voz dos buzios e o susurro do Pinhal do Rei, onde se cortaran as madeiras para as Naus da Aventura".

ÍNDICE DEL TOMO IX

Xaneiro - marzo, abril - xunio
Xulio - setembro, outubro - decembro

1971

	N.º	Páx.
Achcar, Francisco		
Trad. de "Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Códax	34	392
Alcalá, Xavier		
O Estudante, Apuntes pra un romance	33	303
A (rías) L (ópez), V (alentín)		
"O Cabaliño de buxo"	33	372
Avilés de Taramancos, Antón		
10 Poemas	31	67
Barro, María Teresa, e outros		
Plan pedagóxico galego	32	202
Beiras, Xosé M.		
Estruturalismo e cencia económica	31	1
"El espacio regional en el desarrollo económico de España"	32	243
"A crisis da universidade europea"	32	246
"Descripción económica del Reino de Galicia"	34	501
Bowles, Paul		
A hiena	31	77
Cambre Mariño, Xesús		
Unha xeira nova. Os movimentos de rexionalización nos vellos estados europeos	32	163
Caneda, Carmen		
Unha nota de leitura: "Os Vellos non deben de namorarse", de Castelao	33	339
C (arballo) C (alero), R (icardo)		
"Arredor de sí"	31	115
"Auto das regateiras"	34	498
Carro, Xavier		
"Colección de voces y frases gallegas, por Fr. Martín Sarmiento"	33	367

	N.º	Páx.
Crespo Pozo, Xosé S.		
Á Biblia medieval portuguesa compre chamala galego-portuguesa	31	95
Cunqueiro, Álvaro		
O viaxe a Galicia	31	109
Compostela	33	351
Dónega, Marino		
Un home, unha aventura, un tempo: Fernando Osorio do Campo	33	333
Durán, Carlos		
A Vixilia da Razón	31	81
Trad. de "A terra da despedida"	32	175
O pensamento lateral do doutor E. de Bono	34	430
Felpeto Lagoa, Matilde		
Arredor de "Merlín e Familia"	33	358
Fernández Jiménez, M.ª Xosé		
Lendo as "Prosas Galegas" de Cuevillas	34	486
Ferreiro Alemparte, Jaime		
Fuentes germánicas en las "Cantigas de Santa María", de Alfonso X el Sabio	31	31
Vinculación literaria de dos escritores gallegos en castellano: doña Emilia Pardo Bazán y don Ramón del Valle-Inclán	34	410
Franco Grande, X. L.		
"Historia de Monforte y su Tierra de Lemos, I"	31	120
"Historia de Monforte y su Tierra de Lemos, II"	34	504
Fuentes, Víctor		
La aparición del proleteriado en la novelística española: Sobre "La Tribuna" de Emilia Pardo Bazán	31	90
Garcia, Constantino		
Orixen e problemas do Método de galego	32	129
García Bodaño, Salvador		
Noticia de Avilés de Taramancos	31	63
García Rodríguez, M.ª do Carmen		
"O Porviso"	33	355
García-Sabell, D.		
Carta a Álvaro Cunqueiro	34	474
González López, Emilio		
A Guerra da Independencia en Galicia. A insurreción rexional galega e as Xuntas do Reino de Galicia	33	257

	N.º	Páx.
González Gómez, Xesús		
Trad. de "Unha tempada no inferno"	34	453
González Reboredo, Xosé Manuel		
Folklore dos Castros do Incio	31	21
Graínzos, Abel		
"Sempre matinando"	31	119
Grande, Félix		
Weiss, Marat e Sade	32	235
Iglesias, Xosé		
A terra da despedida	32	175
Jakobson, Roman		
Carta a Haroldo de Campos sobre a textura poética de Martín Códax	34	392
López Facal, Paz		
Tamén hai lobos tristes	31	74
Lorenzana, Salvador		
O mundo de Michel Butor	31	111
"A vontade de estilo na fala popular"	31	122
Encol do Seminario de Estudos Galegos	32	231
Leendo a Kafka	33	264
Trad. de "Un rosto pra François Villon"	33	333
"Adiós, María"	33	364
"Galicia, guía espiritual de una tierra"	33	373
Losada, Basilio		
"La depresión cultural gallega"	31	117
"Os biosbardos"	33	368
"Pensamento e sementeira"	33	376
"Idioma é Prejudici"	33	378
"Villardevós"	34	499
Mallo, Antonio E.		
Contribución á bibliografía de Valle-Inclán. Data do seu segundo viaxe a Madrid	33	343
Marco López, Aurora		
Estudiosos da lingua. Don Manuel Rodríguez Rodríguez	31	84
Martínez López, Xosé		
Nova ollada aos Cancioneiros	34	385
Miramontes Nieto, Isabel		
Notas sobre a muller nas "Cousas" de Castelao	32	222
Misiego, Micaela		
As orixens vikingas do Príncipe Hamlet, III	32	142
As orixens vikingas do Príncipe Hamlet, IV	32	399

	N.º	Páx.
Montezuma de Carvalho, Joaquín		
Elogio do escritor galego Ernesto Guerra Da Cal	31	104
Moura, Carlos Francisco		
O galego Pero Díez, um dos primeiros europeus que descreveram o Japão	34	481
Odriozola, Antonio		
Cuadro Sinóptico de los cuentos y novelas cortas de Valle-Inclán recogidos en libro	32	211
Penas, Anxeles		
14 Poemas	32	194
Piñeiro, Ramón		
"Separatismo e unidade"	31	113
"Saudade no bulleiro"	31	123
"Retorno a Tagen Ata"	32	238
"Un caso de lycantropía"	32	244
"Amor Ruibal, precursor do *aggiornamento*"	32	248
"Anatomía antropológica antigua del pueblo gallego"	32	249
"Gallego, I"	33	363
"El folklore en los castros gallegos"	33	371
"Xente de aquí e de acolá"	34	497
"Sobre lingua e literatura galega"	34	503
Pita, Félix		
Un rosto pra François Villon	33	323
Pozo Garza, Luz		
Poema en cinco lembranzas pra Rosalía	34	471
Ramón Ballesteros, Francisco		
Dúas historias do Alén encol da Santa Compaña	34	493
Ricón, Amado		
"Bajo la doble águila. Galicia en el reino de Carlos V"	32	239
Rimbaud, Arthur		
Unha tempada no inferno	34	453
Risco, Vicente		
Teixeira de Pascoaes na súa época	32	227
Veiga Arias, Amable		
Fonología gallega, Fonemática. El sistema consonántico, III	32	155
Villa-Amil y Castro, José		
Rodrigo Gómez: Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII	33	273
Wihttredge, Ruth		
Los libros de cuentos de Valle-Inclán. Estudio bibliógrafico	32	216

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de nuestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia,* Sociedad Anónima, como empresa editora de la presente publicación:

1 Ramón Otero Pedrayo: Presidente
2 Domingo García-Sabell: Vicepresidente
3 Sebastián Martínez-Risco: Vocal
4 Antonio Fernández López: Vocal
5 Jesús Ferro Couselo: Vocal
6 Agustín Sixto Seco: Vocal
7 Emilio Alvarez Blázquez: Vocal
8 Jaime Isla Couto: Consejero-Delegado
9 Angel Cuiñas García: Secretario

Asimismo, se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el precepto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A., fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario don Miguel Hoyos de Castro, con el núm. 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	70	ptas.
Estranxeiro	85	"
Suscrición anual, 4 números ..	240	"
Estranxeiro	280	"

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres "ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A."
Burgos, 96 (interior) - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA.SA

Esta edición facsimilar
da revista GRIAL,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988